GRIAL

115

XULLO, AGOSTO, SETEMBRO

TOMO XXX / 1992

AMÉRICA: DESCUBRIMENTO E OLVIDO

HERNÁN NEIRA:
A difícil latinidade de América Latina.

JOSÉ ANTONIO FERNÁNDEZ MORENO:
América Latina: un novo "Canto General".

ENRIQUE LYNCH:
O descubrimento como ensaio xeral.

HERNÁN NEIRA:
É como se vivisemos a fin da modernidade. (Entrevista con Alain Touraine a propósito do 5.° Centenario).

XOSÉ M. NÚÑEZ SEIXAS:
Inmigración e galeguismo en Cuba (1879-1939).

XOÁN GONZÁLEZ-MILLÁN:
Galván en Saor. Un exercicio de esquizofrenia narrativa.

MANUEL TABOADA:
Algúns aspectos da Política Lingüística Galega.

XOSÉ VICENZO FREIRE LESTÓN:
Aproximacións a un estudio da vida cotiá da muller labrega na Galicia contemporánea (1868-1930).

GRIAL

115

XULLO, AGOSTO, SETEMBRO

TOMO XXX / 1992

Director:
CARLOS CASARES
Secretario de Redacción:
XOSÉ MANUEL SOUTULLO
Consello de Redacción:
XAN BOUZADA, XAVIER CASTRO,
CARLOS FERNÁNDEZ, GUSTAVO ADOLFO GARRIDO,
MODESTO LÓPEZ BOUZAS, HENRIQUE MONTEAGUDO ROMERO,
MANUEL RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, DAMIÁN VILLALAÍN
Deseño: M. JANEIRO
EDITORIAL GALAXIA, S. A.
Redacción, suscrición e distribución:
Reconquista, 1. 36201 VIGO. Telfs.: 43 21 00 - 43 32 38. Fax: 22 32 05
Imprime: A. G. GALICIA, S. A., Segovia, 19 - VIGO

ISSN: 0017-4181 / DEPÓSITO LEGAL: VG-99-1963

Esta revista é membro de ASEI (Asociación de Revistas Culturales Españolas)

AMÉRICA: DESCUBRIMENTO E OLVIDO

317 HERNÁN NEIRA: A difícil latinidade de América Latina.
323 JOSÉ ANTONIO FERNÁNDEZ MORENO: América Latina: un novo "Canto General".
333 ENRIQUE LYNCH: O descubrimento como ensaio xeral.
341 HERNÁN NEIRA: É como se vivisemos a fin da modernidade. (Entrevista con Alain Touraine a propósito do 5.º Centenario).
350 XOSÉ M. NÚÑEZ SEIXAS: Inmigración e galeguismo en Cuba (1879-1939).
386 XOÁN GONZÁLEZ-MILLÁN: *Galván en Saor*. Un exercicio de esquizofrenia narrativa.
403 MANUEL TABOADA: Algúns aspectos da Política Lingüística Galega.
418 XOSÉ VICENZO FREIRE LESTÓN: Aproximacións a un estudio da vida cotiá da muller labrega na Galicia contemporánea (1868-1930).

431 LIBROS:
KATHLEEN N. MARCH, SILVIA GASPAR, Mª CAMINO NOIA, ANA ISABEL BOULLÓN AGRELO, ISABEL VAQUERO.

443 TEATRO:
DAMIÁN VILLALAÍN.

447 A CULTURA NO MUNDO:
GUSTAVO A. GARRIDO.

451 ÍNDICE DE COLABORADORES

A difícil latinidade de América Latina

Hernán Neira

Os latinoamericanos utilizamos o termo Latinoamérica para nos sentir membros dunha unidade xeográfico-cultural de existencia bastante discutible. Crémonos, daquela, máis americanos, máis nacionalistas e máis anticolonialistas, sen nos decatar de que dese xeito satisfacemos un concepto e mais un proxecto extracontinental. Desde 1492 mírase o Novo Mundo como quen mira un drama de máscaras cun guión predefinido e no que se reúne, baixo o nome de Latinoamérica, o que na vida diaria é unha multitude de caracteres irreductibles e imposibles de identificar soamente coa latinidade, ou coa mestizaxe, ou co indixenismo.

América "Latina" non é unha. A mestizaxe non se aplica, nin cultural nin bioloxicamente, do mesmo modo a México que a Chile ou a Uruguay, sen esquecer Quebec nin os sete estados de Estado Unidos que son máis "latinos" ou indíxenas que anglosaxóns. "Latino"-América, pola súa variedade cultural, polas súas diferencias xeográficas e mais pola multiplicidade de orixes que nela conviven (e ás veces malviven) non é reductible a unha unidade conceptual, aínda que si o sexa a unha unidade lexicográfica. Mírese por onde se mire, "Latino"-América, e tal vez América enteira, resulta irreductible a un único modelo, a unha única unidade, que non por iso deixa de ser, quizais, politicamente conveniente. Nada tan grave na actualidade, daquela, como querer abranguer toda "Latino"-América nunha *única* esencia, ben sexa latina, hispánica, mestiza ou indíxena.

Todo isto resulta evidente ó analizar as posicións ás veces contradictorias que os países "latino"-americanos tomaron respecto ó 5°

Centenario. Uns "celebran" o "descubrimento e a evanxelización de América", pasando por alto, quizais de modo insultante para os descendentes dos nativos, o xenocidio indíxena, mentres que outros "conmemoran o encontro de dous mundos" e insisten en que "Latino"-América é tamén Indoamérica. Paralelamente, non faltan os indiferentes ou os que, desde posicións máis radicais, consideran que a palabra "encontro" é un eufemismo neocolonialista destinado a velar un simple xenocidio.

Hai, na actualidade, quen sostén, dentro e fóra do continente, que Latinoamérica segue a compartir a inmadurez, a sentimentalidade e a emotividade que lexitima a tutela económico-ideolóxica coa que algúns países do norte queren "educar" ós do sur. Trátase dunha nova forma de colonialismo cunhas orixes que se remontan a 1492. Entre os españois, só Francisco de Vitoria escapa a ese paternalismo ó ver nos pobos amerindios nacións soberanas, verdadeiras *sociedades* capaces de autogoberno e, daquela, de lexítima resistencia ó ocupante. Máis tarde, desgraciadamente, moitos dos patriotas latinoamericanos non compartiron esta opinión. Impregnados das lecturas de Montesquieu e mais de Rousseau, herdaron a teoría de que os pobos do norte — xermanos e anglosaxóns—, son pobos de sangue frío e de razoamento severo que viven e se rexen mediante leis estrictas, maduras e responsables. Pola contra, os pobos latinos, que habitan as rexións do sur, próximas ó mar Mediterráneo, e en xeral os pobos indíxenas que se supón que viven nas rexións cálidas de América, viven inorganicamente e expresan os seus sentimentos, conforme Rousseau e Montesquieu, sen mediacións nin censuras. De aí que utilicen linguas melódicas e cantareiras próximas á inmadurez do impaciente e inorgánico berro dun neno.

Resulta paradoxal que "Latino"-América sexa concebida dese xeito, aínda hoxe, por moitos estadistas e intelectuais latinoamericanos. Ás veces mesmo se esixe, para que un escritor ou un investigador sexa considerado "latino"-americanista, americanófilo ou simplemente latinoamericano, que trate unicamente de "Latino"-América, que se esqueza do resto do mundo e describa calores tropicais ou personaxes que expresen de forma inmediata os seus sentimentos. Sen embargo, ese tipo de nacionalismo, que esixe ós norteamericanos restrinxirse ó americano, vén sendo unha forma elegante de ocultar o etnocentrismo europeo. En realidade, isó é exactamente o que se conforma con algunhas editoriais e un público europeo ou europeizante que se forma na idea de que América se divide nunha Norteamérica civilizada e unha "Latino"-América salvaxe que, en realidade, endexamais acadará a "madurez". Para moitos pensadores latinoamericanos, "Latino"-América continúa posuíndo un dobre herdo de primitivismo, que provén, por unha parte, dos pobos amerindios e, pola outra, dos pobos

do sur de Europa, españois, italianos e portugueses. ¿Non se di aínda hoxe que "Latino"-América produce tan bos poetas e novelistas como escasos filósofos, ou que nela nacen excelentes caudillos pero a penas hombres de estado?

Durante as últimas décadas, parecía moi conveniente reivindicar unha América latina contra unha América anglosaxona e contra a cada vez maior influencia dos Estados Unidos. Sen embargo, con este termo, a esquerda e mais a dereita esquecen que o latino exclúe ó indíxena e ó negro. Por outra parte, a idea de Latino-América orixínase durante o réxime de Napoleón III, quen entre 1861 e 1867 participou militarmente en México para substraer as antigas colonias españolas á cada vez máis poderosa influencia inglesa. Daquela propúxose constituír unha entidade que agrupase os pobos latinos, é dicir, os americanos descendentes xenética e lingüisticamente dos españois, dos portugueses e dos italianos. Baixo hexemonía francesa, tratou de constituír unha América que non fose nin hispánica nin anglosaxona. Esta idea tivo unha dispar acollida, aínda que o tempo inclinou a balanza ó seu favor. Sen embargo, no resto de Europa, en particular en España e en Alemaña, este termo foi rexeitado violentamente. En "Latino"-América, aínda que por motivos diferentes, a boa acollida que deron ó concepto certos estadistas e pensadores atopou a oposición dalgúns intelectuais conservadores. Nos tempos actuais, o moito insistir na "latinidade", ignorando a orixe do concepto, pode ser un modo tan exquisito como inconsciente de proclamar o prentendido carácter irreflexivo e infantil de "Latino"-América.

Todos somos inmigrantes de "Latino"-América, desde o coreano que acaba de chegar a Paraguay ou a Chile ata o primeiro pobo amerindio. As sucesivas chegadas de pobos nativos houberon tamén, nalgúns casos, de abrirse camiño mediante guerras. Certo, elas non son comparables ó exterminio masivo de culturas e pobos levado a cabo polos europeos. Non se debe confundir o loitar polo dereito a vivir cando un é empuxado desde Asia, ou desde Europa, quizais pola fame, co loitar por impoñer unha forma de vida allea, e apoderarse de terras que un non é quen de explotar de seu. Non embargantes, as responsabilidades que pesan en relación á poboación indíxena, na actualidade, recaen máis sobre certas nacións crioulas que sobre as antigas metrópoles. Máis que xulgar penalmente ós nosos avós, debemos reler moralmente a historia para extraer as leccións do que *non* se pode seguir facendo. Non é ós devanceiros ós que se lles pode pedir reparo, senón a calquera, no norte ou no sur, que siga cometendo abusos, discriminando ou negando as condicións mínimas de subsistencia a calquera dos pobos "latino"-americanos, e en particular ós indíxenas.

En moitos aspectos, a consciencia reflexiva máis "propia" de América "Latina" é aquela que lle vén da disgregación e da "exterio-

ridade": a exterioridade coa que se concibe a si mesma é unha das marcas fundamentais da súa interioridade, e isto desde o momento mesmo no que "Latino"-América comeza a existir. Diaspóricas, as súas raiceiras repártense entre as irreductiblemente distintas tradicións indíxenas. A isto hai que agregar o aporte da poboación africana e, durante o século XIX e principios do XX, as deceñas de millóns de inmigrantes europeos. Sen embargo, o italiano desembarcado en Bos Aires perde todo lazo co de Santiago, co de Río ou de Nova York, ata o punto de desenvolver linguas e culturas distintas, sen por iso deixar de ser americanos e latinos, é dicir, latinoamericanos. "Latino"-americanos, si, pero tampouco a inmigración europea, previa ou posterior á independencia, dá lugar a unha "Latino"-América unitaria. "Latino"-América constitúese, no máis íntimo, por medio da tráxica aculturación dos pobos nativos e a sucesiva transformación e disgregación dos inmigrantes. Quizais hoxe a transformación de mentalidades estea perdendo o pouco que lle queda de latinidade e mais de indixenismo para adquirir a cambio un tipo moi particular de unidade. A "unificación" mental de "Latino"-América que se está a levar a cabo, segue o modelo de certos programas televisivos. Nada tan cotián, nada tan angustiante e "autenticamente" "latino"-americano, como ver, no continente, o monopolio case exclusivo que exerce a televisión. Na máis afastada aldea indíxena, no máis pobre dos suburbios ou no máis rico dos arrabaldes, as series de máis audiencia son as do tipo *Dallas* ou as das súas degradadas imitacións crioulas. En "Latino"-América, préstase máis atención ós partidos de polo dun distante príncipe británico ou ós amores dunha princesa europea supostamente infeliz que ó exterminio que sofren algúns indios brasileiros.

Se isto ocorre na chamada "cultura popular" ou "cultura de masas", branca, mestiza ou indíxena, nada máis auténtico, tampoco, en moitas élites intelectuais latinoamericanas, que ler *Ulysses*, non de Homero, senón de James Joyce, antes que as tradicións indíxenas ou a literatura clásica española. Heidegger, que é xermano e non latino, foi traducido antes en Bos Aires que en Madrid ou en París, e a psicanálise foi moito mellor acollida en certos países de "Latino"-América que en España ou mesmo que en Austria, o seu lugar de nacemento.

"Latino"-América é unha terra esencialmente aberta, e esa apertura forma parte da súa propia identidade: as súas raíces son centrífugas, intra e extracontinentais. Pero se "Latino"-América é centrífuga e aberta, se falta nela a unidade tan querida (e quizais tan necesaria), se se mira como cultura inofensiva e infantil, non se debe só ó feito de que fose pensada desde fóra nin que se atope nunha etapa infantil cun modelo de adulto que é Europa. Os primeiros americanos distribuíron as súas *civilizacións* por terras inmensas, desde hai máis de trinta mil anos, e desenvolvéronse de forma dispersa en comunidades relativa-

mente illadas. A súa forma de poboamento consistiu esencialmente, desde o primeiro home que atravesou o estreito de Behring, en sucesivas bandadas de xentes, máis ou menos heteroxéneas, entre as que quizais haxa tanta separación temporal, e ás veces cultural, como a que poida existir entre Erik o Roxo cando desembarcou en Canadá e Cristóbal Colón ó desembarcar nas Bahamas. Esa disgregación, ese saber que se vive en medio de culturas distintas é un rasgo da vida indíxena e da apertura esencial que demostraron os nativos, agás excepcións, ós europeos. A referencia que "Latino"-América fai ó externo non é algo novo nin que date de 1492, senón que existía xa en tempos precolombinos. Ó emperador Moctezuma, líder dos aztecas en tempos da conquista, non o perdeu a dúbida, senón ó contrario, a confianza en presaxios e crencias tradicionais que lle esixían *devolver* pacificamente México ós *estranxeiros* que virían de Oriente. En efecto, conforme a crónica indíxena, Moctezuma di a Cortés: "Chegaches á *túa* cidade [...] chega á terra: ven e descansa; toma posesión das *túas* casas".

Conforme unha doutrina endexamais enunciada pero omnipresente nos tempos actuais, corresponde ós países do norte o propoñer concepcións globais do mundo nas que se outorga a "Latino"-América un lugar determinado, aínda que secundario, no globo. O Vello Mundo cre posuír a clave do Novo e bota sobre el as súas miradas, ben de desprezo, ben de loanza, pero case sempre sen reciprocidade. Flaubert fala de África, Humboldt de América e Marguerite Duras de Indochina, pero que non se atreva, un latinoamericano, a falar de Europa. Europa, e outras potencias, crense adultas e pretenden coñecerse a si mesmas. Por iso dan leccións a unha "Latino"-América a quen, como nos tempos da Ilustración, consideran aínda infantil. Hai quen supón o Novo Mundo demasiado novo, razón pola cal consideran arriscado, ou mesmo inútil, que se exerza alí a reflexión, a experimentación ou simplemente se decida no continente o futuro do continente. A "Latino"-América só lle está permitido o poético canto dun contorno salvaxe onde a exhuberancia afoga a tendencia a pensar.

Sen embargo, moitos prexuízos se opoñen a alterar este modo de concebila. Un deles é o de "latinidade", da unidade e da virxinidade de "Latino"-América. Virxe, algunhas metrópoles a queren, non para desposala, senón para exercer a tutela do pai. Pero "Latino"-América non é virxe, nin nova, e o seu espírito non é nin máis nin menos exaltado que o das nacións setentrionais. As guerras entre países latinoamericanos, no interior deles mesmos, a pesar de toda a súa crueldade, son relativamente escasas e pacíficas se se comparan co horror que o Vello Mundo manifesta con tan extraordinaria frecuencia. "Latino"-América non pode seguir aceptando un trato tan infantil: Arxentina, Chile e Perú son máis vellos ca Bélxica, e as disputas étnicas ou fronteirizas do Novo Mundo son un xogo de nenos compara-

das coas que existen na actualidade na vella, madura e sosegada Europa.

Ser latinoamericano non é só un mirarse ó embigo, un conxunto de lembranzas ou de historias vividas. O latinoamericano non é tampouco unha determinación do pasado, do clima e mais da terra, algo fisiolóxico que se apodere mecanicamente dos seus homes privándoos de liberdade. "Latino"-América é tamén unha perspectiva, ou máis ben unha multiplicidade de perspectivas, que poden e deben ser dirixidas, con igual lexitimidade, sobre o crioulo, o indíxena ou o mundial, sen restrinxir a súa reflexión ás fronteiras continentais. Por iso, o desafío de hoxe consiste en prestar oído á voz indíxena e en que os pobos americanos, nativos, mestizos ou brancos, sintan, pensen, dialoguen e/ou interveñan nas metrópoles do norte coa liberdade con que estas se permiten facelo nas do sur: só daquela a palabra "encontro" adquirirá a súa necesaria reciprocidade e a palabra "Latino"-América perderá así todos os seus visos paternalistas.

H. N.

América Latina: un novo "Canto General"

José Antonio Fernández Moreno

As reaccións que producen en sectores non pequenos da esquerda do noso país algúns dos acontecementos máis sobresaíntes de América Latina, poñen de manifesto a vixencia que aínda manteñen algunhas vellas e probablemente caducas representacións do continente.

Os posicionamentos adoptados polo conservadurismo de esquerdas ante a evolución de países como Nicaragua e Cuba, por unha banda, e Venezuela e México por outra, constitúen unha boa ilustración da capacidade de pervivencia do conxunto de tópicos sobre Latinoamérica acuñados durante os últimos 30 ou 40 anos. E nin o debate intelectual, nin a análise da experiencia histórica, nin os recentes cambios na orde internacional parecen ter convencido ós voceiros destes tópicos do agotamento de certas ideas e da vixencia doutras.

Chama a atención, por exemplo, a indulxencia coa que son xulgadas experiencias como a sandinista ou a cubana, o estrepitoso fracaso das cales é atribuído en exclusiva a malintencionadas inxerencias externas. Polo contrario, políticas como as seguidas polos gobernos de Venezuela e México tan só son merecedoras dos máis severos dictames, sen que sexa posible achar unha fenda por onde penetre un recoñecemento mínimo dos evidentes progresos experimentados pola economía deses dous países.

Esta unilateralidade nas análises que a nosa esquerda fai sobre Latinoamérica manifestouse con bastante nitidez nas actitudes cara ós procesos políticos recentes en Nicaragua e Venezuela. Os sandinistas ti-

ñan todos os poderes do Estado, o fervor dunhas masas entusiastas, a solidariedade da esquerda internacional e importantes apoios no antigo campo socialista. Fronte a isto, unha guerra limitada apoiada polos Estados Unidos e o bloqueo exercido por estes. O resultado de todos coñecido foi un país desfeito, no que non faltaron acusacións de apropiación de anacos do patrimonio estatal por parte dos sandinistas e mesmo unha parte da poboación que rematou por facer da vida militar a súa rutina cotiá. ¿É razoable magnificar a culpa dos Estados Unidos neste desastre, esquecendo por completo a crítica dos erros e responsabilidades sandinistas? Nos países democráticos, os gobernos adoitan ter certas responsabilidades sobre as políticas que poñen en práctica. E, de producirse situacións como a de Nicaragua, os dirixentes demiten ou son obrigados a demitir. Sen embargo, o que a óptica da esquerda occidental estima corrente para os países democráticos non o considera pertinente para Nicaragua.

Como contrapunto, vexamos o caso venezolano tomando como exemplo o recente intento de golpe de estado. A esquerda condenou o intento —un mero acto de forza corporativo coa corrupción como pretexto— pero ó mesmo tempo xustificaba a intentona aludindo ós efectos que a política de axuste económico de Carlos Andrés Pérez estaba a ter sobre as capas máis febles da sociedade. Neste caso, o subliñar a pobreza dunha parte da poboación serve para ocultar ou ignorar os aspectos máis significativos da situación venezolana, marcada por uns problemas económicos que esixen medidas inaprazables e unha fonda reforma. O que non resolve nada en Venezuela é apelar ó baixo nivel salarial, á pobreza ou ós barrios marxinais se isto non vai acompañado de propostas concretas para mellorar. Carlos Andrés Pérez deixou de lado o populismo e entrou de cheo nas cuestións económicas máis graves, adoptando decisións tan impopulares como necesarias: recorte do gasto público, equilibrio presupostario, reforma monetaria e subas de prezos. O resultado foi o regreso do crecemento económico e a contención da inflación.

Nos últimos decenios, a esquerda patrimonializou a visión e o diagnóstico da situación de América Latina. As simplificacións implícitas nas versións procedentes da dereita sobre os problemas do Novo Continente foron rotundamente rebatidas, cando non caricaturizadas, sen deixar marxe ningunha para a parte de verdade que expresaban as advertencias sobre a subversión, o preocupante avance do comunismo ou os condicionamentos étnicos da realidade sudamericana. E houbo certa lóxica nesta patrimonialización, pois a preocupación polo destino dos pobos, de todos os pobos, é unha constante no pensamento de esquerdas. Desde a humanidade única da Ilustración ó proletariado único do marxismo, os ideais forxan unha identidade transfronteiriza, universal. A esquerda séntese chamada polo que ocorre en todo o

mundo e a dimensión romántica da loita guerrilleira afianzou unha especial atracción por América Latina, acrecentada no noso caso pola afinidade cultural.

Con todo, a evolución experimentada pola esquerda europea respecto dos problemas do seu entorno non acha aínda correspondencia na súa visión da realidade sudamericana, para a que dispón dunha especie de reserva de nostalxia. A esquerda máis sensata remata facendo súas as versións que sobre América Latina administran os grupos máis cavernícolas, celosos cultivadores das descricións dun anaco do planeta no que a subcultura revolucionaria semella verosímil. O caso de Cuba é, quizais, o exemplo máis elocuente desta sorprendente mixtificación.

CUBA, ¿TRAPO OU BANDEIRA?

A experiencia cubana foi a grande esperanza dunha esquerda europea que vira truncadas boa parte das súas ilusións co descubrimento do horror estalinista. As simpatías que despertou na esquerda o desafío cubano, chantado á mesma beira dos Estados Unidos, acentuáronse ante a imaxe inicial dun réxime que lle amosaba ó mundo un rostro xuvenil e idealista e que prometía a construcción dun "home novo". Durante moitos anos a esquerda occidental pasou por alto a falta de liberdades, os privilexios das castas dirixentes, as violacións dos dereitos humanos e o culto á personalidade. Os logros sociais desculpaban os vicios antidemocráticos do réxime, pois na xeraquía de valores da esquerda a igualdade adoita estar moi por enriba da liberdade. O réxime cubano amañábase ben para desprestixiar ós seus disidentes, convertíndoos en personaxes enfermizos ante os ollos da opinión pública mundial. Os reiterados fracasos das accións anticastristas promovidas desde os Estados Unidos, agás a crise dos misís, realzaban a estatura moral de Cuba. Por mor deste enfrontamento, moi ben aproveitado polo réxime, calquera crítica a Cuba era xulgada e prexulgada como propaganda da CIA.

As cousas comezaron a cambiar cando a esquerda comprendeu en toda a súa dimensión o valor intrínseco da liberdade, abandonando a concepción instrumental da mesma. A falta de liberdade en Cuba deixou de ser un episodio sen importancia.

A caída dos réximes comunistas do Este desvelou que Cuba era unha mantida de luxo da URSS. O réxime fora incapaz de crear unha economía viable. Monocultivos, prezos políticos nas exportacións á Europa do Este, impago da débeda —mesmo da contraída con Venezuela, México e Arxentina— configuran unha situación de bancarrota económica na que as responsabilidades dos dirixentes e das políticas que puxeron en práctica resultan evidentes. E a pegada persoal

de Fidel Castro advírtese nas viraxes máis doutrinarias, como a volta atrás na introducción do mercado nalgúns eidos da economía. O réxime oculta tras a cortina de fume do bloqueo a ineptitude dun sistema e dos seus dirixentes. O certo é que Cuba pode comerciar con case todos os países do mundo e tivo tempo abondo para erguer unha economía á marxe dos Estados Unidos. As propias conquistas sociais, tantas veces esgrimidas como xustificación da dictadura, aparecen seriamente cuestionadas no contexto dun sistema económico ineficaz no que o escaso alimento material intenta ser substituído por prédicas patrióticas e antiimperialistas e no que o ensino non pode desempeñar a súa función principal, é dicir, a de servir a unha sociedade e ós homes que viven nela contribuíndo a elevar os seus niveis de vida e benestar.

NORTE E SUR, UNHA DICOTOMÍA EMOTIVA

A soa mención destes dous puntos cardinais consegue evocar toda unha panoplia de lugares comúns que sumariamente sinalan as causas e os causantes dos problemas sudamericanos.

A premisa fundamental da que se parte ó enxuizar os problemas dos países pobres ou en vías de desenvolvemento é que a súa situación é debida á conducta dos países ricos ou, á recíproca, que a riqueza dos países ricos é o resultado do esquilmo dos países pobres. Ademais, este enriquecemento ilexítimo non sería un suceso illado, senón un destino inexorable ó que se verían abocados uns e outros por causa da orde económica internacional.

A pesar do seu maniqueísmo e da súa inconsistencia, demostrada entre outras cousas polo nivel de desenvolvemento acadado polos países do Sudeste asiático, a invariable reiteración da tese antedita (a "teoría da dependencia") acabou por ter un carácter practicamente ritual e incuestionado. Esquécese ter en conta a heteroxeneidade dos países que conforman o Sur e as políticas postas en marcha polos seus gobernos. Algúns destes países, como Angola, Libia, Venezuela e México, son productores de petróleo, o que non os libera de ter moitos problemas de natureza endóxena que van moito máis alá do prezo que nun ou noutro momento ostenten as materias primas.

Cando o Fondo Monetario Internacional concede un préstamo a un país economicamente caótico, gobernado por cleptócratas, xorden as críticas ás "condicións" impostas polo Fondo, pero ninguén fala da xestión deses cartos por parte dos países receptores, nin tampouco se analiza se inciden sobre os sectores máis necesitados, nin se van servir para que ese tipo de axudas non volvan ser necesarios no futuro. O único que se fai é repetir, como nunha ladaíña, que se precisa máis axuda.

Este clima e este tipo de actitudes son consecuencia dunha simplificación teórica, convertida finalmente en doutrina económica e política. Desde Lenin ata a actualidade, o axioma de que a miseria da periferia é o resultado da opulencia do centro, promoveu o conflicto, a frustración e o victimismo. As políticas orientadas a romper coa dependencia do sistema económico internacional deron lugar a sociedades insuficientes, acrecentaron a miseria rural e amosáronse incapaces de atenuar o choque do capitalismo coas formas de producción e vida tradicionais. A visión dunha economía mundial asentada sobre oposicións excluíntes contradí a experiencia histórica. Nestes momentos, a cooperación e a eliminación de atrancos ó comercio poden axudar a erguer a moitos países, aínda que nunca se poidan manipular axeitadamente todos os elementos que conducen a un país á estabilidade económica e política. A riqueza non é un ben estrictamente limitado, como crían os mercantilistas, e se un país a posúe non ten por que ser a costa doutro. Resulta demasiado fácil, escasamente explicativo e nada fructífero á hora de aportar solucións, enmarcar os problemas de América Latina no conflicto Norte-Sur, ou países ricos-países pobres, ou terceiro mundo-mundo desenvolvido, binomios fetiche que condicionan visións pouco realistas. Os problemas sudamericanos estarían mellor descritos con expresións como malos gobernos, corrupción nas institucións do Estado, golpismo, terrorismo, dictaduras e populismos, doctrinarismo de esquerdas e de dereitas, derroche, etc.

América Latina parece atopar dificultades en forxar eses elementos de identidade colectiva que soldan harmoniosamente as identidades individuais e os grupos. E é en atrancos desta natureza onde hai que localizar as causas dos males da rexión. Se se alcanzan as metas de reorganización interna actualmente en curso en países como Venezuela, México, Arxentina e Chile, a vantaxe relativa de cada país permitirá mellorar a súa posición na economía mundial. Polo momento, as estatísticas do FMI e da CEPAL mostran que isto é posible. Os países citados están medrando a un ritmo moi vivo, sen que a débeda incida gravemente sobre o crecemento, e teñen ante si unha nova perspectiva, a da integración no mercado mundial.

ESTADOS UNIDOS E AMÉRICA LATINA

O imperialismo ianqui como instrumento ó servicio das grandes compañías norteamericanas, como a United Fruit, é cousa do pasado. O intervencionismo norteamericano no continente, coas súas accións de sabotaxe, conspiracións, inxerencias e manipulacións de toda índole, é, por unha banda, un producto da guerra fría e, por outra, un resultado do afán de hexemonía política.

A influencia norteamericana exerceuse de xeito diferente segundo os países. Non se produciu de igual maneira en México ou Arxentina que en Guatemala. Sen embargo, a retórica antiimperialista non semella gardar proporción coa intensidade do dominio norteamericano. Visións tan distorsionadas como as que, non hai moito tempo, nos ofrecían determinados grupos da esquerda española, que contemplaban o país como unha "colonia ianqui", teñen hoxe continuidade nas análises sobre América Latina. Os Estados Unidos convertéronse nunha especie de demo secularizado e, consecuentemente, magnifícase o seu poder e a súa maléfica influencia. No momento presente, despois da guerra fría, Estados Unidos non ten o interese de antano en manter unha presencia ubicua nos asuntos internos dos países sudamericanos. Isto non quere dicir que vaia eliminar por completo esa tendencia natural dos grandes estados a cultivar a hexemonía nas súas áreas de influencia, pero inevitablemente os mecanismos para conseguilo han ser distintos ós empregados ata agora. A vella diplomacia conspirativa está a ser substituída por iniciativas integradoras e propícianse os procesos de normalización democrática e de promoción dos dereitos humanos. Por suposto, a inercia do intervencionismo non vai extinguirse de contado e os antigos pleitos (Panamá, Nicaragua, Cuba) permanecen. Agora ben, as posibilidades de atopar amplos beneficios nas relacións mutuas entre as nacións sudamericanas e os Estados Unidos téñense agrandado significativamente.

Na súa ofuscación antinorteamericana, a esquerda considerou a Estados Unidos pouco menos que unha dictadura fascista. E aínda lle ha de levar tempo recoñecer o enorme potencial de beneficio implícito nas relacións entre os Estados Unidos e as nacións latinoamericanas, así como admitir que a vella democracia do Norte pode ensinarlle moito ás febles democracias do Sur.

DA CONQUISTA DO CEO Á XUSTIZA DISTRIBUTIVA

A existencia dun principio distributivo é un requisito indispensable para a estabilidade social e política das sociedades actuais. A súa formulación e realización é diferente para cada país. En América Latina, a demanda dunha mellor distribución da renda é unha esixencia apremiante. E non é estraño que a tradición política igualitaria da esquerda latinoamericana faga que o problema adquira dimensións moi conflictivas. Sen embargo, a aceptación de que en todo programa político debe estar presente, de maneira efectiva, un obxectivo redistributivo, non quere dicir que o deseño deste obxectivo deba deixarse en mans do populismo ou da demagoxia. Non se pode conquistar o ceo aquí e agora.

A propia esquerda ten a súa parte de responsabilidade no problema, pois a radicalización política e ideolóxica fixo que se perseguisen obxectivos igualitarios pouco realistas.

As políticas económicas que están a ser actualmente aplicadas por algúns gobernos latinoamericanos soen ser despectivamente calificadas de "neoliberais" ou "fondomonetaristas". Pero, sen entrar no que de apropiado ou inapropiado teñan eses calificativos, o que ninguén pode negar é que están a dar resultados. ¿Como? En primeiro lugar introducindo orde no caos, o que non é pouco. Os equilibrios macroeconómicos, considerados insuficientes polas voces críticas, son un punto de partida vital para calquera proceso de recuperación económica. Volver ó crecemento da economía, eliminar a hiperinflación, crear as condicións para o retorno dos capitais fuxidos e do investimento estranxeiro, son algúns dos logros destas políticas tan denostadas.

Sen embargo, o reproche máis estendido e repetido a este tipo de políticas, é a súa falta de sensibilidade social, se cadra sen ter en conta que nin sequera os liberalismos máis radicais renuncian á necesidade de seguiren mantendo políticas de benestar social. ¿Que clase de políticas? Eis o debate. Un debate artellado en torno á análise de varias décadas de políticas asistenciais e que está a introducir variacións importantes nos esquemas previos da dereita e da esquerda. O Estado do Benestar —como demostra o seu máis acabado e admirado modelo, o sueco— está en crise, sen que desta situación se poida deducir a súa desaparición. Ocorre que o Estado do Benestar rematou por se converter nalgúns países en Estado-Nodriza, no que a hipertrofia das funcións protectoras asignadas ó Estado ameaza con engulir os recursos necesarios para outras funcións igualmente importantes, ou con aumentar desmesuradamente o gasto público. A extensión do fraude, a perpetuación do subsidio como forma permanente de vida e a tendencia a estabilizar ou a reducir a fiscalidade como consecuencia da competencia entre países para atraer capitais foráneos, son algúns dos aspectos que configuran o novo marco das políticas asistenciais e que propician unha redefinición do Estado do Benestar.

A pesar de non ter, agás algunha excepción, réximes asistenciais equiparables ós europeos, América Latina non é allea a esta tendencia, entre outras cousas por causa da ósmose, ás veces mecánica, das ideas. Pero hai unha razón aínda máis importante: as perspectivas asistenciais son limitadas porque os ingresos do Estado tamén o son. Hoxe, ademais, os estados latinomericanos tenden a reducir os seus gastos na procura de fiscalidades competitivas que os sitúen en posicións de vantaxe cara á atracción do capital estranxeiro e a retención do nacional no propio país. Por se isto fose pouco, hai que ter en conta a feble conciencia fiscal existente na maioría destes países, por non dicirmos en todos. A iso hai que unir o ascenso da contestación fiscal, fenómeno universal que moi pronto farán propio importantes sectores económicos. Por outra banda, os novos deseños asistenciais van estar informados por principios como a transitoriedade das situacións protexidas

e a corresponsabilidade, é dicir, a procura de contrapartidas a cambio da percepción das axudas.

UNHA NOVA SÍNTESE

As antinomias do tipo Estado-individuo, liberdade económica-intervencionismo estatal, empresa privada-empresa pública e outras de estilo semellante coas que se ten pretendido expresar as alternativas posibles —e excluíntes— en América Latina (tal como ocorreu nas últimas eleccións presidenciais peruanas), pecan dunha excesiva carga doutrinaria.

É certo que despois dos excesos estatistas, co seu ronsel de burocratización, derroche, bancarrota económica, baixo aproveitamento dos recursos, etc., resulta imperativo o cuestionamento das funcións económicas tradicionais do Estado. Non obstante, media un gran treito desde esta posta en cuestión ata o postulamento do que se ten chamado "Estado mínimo", modelo aínda pouco argumentado e ante o que se amosan escépticos mesmo reputados liberais e neoliberais que, por mor do pragmatismo, seguen a confiar na potencia instrumental para a acción económica dun Estado liberado dos seus lastres actuais.

De feito, estase a producir en todo o mundo unha converxencia entre a esquerda e a dereita e as alternativas económicas e políticas foron perdendo o carácter excluínte que ata hai pouco as facía irreconciliables. Iniciativas que na súa orixe pertencen á dereita, como as políticas de privatización, son practicadas hoxe por gobernos de esquerda, sen que queden fóra destas conductas países como China ou Cuba, ávidos de crear empresas mixtas con investidores estranxeiros. Polo contrario, a dereita, mesmo a thatcheriana ou reaganiana, non é quen de proceder ó desmantelamento do Estado do Benestar, aínda que si aposten pola súa transformación.

As políticas postas en práctica por algúns gobernos latinoamericanos obedecen a eses criterios de converxencia e configuran unha resposta política e intelectual deste momento a problemas deste momento. E é digno de loanza que algúns destes gobernos afrontasen o abandono do populismo e decidisen a aplicación de políticas orientadas a tirar ós seus respectivos países do caos no que se atopaban, aínda que esas políticas sexan impopulares.

DEMOCRACIA E CAPITALISMO, UN CHAN COMÚN

Argumentar a prol da democracia ou do capitalismo pode resultar redundante e innecesario desde a Europa Occidental e neste momento histórico, pero é inevitable facelo cando se fala de América Latina. O

chamado "Fujigolpe", a ameaza latexante de golpe de Estado en Venezuela, o golpe de Haití, poñen o tema nun primeiro plano. No caso venezolano, dunha maneira confusa e retórica, cuestiónase o capitalismo, e nos tres países mencionados ponse en dúbida o valor e o interese da democracia. E non son os únicos casos.

A democracia, considerada perversa desde amplos sectores intelectuais non só latinoamericanos, recobrou certamente o seu prestixio, aínda que ás veces, en países que saen de longos períodos de dictadura, adquira un valor taumatúrxico pouco desexable. As tentacións populista e militarista están presentes e latexantes. A solidariedade internacional semella un medio eficaz contra os golpes de forza, pero, aínda que a presión mundial poida evitar que se consoliden as dictauras, a construcción da democracia en América Latina é sobre todo unha responsabilidade interna dos diferentes países do continente. Unha responsabilidade que pasa por afortalar a autoridade do Estado fronte a diversos poderes paralelos e por facer funcionar de modo efectivo o Estado de Dereito, posto en entredito non só por criminais de todo tipo, senón tamén polos servidores do propio Estado (funcionarios, políticos, policías, militares...). En caso contrario, as crises de lexitimación sucederanse e serán aproveitadas por disparatados "salvadores" da patria.

Hai un "canto general" que resoa en América Latina, en África e en Europa. É o canto da liberdade política e da liberdade económica. Pero non é un canto triunfalista, senón un canto para animar unha marcha que, a ninguén se lle oculta, aparece chea de atrancos.

AMÉRICA LATINA E NÓS

A integración rexional é unha das grandes tendencias do presente que o exemplo da Comunidade Económica Europea contribuíu a relanzar. Aínda que se producirán avances e retrocesos, todo apunta cara á formación dun gran mercado americano, con diferentes graos de integración segundo os países, que incluiría, naturalmente, a Estados Unidos e Canadá. O que non é bo, nin para Europa nin para América, é o repregamento sobre si mesmos dos grandes bloques rexionais. O desexable sería que a súa constitución fose unha etapa na xeira dunha integración global.

España e Galicia están particularmente interesadas en afondar as súas relacións con América Latina. O interese e o atractivo que o latinoamericano exèrce sobre nós sobarda amplamente a retórica dos discursos franquistas e os fastos das celebracións centenarias. Razóns lingüísticas, vencellos cos emigrantes, coincidencias culturais, imprimen naturalidade a esa relación. Sen embargo, na actualidade sería tal vez conveniente prescindir desa clase de referencias para apoiar un achega-

mento mutuo, pois falar de raíces históricas, lingüísticas e culturais activa mecanismos defensivos e hostís en moitos sudamericanos.

Se cadra, ha ser máis util establecer unha nova relación fundamentada xa non na linguaxe dos sentimentos nobres senón na do interese recíproco. E cando falamos de interese temos que aludir en primeiro lugar ó interese económico, catalizador principal das relacións entre países. A orde económica mundial en curso de creación parece apuntar á formación de grandes bloques rexionais. A sinatura recente do NAFTA, que abrangue a México, Estados Unidos e Canadá, servirá probablemente como meta nun continente que xa ten outros tratados de integración máis ou menos eficaces. Pero o que debe preocuparnos desas tendencias integradoras é que poidan cristalizar en bloques herméticos. Outra alternativa sería que, ante a perspectiva de guerras comerciais e atrancos constantes ó comercio, se impuxera a necesidade dunhas estructuras máis permeables no comercio internacional. Constrinxíndonos ó interese económico, unha Europa que teña a América como socio e non como rival, é preferible para España e para Galicia. Se agora somos a periferia de Europa, pola incidencia que a situación espacial ten nas actividades económicas e polas propias características destas actividades, unha maior incorporación de América ó espacio económico europeo convertiríanos en privilexiada ponte de comunicación.

J. A. F. M.

O descubrimento como ensaio xeral

Enrique Lynch

Cada pouco e desde hai uns meses, na contraportada do suplemento dominical dun xornal de Madrid, aparece unha escena que ten especial suxestión e que, por razóns que tentarei de explicar, garda relación co significado do chamado "descubrimento". Trátase, por suposto, dun anuncio publicitario; concretamente, o anuncio dunha enciclopedia en varios volumes que ten como tema a historia dos grandes descubrimentos arqueolóxicos. No texto detállanse as características da edición, as condicións de pago, ademais dunha serie de premios que haberán de corresponder, de acordo co inevitable sorteo, ós felices compradores de tal monstruosidade. Todo isto, máis a consabida dose de mal gusto no deseño gráfico, resulta algo habitual neste tipo de publicidade.

Pero o que chama máis a atención do lector —e este é o gancho do anuncio— é a ilustración que serve como atractivo visual do prospecto. Nela está retratado —o 29 de novembro de 1922, conforme se afirma con toda precisión nunha pequena nota— o momento no que o arqueólogo inglés Howard Carter abre a tumba de Tutankamón. Carter aparece mirando cara ás dúas follas da porta sobre un fondo de inscricións xeroglíficas exipcias. O fotógrafo tivo conta de sacalo en primeiro plano e de medio perfil para que poidamos ver a expresión do seu rostro. O home loce impecable co seu característico bigote, camisa branca e gravata de lazo. Na expresión do seu rostro pódese ver unha atención concentrada e, asemade, unha serena expectación: a man esquerda do arqueólogo pousa por riba dunha das portas, o queixo érguese lenemente como quen ergue a cabeza para ver ó lonxe. Á súa dereita obsérvanse as patas dun trípode que seguramente sostén o foco

de luz que ilumina a escena; pero a fonte de luz, colocada entre Carter e o portal da tumba, produce un efecto peculiar, de tal xeito que todo o cadro —o rostro marabillado de Carter, as inscricións que o rodean e nós mesmo, que observamos a instantánea moitos anos despois— parece estar iluminado por un resplandor que xorde do interior da tumba de Tutankamón.

Pódense facer algúns comentarios pertinentes sobre esta fotografía tan enormemente suxestiva. En primeiro lugar, hai que observar que o seu motivo non é científico ou protocolario senón *événementiel*, é dicir, que vén sendo unha testemuña de certo acontecemento. Non é propósito do fotógrafo fixar a primeira imaxe daquilo que foi obxecto dunha longa e afanosa procura arqueolóxica e que, por outra parte, haberá xa tempo de considerar, senón fixar o acontecemento único e irrepetible, o máis fútil e perecedoiro da circunstancia, aquilo que a consuma: o acto do descubrimento en si, entendido no sentido literal de poñer á luz algo que durante milenios permaneceu oculto á mirada dos homes. En efecto, a luz é un elemento decisivo no efecto que a foto en cuestión persegue. Ó concentrar nunha instantánea toda a forza libidinosa da búsqueda arqueolóxica, a fotografía retrata o momento da descarga, que é o que identificamos como experiencia propia do descubrimento. Anos despois, o mundo habería de se someter a unha descarga similar, en escala global e massmediática, con ocasión da chegada de Armstrong á Lúa. Alí tamén, esta vez por mediación da televisión, a técnica esmerouse en inmortalizar o intre mesmo no que o astronauta salta da escaleira e pon os seus pés sobre a superficie lunar. A primeira imaxe da chegada á Lúa non foi a paisaxe —no caso de Carter, a fotografía tampouco amosa o que arqueólogo ve ó abrir as portas da tumba— senón o feito do primeiro contacto coa Lúa; só máis tarde se difundiu a imaxe dunha bota sobre a superficie lunar.

En segundo lugar, ademais do motivo desta foto, cómpre que teñamos presente a nosa propia fascinación, que previamente tivo que ser calculada nas instruccións dadas ó fotógrafo. Esas instruccións establecen implicitamente unha xerarquía da curiosidade na medida en que consideran tanto ou máis valiosa a representación da circunstancia do descubrimento que aquilo mesmo que se trata de descubrir. O signo que converte ese intre en irrepetible, singular, único, non é o que se descobre —o interior da tumba de Tutankamón ou a contextura da Lúa—, que se trae á luz, senón o acto mesmo de des-cubrila, de des-ocultala, de lle devolver o ser. O que se ofrece á nosa curiosidade é o momento de des-ocultación e diso tira partido o publicista que escolleu a foto. De feito, este retrato ten valor publicitario non por ter representado o estado de expectación que amosa Carter no momento transcendente senón porque mobiliza a nosa fascinación con relación á expectación de Carter.

Toda consideración sobre o significado e a importancia dun descubrimento debe ter en conta sobre todo esa fascinación. Existe un encanto especial nese tipo de actos, algo que se denuncia no coidado que poñemos en retratar estas cerimonias e outras semellantes: algún pintor de sona representado no momento da creación (o que se pode entender como descubrimento dunha forma); un grupo de científicos que amosa o seu xúbilo ó comprobar o efecto buscado nun experimento decisivo, Arquímedes na batea, Newton e a súa mazá, etc. Os descubrimentos fascinan porque son un remedo, un simulacro, da creación.

Coido que o fasto faraónico a que deu lugar a efeméride da chegada de Colón a América está inspirado, por unha banda, nesta fascinación, que é a mesma que guía as instrucións dadas ó fotógrafo de Carter. O monumental circo organizado, especialmente polas actuais autoridades españolas, para lembrar o evento, persegue unha finalidade máis cobizosa que a foto de Carter: proponse manter vivo o espírito do xesto e non tanto o xesto en si, e menos aínda a memoria do que deparou, porque iso máis vale esquecelo. Nese propósito contribuíu tamén o feito de que a nosa é unha época que sente especial predilección polas celebracións de feitos transcendentes pasados, costume que deu lugar a unha especie de exhibicionismo de Estado que todo o converte en motivo de exposición e en ocasión para a "sa" competición entre as nacións: así, se Francia foi quen de transformar o segundo centenario da chamada Revolución Francesa, unha orxía colectiva de crueldade e destrucción organizada por un fato de aventureiros, co pretexto de reafirmación nacional e escusa para coloridos desfiles, representacións de ópera e castelos de foguetes de artificio, ¿por que non podería facer o mesmo España coa súa máis sonada demostración de barbarie?

A cuestión que suscita esta efeméride non é o "Descubrimento de América" ou o "Encontro das Culturas" (conforme a fórmula eufemística coa que uns interpretan o que outros, con mellor tino, califican de *encontronazo*[1] senón a fascinación polo descubrimento en si, que aparece coma unha das claves que identifican a nosa cultura moderna. E, por suposto, o exhibicionismo do Estado. A cultura europea moderna é a única que se atribúe a capacidade demiúrxica de descubrir, é dicir, a única cultura que interpreta indistintamente os avatares das súas variadas empresas de indagación da natureza e as súas exploracións do planeta, das súas invencións científico-técnicas, dos seus deseños imaxinarios e do seu contacto con culturas diferentes, como outros tantos

1. Por exemplo, Rafael Sánchez Ferlosio na súa serie de ensaios "Esas Yndias, equivocadas y malditas", na recopilación dos seus *Ensayos y artículos*, Destino, Barcelona, vol. II, páx. 552 *passim*.

remedos da creación. Así, un vocabulario extraordinariamente difundido e consagrado permite falar con sentido de "descubrimentos" para se referir á relación que establecen os europeos co máis variado e heteróclito: pobos exóticos e civilizacións perdidas, leis naturais, principios químicos, fórmulas de convivencia, modelos de beleza, estilos, paisaxes descoñecidas, etc. Coincidentemente, os protagonistas destas relacións reciben o nome de "descubridores": así, Colón ou Vasco Núñez de Balboa, Cabeza de Vaca, Orellana, Caboto, Cortés ou Pedro de Mendoza, equipáranse con toda naturalidade a Fleming, a Nobel, a Oppenheimer, a Pasteur, e tamén a Nietzche, toda vez que tamén o filósofo sucumbiu á especial fascinación do descubrimento ó autocalificarse de "descubridor" da Lei do Eterno Retorno do Mesmo e, nalgún fragmento da súa obra, mesmo ó identificarse coa figura dun Conquistador. Lembremos, ademais, que a principal construcción da exposición de Sevilla se denomina "Pabellón de los Descubrimientos" e reúne no seu interior un curioso *melting pot* de achádegos científicos, ocorrencias tecnolóxicas e vestixios dos espolios coloniais e as empresas de conquista organizadas polos europeos nos últimos cinco séculos.

A cuestión desta efeméride é, por conseguinte e cando menos, nobre: por un lado está o recordatorio de expansión española "descubridora" de América, por outro lado a valoración da nosa fascinación polos descubrimentos e, no peor dos casos, a fascinación por este "descubrimento" en particular.

Con respecto á empresa de España nas Indias, o máis sucinto repaso dos feitos, ben sexa a través das testemuñas dos seus protagonistas, panexiristas e cronistas oficiais e espontáneos, os da época como os actuais, ben a través da versión oposta, cunha tradición que se remonta a frai Bartolomé de las Casas e remata na sonora *boutade* de Fidel Castro denunciando a onomástica, produce tal espanto e arrepío que, a título de comentario, o correcto e honorable sería calar de vergonza. ¿Que é entón o que fixo posible que unha das máis brutais campañas de espolio e piratería que lembra a historia, campaña orquestrada polas propias institucións da Coroa ateigada de crimes coidadosamente testemuñados polos escribas dos seus propios executores e santificados polos argumentos falaces sobre a suposta inhumanidade dos indios americanos e a suposta misión evanxélica dos españois, puidese ser rescatada para a concelebración baixo a responsabilidade dos xestores da España que se di europea? ¿Como é posible que argumentos dictados pola canalla eclesiástica renacentista e causante da destrucción do pasado precolombino, con morte e sufrimento de millóns de persoas e co saqueo e profanación e a non menos sistemática ignorancia das condicións de infinidade de etnias e pobos diferentes foran reelaborados pola propaganda dos gobernos de tal modo que eses séculos de destrucción aparezan hoxe como "xesta"? ¿Como é posible que unha empresa incalifi-

cable que pechou definitivamente a recoñecida incomprensión dos españois cos pobos das súas antigas colonias, mobilizase a ostentación inusitada de medios para esta celebración?

En efecto, resulta cando menos sorprendente que un simple aniversario sirva para xustificar o fasto cando, en rigor, nin os pobos dominados noutrora nin o pobo outrora dominador gardan feliz memoria da circunstancia, máis alá dos protocolos dos manuais escolares e os inevitables monumentos nas cidades. Aínda hoxe, "godo", "chapetón" ou "gachupín" son insultos en América, epítetos para falar de baixa condición moral e para calificar os peores designios nun home; mentres que en España, solapada ou explicitamente, mírase e xúlgase con desprezo ó ultramarino, escoitase con reserva o seu acento e descalifícase o seu vocabulario desde o poder académico como "america-nismo", faise mofa da súa tradición ou dos seus valores mestizos e califícanse estes, no mellor dos casos, de "tercermundistas". Sabida é a capacidade de xenreira dos pobos de sangue indio, pero ¿como se explica que na antiga metrópole non existan case museos, nin institutos de investigación, nin programas de estudio, nin tan sequera de tipo poscolonial ou etnoantropolóxico, como os que si se poden atopar en países como Francia ou Gran Bretaña, dedicados ó estudio dos pobos, territorios e culturas das súas antigas colonias? ¿Por que non alcanzou España a estatura doutras nacións colonizadoras europeas, por moito que tampouco se poida dicir que estas sobresaíran polas súas virtudes no exercicio da función imperial? ¿Como se explica que nas universidades españolas non haxa cátedras de literatura ou arte "iberoamericanas", por empregar a tan recorrida fórmula de reivindicación colonialista que se adoita utilizar nos documentos oficiais e nos medios de comunicación? Por paradoxal que isto pareza, pese ó caudal incalculable de pezas producidas polo saqueo programado das culturas americanas, calquera coleccionista catalán de hoxe ten na súa casa máis mostras da arte indíxena americano que todas as institucións estatais españolas xuntas[2]. Da presencia de España en América non queda na Península nada, nin rastro do botín, a diferencia do que sucede en Londres, en Munich ou en París, onde o visitante atopa ás veces mesmo templos enteiros. En España queda tan só o celebérrimo Archivo de Indias, e mais outras vellas fontes documentais da Conquista que se adoitan consultar, case sen excepción ningunha, cun único propósito: chegar a coñecer a causa da caída do Imperio. Un imperio que nunca foi, como ten observado Sánchez Ferlosio, e que sobrevive no maxín dunha rexión de Europa que viu escapárselle das mans a ocasión irrepetible de se ver consagrada e

2. Debo este comentario a Estela Ocampo.

que, aínda hoxe, reclama ser tratada coa ostentación e suntuosidade que merecen outros vellos imperios continentais. Esa é, aínda que haxa poucos dispostos a o recoñecer, a única curiosidade que anima ós investigadores da relación entre España e mais América. A necia ignorancia e indiferencia do dominador sobre o dominado, do "descubridor" sobre o "descuberto", segue a presidir o suposto vínculo intelectual ou cultural que debería considerarse ó cabo dos tan cacarexados cincocentos anos. En España segue a importar o Imperio, de tal xeito que, para coñecer algo sobre esa América previa a Colón, ou mesmo da que logo se converteu en América mestiza e convulsa, só se pode contar co labor dos franceses e mais dos anglosaxóns.

Resulta, xa que logo, imposible volver sobre o significado do descubrir, pensar sequera qué hai implicado neste descubrimento se o motivo se inspira na chegada ás Antillas dun escuro xenovés ó mando dunha expedición mercantil organizada por un reino salvacionista meridional europeo a finais do século XV [3]. E, por outra banda, non se debe considerar a dinámica do descubrimento de América, así como as súas consecuencias estratéxicas, gastronómicas e medicamentais —as máis relevantes para Europa—, con incidencia do proceso da Conquista, que é un proxecto de espolio e un auténtico etnocidio[4] executado coa venia da cultura renacentista europea e, como xa é recoñecido, coa convalidación sacramental da Igrexa Católica.

Posto que a ocasión me permite soamente uns poucos trazos, paréceme en troques moito máis suxestivo enfocar algunhas da seguintes alternativas. Por unha banda está a revisión deste acontecemento carismático no contexto das vastas empresas de indagación emprendidas polos pobos europeos daquela época, pero sen demérito de recoñecer a súa bestialidade infinita e os seus desastrosos efectos, é dicir, da súa rigorosa posta en tea de xuízo conforme os termos formulados por Rafael Sánchez Ferlosio, quen viu nesta efeméride a oportunidade para a reconsideración crítica do carácter inhumano da idea da Historia Universal [5]. Por outro lado, a relectura deste testemuño trivial, que propuxen ó comezo, tal como aparece fixado nunha foto

3. Tomo a calificación de salvacionista"que propón o sociólogo brasileiro Darcy Ribeiro no seu libro *Las Américas y la civilización*, Centro Editor de América Latina, Bos Aires, 1969, vol. I, páx. 61 e ss.; aínda que, en rigor, Ribeiro non a aplica ó reino de Castela senón ó Imperio de Carlos V e Felipe II.

4. Ó respecto, saliento a diferencia proposta en termos conceptuais por Pierre Clastres, en relación co distinto valor que se pode outorgar á idea de *xenocidio*, eliminación física das persoas dun pobo, por contraste coa dun *etnocidio*, eliminación física das persoas combinada coa destrucción sistemática do seu medio e cultura. Clastres baséase para esta distinción en opinións feitas por Lévi-Strauss, cfr. "Sobre el etnocidio", en *Investigaciones en antrología política*, Gedisa, Barcelona, 1981, cap. 4.

5. Cfr. Sánchez Ferlosio. "Esas Yndias...", *op. cit.*, vol. II, páx. 759.

de "descubrimento" que quizais non fose máis que o comprensible desexo de inmortalidade dun home afortunado, unha coquetería de narcisismo inocente.

De feito, o importante, o que merece ser pensado é o comprometido en cada descubrimento. E quizais esta clave non estea exposta no descubrimento de América nin en ningunha outra "xesta" das conquistas territoriais, no irrefreable triunfo da eclosión técnico-moderna europea sobre as culturas tradicionais da periferia ou na razón do desenvolvemento da propia civilización tecnolóxica, senón nas simples instrucións recibidas polo fotógrafo de Howard Carter: ¿Que se ten que inmortalizar do acontecemento: a cousa en si ou o encanto do acto de descubrila? O que unifica baixo un horizonte común o espírito da efeméride e aqueloutro espírito do que atopamos os indicios nas instrucións dadas por un arqueólogo-estrela ó seu fotógrafo é a común referencia á nosa propia representación do coñecemento: e ese horizonte guía a astuta elección do publicista que preparou o anuncio.

De reflexionarmos sobre o significado dese horizonte común, comprendemos que as accións que consideramos están informadas polo mesmo sentido. O "erro" de Colón —ó crer que desembarcaba nas auténticas Indias— está motivado por unha forma de negación segundo a cal, aquilo ó que se chega —e toda empresa é un avatar que culmina coa chegada ó final da travesía do coñecemento— non existe, non *é*, ata o momento do noso descubrimento. Nisto precisamente radica a demiurxia do des-cubrir. Soamente se o ser da cousa "descuberta" acontece por mediación do noso acto de descubrimento, se pode comprender o cariz da Conquista, o xeito brutal e despiadado no que finalmente se desenvolveu. Precisábase unha poderosa enaxenación para que a conciencia dos colonizadores chegase a concluír que a terra na que desembarcaran fora re-creada por eles e que, polo tanto, podían facer con ela o que lles viñera en gana. Tan poderosa é esa capacidade que aínda hoxe o signo que define a expedición arqueolóxica de Carter segue a ser, para nós, o momento crucial en que a man do inglés empurra a porta para devolver o ser ó pasado de Exipto e non o espectáculo da tumba aberta. Os correlatos do descubrir: a toma de posesión, a pulsión de violar, de profanar, de converter, de someter, todos eles presentes nos séculos que seguiron ó 12 de outubro de 1492, son desenvolvementos necesarios da enaxenación orixinaria do "descubrimento" e todos eles formas da vontade de poder, o cristal que nos fai ver a instantánea que ilustra o noso anuncio como algo fascinante. Comprendemos, daquela, que descubrir é converter o mundo á medida da nosa imaxinación e rexeitar ou postergar a evidencia do descuberto.

Nunha breve conversa que Gregory Bateson engade a modo de epílogo no seu último libro, formúlase un insalvable paradoxo do realis-

mo. Di Bateson: "Non podemos imaxinar o mundo tal como é"[6]. É dicir: podemos fabulalo de infinitas maneiras, pero nunca a nosa imaxinación será quen de o reproducir na súa absoluta e simple realidade (ou sexa, tal como é); tese que desminte ós que pretendan aínda que a ciencia é obra de seres imaxinativos. O mundo do coñecemento científico é obra de mentes realistas ás que se lles prohibe empregar a imaxinación, por iso a empresa de Colón non é obra dunha vocación científico-realista senón o soño dun iluminado.

E, non obstante, engade Bateson: "O mundo chega a ser tal como é imaxinado"[7]. Pero esta é xa a obra da vontade de poder que move a ciencia, de modo que a ciencia e mais o realismo parecen condenados a sucumbir á imaxinación.

América era, de feito, algo *inimaxinable* para os conquistadores, por iso cumpría que antes da Conquista houbese un "descubrimento": cumpría que o mundo viñera ser tal como cabía imaxinalo. Este é o auténtico fito —e excúsome pola esaxerada xeralización—, a matriz dun acontecemento repetido una e outra vez en todas as empresas impulsadas pola vontade de poder europea. A súa mesma reiteración fai innecesaria a celebración do fito co que se inaugura a serie, e con ela, a época moderna.

Prefiro, daquela, recordar, en troques, que cincocentos anos atrás tivo lugar o ensaio xeral da vontade de poder que modelou as nosas vidas en pos dunha meta paradoxal; e subliñar que ese pulo toca ó seu fin na actualidade, cando xa case non queda nada por descubrir, nada que imaxinar.

E. L.

6. Bateson, Gregory. *Mind and Nature: A Necessary Unity*. Dutton, Nova York, 1979, páx. 255.

7. *Ibidem*.

ENTREVISTA

É como se vivisemos a fin da modernidade

Entrevista con Alain Touraine a propósito do 5° Centenario

Hernán Neira

Desde que Alain Touraine viviu en América Latina a fins dos anos sesenta, non deixou de publicar artigos e libros sobre o Vello e o Novo Mundo. Algúns teñen levantado certa polémica, pero iso non empece que se lle considere un dos principais sociólogos franceses vivos. Profesor na École des hautes Études en sciences sociales, *en París, forma parte, xunto con outras personalidades culturais, políticas e financeiras, do* Comité National por la célébration du cinquième centenaire de la rencontre des deux mondes. *Facendo uso dun bo español, con expresións sudamericanas e galicismos, que ás veces mantivemos, falou co vagar e a seguridade do profesor universitario con longos anos de docencia, ó que non sempre é fácil de interromper.*

—¿Que razóns levan a Alain Touraine, que posúe un longo vínculo científico, persoal e político con América Latina, a formar parte oficialmente do Comité Francés para a Celebración do 5° Centenario?

—Os españois formaran un comité para o Bicentenario da Revolución Francesa. Por cortesía, os franceses crearon un Comité para o 5° Centenario. Buscaron, daquela, a toda a xente interesada en América

Latina ou en España, ou alomenos localizaron a unha parte desa xente, propoñéndolle formar o Comité francés, que por outra parte non leva realizado moitas cousas. A miña relación co 5° Centenario non significa moito.

—*¿Está satisfeito con todo o que se está a realizar?*

—Esperaba unha reacción bastante distinta pola parte francesa, unha reacción moi prudente para non identificarse cos españois e en certa maneira mesmo defender os indíxenas ou as protestas de varios países latinoamericanos en contra do 5° Centenario. É interesante preguntarse por que se publicaron quizais centos de libros, algúns excelentes, como o de Bernard Vincent ou mesmo o de Carmen Bernard. Hai tamén ensaios e opinións como os libros de Attali ou o de Debray, que son doutro tipo. Resulta paradoxal, porque o modelo de 1492 é totalmente oposto ós modelos europeos de hoxe. Bernard Vincent, no seu libro sobre 1492, dá unha imaxe moi interesante. O ano 92 é o ano de Cristóbal Colón, de Granada, da expulsión dos xudeos e é un ano importante na historia da lingua (española). É o modelo da formación, moi voluntarista, dunha imaxe de nación como conxunto homoxéneo global e da vocación, falando como Weber, que España ten de ser a sociedade modelo e a máis integrada. No momento actual, en cambio, estamos tratando de aprender a diversidade, a complexidade e a ausencia de agresividade. 1492 atrae a unha Europa que está globalmente en decadencia. Cando digo en decadencia, non penso tanto no progreso económico, tecnolóxico, etc., senón na súa capacidade, cada día menor, de definir a súa identidade por todos lados. A través desta referencia a 1492 algúns expresan, de maneira inxenua, a nostalxia, mentres que, outros, expresan o rexeitamento do modelo da gran nación conquistadora e homoxénea. Os franceses falarán, tres séculos despois, da súa república unha e indivisible, que en certo modo se relaciona co soño dunha España mundial e imperial, unha e indivisible tamén.

É como se estivesemos vivindo a fin dunha modernidade, dunha época que comezou cun soño, como se quizais, para algúns, a realidade máis profunda e esencial de Europa fose a conquista. A conquista, non no sentido militar, senón a imposición dun modelo que presupón unha enorme homoxeneidade e eliminación de todo o que é alleo ó núcleo central. O que me proporciona certo malestar é esta ambigüidade do debate sobre Isabel a Católica case beatificada, ou canonizada.

—*Unha loucura...*

—Unha loucura, en efecto. Isabel a Católica destruíu a triculturidade de España, ou alomenos de Andalucía, que hoxe nos parece como un paraíso. A conquista significou a fin de España, que foi incapaz de se transformar. Toda a prata, no sentido estricto da palabra, pasou a Amsterdam e mais a Londres. O modelo da sociedade aristocrática e



Foto: (EL PAÍS 1992 / ÁNGEL AGUADO)

ALAIN TOURAINE

monárquica foi mantido en vida pola prata das colonias. Isto postergou a modernización porque deu recursos baratos e non impuxo ou agachou a necesidade de transformar a estructura profunda da economía, un pouco como os traballadores inmigrados en Francia.

A miña impresión é que os españois se refiren pouco a este modelo do século XV ou a 1492 porque están dominados por un só sentimento, que é o de chegar ó primeiro rango, ó núcleo central dos países europeos. Seis países foron os pais de Europa: Francia, Alemaña, Italia e o Benelux. España chegou tarde a ese núcleo, pero é un excelenete alumno e está participando de maneira moi positiva e activa na construcción europea. Creo que para o goberno de Felipe González e para a nación española, esta plena participación en Europa aparece como *a* prioridade absoluta. A referencia a 1492 significa, daquela, "nós, os españois, fomos os representantes da occidentalidade, iso demostra que somos dos primeiros". Saliéntase así o papel importante que España sempre tivo na vida europea e mundial, o que me parece aceptable como opinión. Pero sinto algo de malestar con este tema; non creo que os españois, en xeral, queiran defender o modelo de Isabel a Católica, aínda que desempeñe un rol instrumental para aumentar a importancia do papel de España en Europa.

—Nas conmemoracións que Francia realiza oficialmente, púxose o acento na contribución de América Latina á modernidade. Por outra parte, vostede fala dunha Europa máis ben decadente, unha Europa cunha modernidade que quizais se estea agotando. ¿Como ve vostede esta contribución, supoñendo que exista, de América Latina a unha modernidade que, paradoxalmente, parace celebrarse e, ó mesmo tempo, agotarse en 1992?

—Resulta francamente paradoxal celebrar a modernidade de América Latina a propósito da conquista. Os historiadores poden discutir acerca das consecuencias da conquista, pero ninguén vai defender a idea de que esta poida ser considerada como modernización. Hainos que falan de xenocidio, ou colonización sen máis, pero en moitos aspectos a colonización española foi un elemento de anti-desenvolvemento. A modernidade foi identificada, e segue a selo, en América Latina, coa Inglaterra destructora do imperio español, co reemprazo da dominación do colonizador e do latifundista polo comerciante, a marina, as casas financeiras e comerciais británicas. A segunda modernidade foi o impacto das revolucións: a estadounidense, a francesa, e as da independencia. Imaxine ós franceses celebrando a modernización de Alxeria a través da colonización. Si, en certa maneira, pero sería unha visión dificilmente aceptable.

—¿Cal é a relación entre modernidade e América Latina?

—A relación é bastante difícil. A miña primeira reacción é dicir que as referencias de modernidade en América Latina tiveron un papel

máis negativo que positivo. A modernidade, ou mesmo o modernismo, foron identificados coa cultura, os intereses e o poder dunha élite europeizada, durante moito tempo identificada con enclaves de tipo case colonial ou coa oligarquía de tipo francamente colonial. Iso paréceme que é a temática latinoamericana. As pautas de independencia e de transformación, ou as de Juárez e logo as da revolución mexicana, foron un esforzo para romper cunha modernidade pura e combinar identidade cultural con participación na modernidade económica. O que de mellor houbo en América Latina foi precisamente o que resistiu á ideoloxía da modernidade. Case todo o que se refire directamente á modernidade ten por obxecto agachar o máis negativo do continente: as enormes desigualdades sociais, os grupos semidominantes ou dominantes falaron de modernidade. O caso extremo foi a oligarquía arxentina de 1900, a élite máis avanzada do continente, a máis moderna, positivista e secularizada do continente. Pero Arxentina nunca foi *a* nación arxentina.

Sitúo na dereita, espontaneamente, ós que falan de modernidade en América Latina, aínda que o termo dereita non sexa sempre adecuado. A modernidade ten máis que ver co elitismo, coa xente que trata de eliminar ou de agacahr o tema da integración social, xente que acepta que o 10, 20 ou 30% da poboación se integre no mundo moderno mentres que o 60 ou 70% quede marxinado ou, como se di agora, no sector informal. O importante foi que no continente, máis e mellor que noutras partes do mundo, houbo esforzos para combinar certas formas de participación ampliada, política, social e cultural. Iso deuse en México coa mestizaxe e a idea da raza cósmica, en Brasil, e tamén en Chile, aínda que de maneira totalmente distinta coa experiencia dunha democracia de tipo europeo progresivamente ampliada, ou mesmo coa revolución do 52 en Bolivia. Todo o que chamamos réximes nacional-populares foron esforzos, non de modernización, senón de combinación de modernidade e participación.

Falar de pura modernidade paréceme tan abstracto como falar de pura revolución. América Latina non foi, a pesar das opinións de moitos, un continente moi revolucionario, nin tampouco moi modernizador. Foi máis ben un continente orientado cara a unha mestura de modernización e participación, un mundo de participación urbana, de creación dunha inmensa clase media vinculada cun poder político moi intervencionista, o que é ben diferente da modernidade.

—Na actualidade, moitas comunidades nativas ven no marxismo ou nalgúns partidos de esquerda un aspecto máis da razón occidental e da modernidade, polo que non parece que estes poidan chegar a se converter nun aliado importante para manter viva a identidade cultural indíxena ou mestiza. Na búsqueda por combinar crecemento económico e participación, ¿como ve vostede a relación das comunidades amerindias cos sectores marxistas?

—Non houbo case vinculación entre as guerrilas marxistas e os grupos, non só indíxenas, senón populares. A guerrilla é, por definición, o contrario dun movemento de masas. A idea da guerrilla, idea verdadeira ou falsa, é que non hai mobilización masiva posible e que o sistema de dominación é un sistema estranxeiro. Trátase, daquela, de actuar nos elos máis febles da cadea, é dicir, no poder político nacional, que en realidade é un poder podre e dependente dun Estado estranxeiro. Nos textos clásicos urbanos, miristas[1], peruanos, venezolanos, etc., houbo sempre a idea de que a guerrilla ten que ser móbil. Régis Debray e mais o Che Guevara insistiron moito na idea da base móbil. A guerrilla, en Bolivia, con gran ignorancia da realidade, tivo a vontade, mutua, de non vincularse co partido comunista nin cos sindicatos campesiños. Existen algunhas excepcións, creo que a principal é a referida a algúns aspectos da guerrilla en Guatemala durante os anos sesenta, é dicir, a parte que non estaba directamente vinculada co partido comunista, chamado Partido Guatemalteco del Trabajo. En América Central, durante os vinte últimos anos, existen estudios que indican claramente a ausencia do vínculo. A orixe social da guerrilla é a clase media ou a clase media baixa, estudiantes radicalizados que non están directamente vinculados con movementos indíxenas. Todo o mundo lembra o conflicto cos Misquitos na costa Atlántica de Nicaragua. Por suposto que desde finais dos anos 70 houbo esforzos de vinculación de forzas políticas de esquerdas con movementos indíxenas, especialemte en Bolivia cos Tupac Atari, pero con moitas dificultades. No momento actual os vínculos son un pouco máis fortes, menos excepcionais que anos atrás. Sen embargo, trátase de tres lóxicas distintas: unha é a lóxica sindical, outra é a revolucionaria guerrilleira, outra a tendencia comunitaria ou indíxena, as tres bastante distintas.

—¿Que papel pode xogar Francia, durante as conmemoracións, como potencia e como proposición de diálogo, para evitar que América Latina non caia nunha zona periférica na que xa se atopa?

—Durante o século XIX e parte do XX houbo unha influencia cultural francesa claramente maior que a española, en especial durante o período franquista. Posteriormente, nos anos oitenta, América Latina diminuíu a súa influencia e participación na vida mundial (pasou do 4% ó 3% do comerico mundial). Na mesma época, Europa perdeu contacto con América Latina e non houbo inversións. Na actualidade, e por iso diría que o 5° Centanario ten un certo sentido, España, co novo goberno, intentou participar un pouco máis nesa parte do mun-

1. M.I.R. Movimiento de Izquierda Revolucionaria, partido marxista-leninista chileno que propugnou, e propugna, a loita armada.

do. Pero o feito fundamental segue a ser a moi feble participación dos europeos en América Latina.

—*¿A que se debe esa falta de presencia?*

—Europa, durante moitos anos, tivo unha imaxe negativa de América Latina. Víase como ós gladiadores: interesan cando perden o seu sangue. A xente entusiasmouse polo Che Guevara, pola revolución cubana, pero sen ningún coñecemento da situación real. Cando se fala de América Latina é sempre para falar das *fabelas* de Río ou dos indíxenas máis pobres do altiplano. Pero, ¿que diría un español se para falar da España dos vinte últimos anos, nos que se realizaron enormes transformacións económicas, sociáis e políticas, se falara soamente do problema basco, que é un problema moi serio, dos pobres que viven nas aforas de Madrid ou da pobreza de Extremadura? Todo iso é importante, pero ¿por que non ter unha visión un pouco máis equilibrada? De América Latina sempre se fala de maneira case colonial, cunha visión simpática, cando non é coa visión dun país tropical. Teño os meus prexuízos porque o Santiago de Chile que eu mellor coñecín, ou San Paulo, non son precisamente cidades tropicais. Ata hai dous ou tres anos non houbo practicamente ningunha presencia europea e o comercio exterior do continente dirixiuse cada ano máis cara ós Estados Unidos. No caso mexicano, o 75% do comercio é con ese país, e aínda máis agora coa perspectiva do mercado común do Norte entre Canadá, Estados Unidos e México. A situación é profundamente diferente en Arxentina e no sur en xeral. Estamos falando precisamente no momento no que esta situación pode cambiar. Os capitais van máis a América Latina que a Europa do Este. Hai novas inversións en México, Chile e nalgúns outros países. Arxentina pode ser lugar de novas inversións se a situación actual, aínda moi fráxil, moi inestable, segue a mellorar. A iniciativa española paréceme situada nun momento adecuado, porque se pode esperar que Europa descubra América Latina. Paréceme interesante conmemorar o descubrimento porque en realidade o continente americano foi perdido de vista. O urxente non é conmemorar un descubrimento de hai 500 anos, senón descubrir a América Latina de hoxe, un continente fantasmagórico, descoñecido, reducido a algunhas imaxes moi negativas e cheas de desprezo. Respectar América Latina supón entender o que se fai alí, as súas transformacións, fracasos e tamén os seus éxitos. Os españois, durante a presidencia do Consello de Europa, tomaron iniciativas. Espero moitísimo dos portugueses, que presiden o Consello de Europa durante este semestre, para que Europa tome unha actitude máis activa, máis positiva economicamente e culturalmente. Pero, polo momento, a actitude dos europeos foi e é máis negativa que positiva.

— *¿Cal sería unha actitude positiva?*

—Paréceme fundamental tomar en serio a un continente que está

saíndo dunha crise tremenda, o que significa esforzos moito máis difíciles que os que os europeos tiveron que realizar para superar as crises petroleiras dos anos sesenta. América Latina é un continente que xa ten, no seu conxunto, unha taxa de crecemento superior ó continente europeo, pero o interese que merece América Latina ten que ir acompañado da consciencia de que o seu problema fundamental non é a modernidade, senón, falando como moitos economistas latinoamericanos, a equidade. É de grande importancia para o mundo enteiro que América Latina alcance un modelo de modernización e desenvolvemento que sexa economicamente eficiente, ou sexa, que amplíe a súa participación no mercado mundial e que, ó mesmo tempo, produza unha transformación importante da estructura social no sentido dunha maior equidade.

—¿Non cre que América Latina é víctima desa imaxe negativa, que os latinoamericanos se ven a si mesmos nesta imaxe que esta Europa lles ofrece?

—Non, iso é un erro. Existe unha élite que tal vez pense así, pero a mirada europea non conta moito en América. Hai xente que está farta de debates ideolóxico-políticos, e que só se interesa polo liberalismo salvaxe para defender os seus intereses económicos a curto prazo. A tendencia fundamental é o pragmatismo e o liberalismo económico extremos. Pero hai xente que actúa de forma máis responsable e que está preocupada pola inestabilidade das novas democracias latinoamericanas, que na miña opinión non son democracias senón máis ben resultado de caídas de réximes autoritarios. Chile é o único país que ten un réxime político reorganizado, non totalmente, porque aínda rexe a constitución pinocheísta, a diferencia de Arxentina, Venezuela, Paraguay e Brasil, onde a situación política e o sistema institucional non foron reconstituídos. O futuro económico de América Latina non me parece malo, a situación está mellorando rapidamente. Sen embargo, a situación social paréceme pésima, e en consecuencia a situación política sumamente inestable. Os europeos teñen que asumir unha visión máis realista, no sentido de contribuír a fortalecer as sociedades, é dicir, deben participar na loita contra as desigualdades. É o que se fixo, por exemplo, en Chile, onde o Fondo para o Desenvolvemento Social foi constituído con capitais estranxeiros e onde o programa de mellora do sistema escolar se realiza con enormes créditos do Banco Mundial.

—Moitas das reunións das Comisións Nacionais 5° Centenario son extraordinariamente formais, lentas, e non chegan necesariamente a resultados concretos...

—Por iso creo que falar de América Latina é unha cousa e falar do 5° Centenario é outra. As iniciativas europeas, de calquera país que veñan, parécenme positivas, aínda que de momento sexan sobre todo españolas. Sen embargo, son case ridículas vistas desde América Latina. Non hai presencia europea. ¡Que os europeos esperten primeiro! Des-

cubriron este ano que América Latina non está nunha situación económica desesperada. Pero cada semana hai centos de conferencias sobre a débeda externa e as *Venas abiertas de América Latina*, sen ter en conta que os capitais entran e xa non saen. Tanto a dereita como a esquerda están retrasadas con respecto á imaxe de América Latina. Unha imaxe feita con bos sentimentos, ¡pero a min non me importan os bos sentimentos! Identificado con América Latina, incomódome con esta visión que considera ós latinoamericanos como fracasados, como víctimas. Os latinoamericanos non son soamente víctimas, fan cousas. Hai que tomar en serio ós latinoamericanos, hai que tomalos como *partenaires*, como parte do sistema mundial, como países onde hai máis elementos de modernidade e de eficiencia que en Europa do Este.

H. N.

Inmigración e galeguismo en Cuba (1879-1939)

Xosé M. Núñez Seixas

A proxección que as ideoloxías e movementos políticos dos países de orixe poden acadar entre as comunidades de inmigrantes europeos de América desde o século XIX, asemade o xogo de interinfluencias e intercambios ideolóxicos a ambas as dúas bandas do océano, constitúen un dos aspectos máis interesantes dentro do fenómeno da emigración. É un tópico afirmar que os movementos migratorios supuñan tamén un trasvase constante de ideas e estímulos organizativos entre Europa e América: así, se a inmigración europea contribuíu á introducción do movemento obreiro en Sudamérica, o conxunto de ideas novas que os inmigrantes europeos, sobre todo os provenientes de países rurais, podía fornecer á volta ás súas áreas de orixe, contribuía en moito a anovar e remover arcaicas estructuras no Vello Continente.

No caso de Galicia, a emigración masiva desde fins do XIX cara a América conlevou toda unha serie de efectos negativos como a despoboación do país, mais igualmente produciu contrapartidas inesperadas: os emigrantes financiaron, por exemplo, toda unha rede de escolas primarias que supliron en boa parte as carencias das infraestructuras educativas do Estado en Galicia[1], asemade promoveron adiantos técnicos

1. Vid. A. Costa Rico. "As sociedades dos 'americanos' e a educación en Galicia", *Revista da Comisión Galega do Quinto Centenario*, 5 (1989), 89-139. Vid. tamén o detallado estudio de V. Peña Saavedra, *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar*, Xunta de Galicia, Santiago, 1991.

na agricultura galega mediante o sostemento de sociedades agrarias e, en boa parte, pagaron coas súas remesas as redencións de foros en Galicia[2], apoiando ó tempo asociacións e publicacións agraristas de axitación anticaciquil[3]. Incluso, emigrantes retornados contribuíron á introducción de formas organizadas de sindicalismo socialista e anarquista[4]. Neste aspecto, a emigración galega cumpría un papel moi semellante ó xogado, de feito, polos emigrantes irlandeses respecto do seu país de orixe desde mediados do século XIX[5].

Semellante fenómeno é observable no caso de diversos movementos nacionalistas europeos que se desenvolveron desde mediados do século XIX. A asunción dos ideais e postulados nacionalistas por parte das comunidades emigradas de alén mar convertía a estas en financiadoras do movemento nacional de casa e xeralmente reviste formas e caracteres máis radicais e maximalistas que no propio país de orixe, sendo en parte ese radicalismo favorecido polo choque cultural do inmigrado co país de acollida[6]. Tensións entre nacionalistas emigrados e nacionalistas europeos tampouco fallaron, en boa medida pola arquetípica meirande *modernidade* e tendencia á asimilación cultural dos emigrantes nas súas sociedades de acollida, o que lles podía facer aparecer como excesivamente "desnacionalizados" ós ollos dos seus compatriotas (tal é o caso, por exemplo, da relación entre os nacionalistas lituanos e os lituanos de EE.UU. desde fins do século XIX)[7]. En moitos casos, ademais, tamén se fai difícil dilucidar entre as comunidades inmigradas cal é o grao de conciencia nacional/rexional (sobre todo no

2. Non existe aínda ningún estudio sistemático sobre este particular. Algunhas indicacións en L. Fernández Prieto, "Estado e sociedade no proceso de renovación tecnolóxica da agricultura galega, 1900-1936", in R. Villares (Ed.), *Donos de seu. Estudos de Historia Agraria de Galicia*, Sotelo Blanco, Barcelona, 1988, 349-420. A. Liñares Giraut, *O Val do Barcala, 1900-1936. Agrarismo, vida política, emigración e cultura*, Feiraco, Santiago, 1986. Vid. tamén R. Villares, *La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936*, Siglo XXI, Madrid, 1982, 396-415.

3. J. A. Durán. *Agrarismo y movilización campesina en el país gallego, 1877-1912*. Siglo XXI, Madrid, 1977.

4. D. Pereira. "A C. N. T. no campo galego: (1931-1936)", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 93-94 (1980), 245-270.

5. K. A. Miller. *Emigrants and Exiles. Ireland and the Irish Exodus to North America*, Oxford U. P., Oxford, 1985. P. J. Drudy (ed.). *The Irish in America. Migration, Assimilation and Impact*, Cambridge U. P., Cambridge, 1985.

6. Tal é a tese de T. S. Brown, *Irish-American Nationalism*, Lippincot Co. Philadelphia-New York, 1966, para o desenvolvemento do nacionalismo irlandés nos EE.UU.

7. Vid. A. Eidintas e A. E. Senn, "Lithuanian immigrants in America and the Lithuanian national movement before 1914", *Journal of American Ethnic History*, 6:2 (1987), 4-19, e V. Greene, *For God and Country. The rise of Polish and Lithuanian ethnic consciousness in America*, 1860-1910, Madison, 1975.

caso de colectividades inmigradas pertencentes a Estados plurinacionais ou con grande diversidade rexional), o que complica aínda máis rastrexar a penetración e influencia de movementos *arredistas*[8]. Os casos lituano, polonés, irlandés, checo, catalán ou basco ilustran, entre outros, esa difícil e á vez multifacética relación entre comunidades emigradas e movementos nacionalistas[9].

O desenvolvemento das ideoloxías e movementos políticos procedentes do país de orixe, e especialmente do nacionalismo étnico, é un fenómeno directamente relacionado co do liderado étnico dentro das colectividades inmigradas. Dependendo da capacidade dos líderes das asociacións dos inmigrantes e dos seus xornais, da súa capacidade para actuar de axentes de permeación dunha ideoloxía específica, o nacionalismo podía penetrar con meirande ou menor forza. De aí que o estudio das élites, como sinalan varios autores, sexa crucial para entender á súa vez as contradicións e identidade do grupo étnico ó que pertencen en conxunto[10].

No caso galego, Cuba configúrase ó longo especialmente da fase *rexionalista* do desenvolvemento do galeguismo político como un foco de grande influencia no devir do movemento. Mesmo é posible afirmar que boa parte do peso específico do galeguismo ata a primeira década do século XIX recaeu na colectividade galega de Cuba. Os primeiros pasos para a creación dunha Academia do idioma galego partiron precisamente de La Habana; o himno galego estreouse por primeira vez nesa cidade, e ó tempo un desenvolvemento vertixinoso e unha prematura radicalización do nacionalismo galego ten lugar en Cuba durante a década dos 20, mais ó final da mesma a penas ficaba pegada dese precoz desenvolvemento, ó contrario que nas comunidades galegas do Plata, que coñecen o meirande auxe do galeguismo durante os anos da II República e na inmediata posguerra[11]. Como expo-

8. Así o ten sinalado para o caso dos emigrantes italianos en EE. UU. E. Brun-Rovet, "Ethnic consciousness among immigrants", en C. Fried (ed.), *Minorities. Community and Identity*, Springer Verlag, Berlin/Heidelberg/New York/Tokyo, 1983, 61-68.

9. Á parte dos xa citados, vid. A. Brozek, "The National Consciousness of the Polish Ethnic Group in the United States 1854-1939. Proposed model", *Acta Poloniae Historica*, 27 (1978), 122-148. V. Castells, *Catalans d'América per la independència*, Pórtic, Barcelona, 1985. A. de Astigarribia, *Abertzales en la Argentina*, Alderdi, Bilbao, 1985. J. Brumme e R. Schubert, "Die Katalanen in Kuba. Sprache und Kultur im 19. und 20. Jahrhundert", *Zeitschrift für Katalanistik*, 4 (1991), 263-283. Sobre o caso galego en xeral, vid. X. M. Núñez Seixas, *O galeguismo en América*, 1879-1936, Ed. do Castro, A Coruña, 1992, (no prelo).

10. Vid. J. Higham. "Introduction. The forms of the Ethnic Leadership", in J. Higham (ed.), *Ethnic leadership in America*, Johns Hopkins U. P., Philadelphia, 1978, 1-16.

11. Vid. X. M. Núñez Seixas. "Emigración y nacionalismo gallego en Argentina, 1879-1936", *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, 15-16 (1990), 379-412, e id., "Eduardo Blanco Amor no nacionalismo galego (1919-1939). Liderado étnico e galeguismo", *Grial*, 108 (1990), 448-466.

remos, a diferencia de comportamentos debeuse no caso cubano, entre outros factores, á diferente capacidade de manobra das minorías nacionalistas para cumprir un rol de *ethnic leadership*.

A FORMACIÓN DA COLECTIVIDADE GALEGA DE CUBA

É difícil calcular cantos foron os galegos chegados a Cuba (xa que as fontes só mentan inmigrantes "españois" en xeral), aínda que é indubidable que os galegos constituían a maior parte dos inmigrantes ibéricos na illa. A política cubana desde fins do século XIX foi claramente poboacionista, dirixíndose a fomentar a inmigración para satisfacer a crecente demanda de man de obra no campo (ó igual que o fora durante a etapa de administración española na illa). Galegos e canarios eran considerados máis aptos para os labores agrícolas, asemade fomentouse a inmigración de galegos para traballaren nas minas [12]. Con todo, establecer a distribución socio-profesional exacta da inmigración galega en Cuba é imposible, e só se poden dar estimacións cualitativas: á súa chegada a Cuba, os emigrantes españois declaraban ser nun 48% do sector primario, un 25% propietarios, e un 20% do ramo do comercio e servicios; no período 1907-1913, un 60% dos inmigrantes españois declaraba ser xornaleiros de profesión, e un 25% labregos. A preponderancia de xornaleiros e labregos entre as profesións de orixe continuou entre 1914-1918 (90%), 1920-1924 (99%), baixando ata un 73,44% no período 1925-1927[13]. C. Naranjo ten apuntado que en Cuba os inmigrantes galegos se concentraron especialmente no sector comercio e actividades de servicios, e na agricultura, desempeñando ademais oficios característicos coma o de "bodeguero"[14].

A comunidade galega en Cuba tendeu desde fins do século XIX a configurar e artellar o seu propio entramado societario de asociacións de axuda mutua case ó mesmo tempo que outras colectividades ibéricas. As sociedades de base étnica adquiren grande relevancia ó desempeñar, entre outras funcións, a de ser organismos destinados á protección do inmigrante, actuando como "amortecedor" do choque

12. C. Naranjo Orovio. "El proceso inmigratorio gallego en Cuba en el siglo XIX", en X. Castro de J. de Juana, *V Xornadas de Historia de Galicia. Galicia y América. El papel de la emigración,* Deputación Provincial, Ourense, 1990, 231-252. Da mesma autora, "Análisis histórico de la emigración española a Cuba, 1900-1959", *Revista de Indias,* XLIV: 174 (1984), 505-527.

13. F. Iglesias García. "Características de la emigración española a Cuba, 1904-1930", en N. Sánchez Albornoz (comp.), *Españoles hacia América. La emigración en masa, 1880-1930.* Alianza Editorial, Madrid, 1988, 270-295.

14. C. Naranjo Orovio. *Del campo a la bodega. Recuerdos de emigrantes gallegos en Cuba (siglo XX).* Ed. do Castro, A Coruña, 1988.

cultural sufrido por aquel á súa chegada, posibilitando a súa incorporación/adaptación ó novo país, cubrindo as súas necesidades efectivas, económicas e culturais, nos primeiros momentos, ademais de procurar traballo ó recén chegado[15]. Como sinala Devoto, as sociedades de base étnica seguen unha evolución diferente ás de base profesional: pouco interesadas na política do país receptor e en actitudes contestatarias cara ó Estado, provistas en moitos casos dunha forte solidariedade interclasista de matiz rexional/nacional, son "más una alternativa que un complemento de las asociaciones de reivindicación gremial o social"[16]. Como líderes de tales asociacións xogarán un papel predominante os membros máis salientados polo seu éxito profesional, os *imprenditori* da comunidade en cuestión. Como lembra A. E. Fernández, para que o asociacionismo étnico puidese desenvolverse rapidamente, como de feito fixo, tiña que satisfacer as necesidades máis perentorias de auxilio por parte dos sectores máis populares do grupo étnico inmigrado, e ó tempo ofrecer ós sectores medios e altos do mesmo a posibilidade de fortalecer a súa posición de representantes da colectividade perante o país receptor[17]. Neste senso, o liderado étnico tamén podía amosarse como unha influínte posibilidade de facer política e de desenvolver toda unha actividade proselitista para intelectuais e líderes políticos exiliados en América[18]. Posibilidade tamén aberta para os republicanos galegos tras o fracaso da I República e a Restauración monárquica (1874): varios grupos de exiliados galegos acharon nas incipientes comunidades galegas de América un eido propicio para o desenvolvemento libre dos seus proxectos[19].

O fenómeno do asociacionismo *rexional* de seu non ten por que levar á doada conclusión de que os tecidos societarios galego e español fosen excluíntes. Pola contra, tendían a se complementaren: en Cuba, as asociacións locais e comarcais eran sen máis un reflexo do trasvase de formas comunitarias desde Galicia ó novo país, asociándose o recén chegado ó Centro Galego para gozar da súa protección mutualis-

15. C. Naranjo Orovio. *Del campo...*, 96-97.

16. F. J. Devoto. "Las sociedades italianas de ayuda mutua en Buenos Aires y Santa Fe. Ideas y problemas", en *Studi Emigrazione/Études Migrations*, 75 (1984), 320-341.

17. A. E. Fernández. "Patria y cultura. Aspectos de la acción de la élite española en Buenos Aires (1890-1920)", en *Estudios Migratorios Latianoamericanos*, 6-7 (1987), 25-46.

18. Un caso paradigmático foron, por exemplo, os republicanos mazzinianos que xogaron un rol decisivo como élites dirixentes entre os italianos de Buenos Aires durante o século XIX. Vid. F. J. Devoto, "La primera élite política italiana de Buenos Aires (1850-1880)", en *Studi Emigrazione/Études Migrations*, 94 (1989), 163-194.

19. J. A. Durán, *Crónicas-3. Entre la Mano Negra y el nacionalismo galeguista*, Akal, Madrid, 1981, 125-149. Id., "Socialistes et galicianistes de formation fedéraliste", en *Le Mouvement Social*, 128 (1984), 97-111.

ta, e á súa sociedade local para convivir cos seus conveciños[20]. Se ben en Cuba a rede societaria española global era menos asentada que en Buenos Aires, non por iso deixou de existir na maioría dos casos unha complementariedade entre ambos os dous, semellante ó caso porteño[21].

Na formación da comunidade étnica inmigrada é preciso distinguir dous niveis de interacción: dunha banda, a "pequena comunidade", e doutra a *large community,* entre as que se establece un reparto de funcións tácito[22]: mentres a primeira atende ó conxunto de necesidades de cada día, a segunda atende ás relacións do grupo étnico co exterior. Entre ambos os dous niveis interponse unha élite dirixente que adquire a súa lexitimidade na representatividade interna. Á súa vez, Higham distingue dous tipos de élites: unha, orientada cara á asimilación, e outra *positive leadership* orientada cara ó centro do grupo étnico e normalmente composta de intelectuais, profesionais, xornalistas, etc. Do enfrontamento/harmonización delas dependerá entre outras cousas a axeitada transmisión dun ideario político desde o país de orixe ou á comunidade connacional emigrada. O galeguismo en Cuba —ó igual por exemplo que o agrarismo— pode considerarse precisamente como un fenómeno que primeiramente atinxiu a parte desas élites.

Xa cara a 1804 fundouse en Cuba a primeira sociedade galega coñecida, baixo a advocación do Apóstolo Santiago[23]. Haberá que esperar ata o terceiro tercio do XIX para atopar as primeiras e verdadeiras insitucións mutualistas galegas: no 1871 constitúese por 34 galegos en La Habana a Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia. Tamén neses anos naceron as primeiras agrupacións culturais que xogaban un papel certo no mantemento dun "espírito rexional" a través do cultivo do folclore galego: por exemplo, o orfeón Ecos de Galicia en 1872. A iniciativa sobranceira foi non embargantes a fundación en 1878 do Centro Gallego de La Habana (a iniciativa do xornalista W. Álvarez Insúa e o seu órgano *Eco de Galicia*). Á parte da súa actividade asistencial, o Centro apoiou as iniciativas rexionalistas en Cuba e en Galicia. Nos anos sucesivos, e especialmente desde os primeiros anos do século XX, irán constituíndose pequenas sociedades nas que se reunían e xuntaban os orixinarios dun mesmo

20. C. Naranjo Orovio. *Del campo...,* 130-132.

21. A. E. Fernández. "El mutualismo español en Buenos Aires, 1890-1920. Un estudio de caso", *Cuadernos de Historia Regional,* 3:8 (1987), 36-71.

22. J. Higham, art. cit.

23. C. Sixirei. *A emigración.* Galaxia, Vigo, 1988, 103.

concello ou freguesía, adicadas a maioría delas ó fomento e expansión do ensino en Galicia e á fundación de escolas nas súas áreas de orixe —cun trasfondo ideolóxico difuso que vía na instrucción un arma para a redención do campesiñado, que podía servir tanto para a loita contra do caciquismo, como para unha mellor preparación cara a unha futura emigración—. Esas asociacións tamén apoiarán os movementos e asociacións *agraristas* que se suceden en Galicia desde fins do século XIX co propósito de acadar a emancipación do campesiñado mediante a abolición do caciquismo e dos foros[24]. En 1904 fundouse a primeira *Sociedad de Instrucción* comarcal galega de La Habana, La Aresana, continuándose a tendencia nos anos sucesivos: no 1912 había xa 48 sociedades de instrucción, 81 en 1929, e 105 en 1933[25] (das que 86 pertencían ese ano ó Comité Representativo de las Sociedades de Instrucción en La Habana (CRSI). Este conglomerado de sociedades, de carácter xeralmente moito máis aberto a inquedanzas ideolóxicas progresistas —fronte ó conservadorismo apolítico tradicional do que farán gala os centros galegos— organizarase desde 1909 no CRSI. Xa no 1909, co fin de superar localismos e axuntar esforzos, formouse en La Habana a sociedade Hijos del Partido de Vivero, e en 1912 callou por pouco tempo a coordinación das sociedades de Ferrol, Viveiro, Coles e Mañón (que se dotaron dun órgano propio, *Pro Galicia*), dando lugar á Federación Galaica. Estas federacións, como máis tarde o Comité, non chegaron, con todo, a adquirir o dinamismo socio-político que caracterizou en Buenos Aires, por exemplo, á Federación de Sociedades Gallegas, Agrarias y Culturales (FSG).

A actitude das Sociedades de Instrucción perante o galeguismo foi bastante equívoca e poucas veces se achegaron a el, ó contrario ca en Buenos Aires. A ensinanza do idioma galego, por exemplo, foi rara vez contemplada nos plans pedagóxicos e estatutos das sociedades, aínda que en ocasións se rexistrasen posturas positivas tanto ó fomento do idioma de Galicia como á valorización da cultura galega nas escolas sostidas polas sociedades. Así, nalgúns casos, incluíronse materias como Historia, literatura e lingua galega.

24. J. A. Durán. *Agrarismo y movilización...*, op. cit. Neste aspecto, o paralelismo co papel xogado polos *Irish-Americans* a prol da *Land reform* en Irlanda é máis ca evidente. Vid. R. Walsh. "Irish nationalism and Land Reform: the role of the Irish in America", en P. J. Drudy, *op. cit.*, 121-148.

25. A. Costa Rico. "La emigración gallega y su acción cultural-educativa en sus países de origen", *Indianos. Monografías de los Cuadernos del Norte,* Oviedo, 1984, 35-44.

A aparición dunha prensa galega en Cuba foi o fenómeno paralelo salientable, en parte estudiado e censado por X. Neira Vilas[26]. Neste eido, a influencia do galeguismo será maior que a súa real dimensión político-organizativa, xa que ademais desde fins do século XIX a maioría da intelectualidade galega milita no eido nacionalista: de aí que a súa repercusión na prensa galaico-americana sexa notable. De feito, os galeguistas cubanos serán en boa parte tamén xornalistas. Con todo, dun total de 71 periódicos galegos censados por Neira Vilas en Cuba, só 5 presentaron un carácter militantemente galeguista (7%), e 20 mostráronse máis ou menos favorables ó movemento galeguista nas súas diversas fases (28,16%). No cadro 1 vemos a distribución idiomática da prensa galaico-cubana:

CADRO 1

Idiomas dos periódicos galegos en Cuba

Só galego	3	4,22 %
Bilingües español/galego	47	66,19 %
Con mínima presencia do galego	2	2,81 %
Só español	15	21,12 %
Sen datos	4	5,63 %

(fonte: X. Neira Vilas (1985), p. 16)

O maioritario bilingüísmo da prensa galega en Cuba é porén enganoso, pois a maioría dos xornais bilingües adoitaban reservar o galego para as composicións literarias (contos, poesía, etc.). Fóra dos órganos de simpatías claramente nacionalistas desde 1920 é realmente difícil atopar artigos de opinión redactados na lingua de Galicia.

PRIMEIROS GROMOS DE GALEGUISMO EN CUBA: O REXIONALISMO

As asociacións galegas de Cuba, desde fins do século XIX, constitúense nun punto de referencia obrigado para o incipiente movemento rexionalista: malia non posuír un carácter oficial rexionalista, afirma Máiz, neles aquel tiña un meirande eco que na mesma Galicia[27]. Nas orixes do asociacionismo galego na illa, ademais, sitúase —o mes-

26. X. Neira Vilas. *A prensa galega de Cuba*. Ed. do Castro, A Coruña, 1985. Vid. tamén M. C. Pérez Páis. "A prensa da emigración. Análise e valoración", en J. de Juana / X. Castro (eds.), *III Xornadas de Historia de Galicia. Sociedade e Movemento Obreiro en Galicia*. Deputación Provincial, Ourense, 1986, 161-184.

27. R. Máiz. *O rexionalismo galego. Organización e ideoloxía*, 1886-1907. Ed. do Castro, A Coruña, 1984, p. 124.

mo que en Buenos Aires— un certo pulo rexionalista, fomentado por unha minoría de intelectuais galeguistas recentemente inmigrados. Ese tipo de exiliados máis ou menos voluntarios convértense en abandeirados e voceiros da comunidade, interpretando en boa medida o desexo de "dignificación social" de amplas camadas de inmigrantes galegos[28]. O republicanismo federal e o rexionalismo son as procedencias deses líderes.

Waldo Álvarez Insúa é un claro caso en La Habana. Xornalista precoz, de ideas rexionalistas avanzadas, emigra a Cuba en parte por problemas políticos no 1877 e xa no 1879 edita e dirixe o semanario *El Eco de Galicia,* que desde un comezo se aliña decididamente coa causa rexionalista. Desde o seu periódico, Insúa alenta a formación dun Centro Gallego sobre a base da preexistente Sociedad de Beneficencia Gallega creada no 1872. O Centro tería tres fins: 1) Instrucción dos galegos inmigrados, 2) protección dos traballadores galegos, 3) finalidade cultural: a creación dunha sección de instrucción que impartise no sucesivo ensinanzas de varias materias, e contaría cunha biblioteca, sección de Filarmonía e outra de Declamación (a partir dos elementos da extinta coral Ecos de Galicia)[29], en contacto coas outras corais galegas existentes na illa (Cuerpo de Baile Gallego, Aires da Miña Terra, Glorias de Galicia, etc.).

O Centro Gallego, baixo o decidido pulo de Insúa e máis tarde de Curros Enríquez, apoiará ó patriarca Murguía, e subvencionará algunhas das súas obras. Isto tamén se explica a partir das relacións cordiais que desde a fundación das sociedades galegas de Cuba viña mantendo o patriarca con elas: desde as páxinas do órgano oficioso dos galeguistas *La Ilustración Gallega e Asturiana* xa adicara varios artigos a salientar o labor da Junta de Beneficencia de Naturales de Galicia en 1879[30].

Murguía seguirá a adicar desde o seu órgano *La Patria Gallega* de Santiago acesas loanzas ás asociacións de Cuba durante a derradeira década do XIX, salientando o exemplo que os galegos de Cuba darían ós de Europa, como mostra "de nuestro poder como nación, y de nuestro provincialismo como hijos de Galicia"[31]. A súa actitude peran-

28. X. R. Barreiro Fernández. "Los gallegos de América y la recuperación política de Galicia", en *Indianos...*, cit., 50-54; vid. do mesmo autor, *Historia de Galicia.* Ed. Gamma, A Coruña, 1983, vol. IV, 262-264.

29. Esta fora fundada no 1872 por Hixinio Vidales.

30. M. Murguía. "Los individuos de la Junta de Beneficencia de Naturales de Galicia en La Habana", en *La Ilustración Gallega y Asturiana,* vols. 29, 33, 35, 36 (Madrid, 1879).

31. Tal afirmaba Murguía ó comentar a Memoria do Centro Gallego de La Habana de 1890: M. Murguía. "El Centro Gallego de La Habana", en *La Patria Gallega,* n.2, 15.IV.1891, p. 2.

te a emigración, non embargantes, será menos crítica, pois a *Galicia de alén mar* era considerada polo galeguismo como un "exemplo" para a Galicia europea [32]. O Centro Gallego tamén se distinguirá por unha serie de iniciativas curiosas mais significativas, en canto supoñen a afirmación dunha conciencia cultural propia e definida: por exemplo, a contribución para a construcción dunha estatua ó poeta Pastor Díaz, ou para a erección dun mausoleo a Rosalía de Castro en Santiago. Igualmente, tamén avogou nalgunhas ocasións diante do Goberno de Madrid a prol de reivindicacións galegas: en xuño de 1889, perante o Ministerio de Ultramar, protestou para que non se suprimisen as escalas de vapores caribeños no porto de A Coruña, autotitulándose "Instituto Regionalista en defensa de los intereses e glorias de Galicia" [33]. Tamén interviu enviando donativos e aportacións económicas a Galicia, con ocasión dalgúns desastres e catástrofes naturais.

Co gallo da publicación no 1888 do volume III da *Historia de Galicia* de Murguía, soporte básico da fundamentación teórica do galeguismo posterior, a mobilización levada a cabo no seo da colectividade galega de La Habana deixou albiscar que entre ela se sentía a necesidade de dotar a Galicia dunha historia propia, *nacional*. J. Ruibal manifestaba así no 1895, que "Pueblo sin *Historia* es pueblo muerto; y nosotros queremos unha Galicia viva (...) publicar su Historia. Este es el único medio de eternizar el nombre y memoria de la patria" [34]. Cando tamén Murguía publicou en 1889 o folleto *El Regionalismo,* engadiuse un limiar de Insúa e unha "Carta abierta. Epílogo" con 1.200 sinaturas de inmigrantes galegos no seu apoio [35].

Non embargantes, serán algúns personaxes salientados da colectividade os que confiran contido ideolóxico máis preciso á mobilización rexionalista. Xa anteriormente a 1878 circulaban en La Habana obras en galego do *Rexurdimento* literario (Rosalía de Castro, Lamas Carvajal) gracias á xestión do editor rexionalista, comprometido co provincialismo en Galicia e emigrado a Cuba no 1859, Alexandre Chao, dono da Compañía libreira "La Propaganda Literaria" [36]. Será Waldo Álvarez

32. Vid. X. M. Núñez Seixas. "Actitudes del nacionalismo gallego frente al problema de la emigración gallega a América (1856-1936), en *Studi Emigrazione/Études Migrations,* 102 (1991), 191-217.

33. *La Voz de Galicia,* 29.VI.1889 (Cit. por R. Máiz, *op. cit.*, p. 125).

34. *La Tierra Gallega,* n. 59, 8.II.1859.

35. R. Máiz, *op. cit.*, p. 73.

36. Neira Vilas, *op. cit.*, p. 16. Chao fora promotor dos periódicos provincialistas *La Oliva* (1856-57) e *El Miño* (1857-69), e asemade alma mater con Xoán Compañel das iniciativas galeguistas-progresistas do primeiro provincialismo. En 1859 xa funda "La Propaganda Literaria", editora do órgano rexionalista *La Ilustración Gallega y Asturiana*..

Insúa o primeiro *factotum* do galeguismo en La Habana, desde o seu órgano *El Eco de Galicia*. Este seguía con atención o desenvolvemento do rexionalismo político en Galicia, aliñándose preferentemente co rexionalismo liberal representado por Murguía, asemade alentaba todas as iniciativas de cariz pro-galeguista do Centro Gallego habanero (do que era unha sorte de voceiro oficioso). *El Eco de Galicia* aludiu e apelou a todos os temas recorrentes do rexionalismo murguiano e mesmo moderadamente do federal de A. J. Pereira: fundamentación histórico-nacional de Galicia na patria medieval sueva, unidade interclasista de todos os galegos... ó que se engade un "rexeracionismo" optimista segundo o cal Galicia contaba cunha xeración de intelectuais e líderes (rexionalistas) que axudarían a soerguer o seu prestixio. Isto e a defensa a ultranza da dignidade do inmigrante galego fronte a calquera tipo de menosprezo e auto-odio en terras americanas, serían un resumo da súa mensaxe [37].

En Cuba, a diferencia de Arxentina ou Uruguay, o feito de se acharen aínda nunha colonia española obrigaba ós rexionalistas a moderar o ton das súas reivindicacións e a expor estas coa meirande cautela. Co comezo das loitas pola independencia cubana, o españolismo da colectividade galega incrementaríase, co que, segundo Durán, eran distinguibles tres posturas: 1) a oficial de "ir tirando"; 2) a favorable á independencia cubana (só compartida por algúns galegos moi arraizados na illa); 3) a autonomista, defendida por unha parte da burguesía inmigrada con certos vencellos cos crioulos. En moitos casos, non embargantes, o defender a autonomía cubana tamén implicaba a posibilidade de ampliar o marco de autogoberno rexional á totalidade do Estado español [38].

Esta derradeira foi a postura adoptada por Insúa, quen ademais abeiraba en *El Eco de Galicia* as colaboracións desde Galicia dos líderes rexionalistas, especialmente do sector liberal —Galo Salinas, Vicenti, e Murguía— [39]. Con todo, Insúa só serodiamente se definiu a si mesmo como "rexionalista", preferindo o termo máis antigo e tépedo de "provincialista". É así que logo da independencia de Cuba non

37. R. Máiz, *op. cit.*, p. 73. Unha mostra das concepcións políticas de Insúa pódese observar en varios artigos seus, como "Brindis pronunciado...", en *El Eco de Galicia*, n. 334, 17.XI.1888, 1-2; "Eduquemos", en *El Eco de Galicia*, n. 296, 25.II.1888, 1-2, e asemade na súa obra *Ecos de mi patria* (A Coruña, 1892).

38. J. A. Durán. *Crónicas-3...*, 140-142.

39. Vid., por exemplo, a serie de artigos de Murguía co título "El Regionalismo gallego", desde o n. 362 (1.VI.1889) ata o n. 369 (20.VII.1889). En troques, as colaboracións dos rexionalistas conservadores tenderon a ser moi escasas. Vid., por exemplo, A. Brañas. "El regionalismo en el norte de Europa", en *El Eco de Galicia*, n. 591, 21.X.1893.

poderá aturar o novo contexto político e establecerase en España de novo[40].

Outros xornalistas e intelectuais galegos desenvolveron un fructífero labor cultural en Cuba antes de 1900. Manuel Lugrís Freire, escritor e xornalista, emigrado á illa no 1883 (onde escribiu a peza teatral *A costureira da aldea),* e Ramón Armada Teijeiro, quen foi secretario do Centro Gallego, tamén poeta e autor teatral en galego (notoria foi a súa obra *Non máis emigración,* 1886), fundaron e dirixiron conxuntamente o semanario satírico *A gaita gallega* (xullo de 1885-decembro de 1887, continuado máis tarde como suplemento de *El Eco de Galicia*). Malia o seu carácter apolítico, trátase do primeiro órgano publicado integramente en idioma galego, e defendeu en toda circunstancia a dignidade e modernidade da lingua de Galicia, asemade contribuíu a difundir os mitos *nacionais* da súa Historia elaborados polo rexionalismo, e obras galeguistas de fasquía populista coma o *Catecismo do labrego* de Lamas Carvajal[41]. Outros órganos galaico-cubanos, como *La Voz de Galicia,* fundado en marzo de 1892 e dirixido por Juan G. Montenegro, malia se declararen "Regionalista e de noticias", eran porén monolingües en castelán. O pequeno periódico bilingüe *O Antroido* (1886) revestiu un carácter satírico semellante a *A gaita gallega.* Pola súa parte, Xosé Novo García editou e dirixiu o semanario *Galicia Moderna* entre 1885 e 1888, desde o que tamén se expuxeron os postulados rexionalistas (acollendo entre os seus colaboradores a Murguía, Barcia Caballero, Alfredo Brañas, Lamas Carvajal, á parte de rexionalistas galaico-cubanos como Lugrís Freire ou o bonaerense M. Castro López), e que promoveu unha subscrición popular en La Habana para erixir un monumento á memoria de Rosalía de Castro en Padrón[42].

Máis relevancia revestiu o semanario bilingüe *La Tierra Gallega,* publicado entre abril de 1894 e novembro de 1896, e dirixido por Manuel Curros Enríquez. Este posuía xa un longo currículo como axitador e xornalista republicano, e mudou cara ó rexionalismo galego na súa estadía en Cuba. No decurso da súa etapa madrileña (1883-1893) xa establecera vencellos coa colonia galega da illa, e emigrou a

40. En Galicia, presidiu durante algún tempo a Liga Gallega de A Coruña, e guindou varias iniciativas para a potenciación e unificación do rexionalismo galego que acharon pouco eco. Desde 1900 radicouse en Madrid, fundando o Centro Gallego desta cidade. Manterase afastado da política ata a súa morte en 1938, e só durante a década dos 20 deixou oír a súa voz nos xornais para se pronunciar contra o "exceso" que ó seu xuízo supuña o nacionalismo das Irmandades. Entre as súas obras deste período, cóntanse *La emigración* (Madrid, 1902), e *Últimos días de España en Cuba* (Madrid, 1902).

41. X. Neira Vilas. *op. cit.,* 53-54.

42. Ibidem, 61-63.

Cuba en 1894 por razóns políticas. Durante a súa etapa cubana (1894-1906), Curros adurmiña un tanto os seus ideais republicanos e vai tinguindo o seu celme ideolóxico dun galeguismo cultural e emotivo, aguzado pola vivencia da emigración, aínda que non chega realmente a teorizar a súa propia construcción do galeguismo ou da nacionalidade galega[43].

Co apoio da Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia, e desde o seu semanario, Curros Enríquez defenderá os intereses societarios da colectividade galega, avogando pola unidade de todas as institucións galaicas de Cuba co obxectivo de que aquela adquirise capacidade de influencia social e política sobre a propia Galicia. En *La Tierra Gallega* tamén terán acollida artigos da plana maior do rexionalismo galego europeo (Galo Salinas, Vicenti). Para o seu director, o rexionalismo había ser o vencello de unión e o ideal orientador de todos os galegos e do Centro galego en particular: afirma así que

> El Centro Gallego es eminentemente regionalista [...] y como en el regionalismo caben todas las opiniones políticas e los estatutos del Centro le vetan inmiscuírse en política e religión, ni puede censurar a un gallego por su conducta política [...]. Necesitamos emplear toda nuestra inteligencia, todas nuestras fuerzas, en el desarrollo de la idea regionalista. Nuestro credo es claro: Galicia, sin explotación y sin caciques[44].

Curros rexeitaba abertamente o arredismo, e tamén o cubano: é decidido partidario da concesión á illa dun amplo estatuto de autonomía, que tamén segundo el podería espallarse a Galicia. Temía ademais que a independencia cubana puidese supoñer o triunfo da raza negra sobre a branca, e para evitalo sería preciso poñer en funcionamento unha sorte de "integración de las regiones en una totalidad nacional, como sucede en Italia, en Alemania y en América del Norte"[45]. O seu galeguismo obedecía tamén á posición clásica do rexionalismo descentralizador que tería o seu teito nunha autonomía administrativa que outorgase ás "provincias" unha serie de servicios e competencias, deste xeito o Estado podería encargarse doutras funcións e ser máis eficaz[46]. De feito, ese rexionalismo sería *apolítico* na súa praxe: o Curros republicano pasa a abeirar no seu periódico mesmo a rexionalistas católico-

43. F. Rodríguez. *A evolución ideolóxica de M. Curros Enríquez*. Galaxia, Vigo, 1973, 130-140.
44. *La Tierra Gallega*, n. 67, 28.IV.1895, p. 1.
45. *La Tierra Gallega*, n. 66, 24.III.1895.
46. *La Tierra Gallega*, n. 51, 1.I.1895, p. 2.

conservadores como Brañas ou Juan Freire (recén emigrado a Cuba no 1895)[47].

As relacións entre Curros Enríquez e Álvarez Insúa, e xa que logo entre *La Tierra Gallega* e *El Eco de Galicia,* non serán moi cordiais: dunha banda, a Insúa non lle agradaba a competencia periodística de Curros no seu terreo; doutra banda, o carácter, malia as súas concesión, máis populista e demócrata deste batía co meirande conservadurismo de Insúa. Así, cadaquén apoiou candidaturas diferentes nas eleccións a apoderados do Centro Gallego, saíndo triunfante en 1895 a promovida por *La Tierra Gallega,* de carácter máis popular e progresista. Esa rivalidade tivo consecuencias negativas para o galeguismo cubano no futuro, en canto supuña a falta de cohesión da élite intelectual rexionalista cando esta se atopaba nun bo momento para exercer a súa influencia.

Coa guerra de independencia cubana, e a efectiva perda da illa por España en 1898, pódese afirmar que este primeiro rexionalismo galego-cubano sufriu un *impasse* forzado, en parte tamén pola marcha á península de varios líderes significativos: a parte do mesmo Insúa, retornaron Alexandre Chao en 1893, Lugrís Freire en 1896, Armada Teijeiro en 1900... A inestabilidade política conseguinte de Cuba, e o receso momentáneo ó voltante do século do fluxo inmigratorio galego, forzarán tamén a esa inactividade. Malia ó relativo fracaso do primeiro rexionalismo galego-cubano, este cumpriu un activo papel de propaganda e concienciación ideolóxica, e se non obtivo meirandes froitos, foi tamén debido: a) ás rivalidades internas da élite galeguista; b) ás especiais circunstancias de Cuba (en conflicto co poder español); c) á propia falla de organización e madureza do rexionalismo político en Galicia. Con todo, o sobranceiro papel xogado por Álvarez Insúa á súa volta a Galicia tamén demostrou que en parte, polo menos, o "centro de gravidade" do rexionalismo galego se achaba na illa caribeña. O Centro Gallego de La Habana, pola súa parte, aínda que non constituíu de seu unha institución rexionalista, configurouse, segundo Máiz, como "unha auténtica institución de apoio, material e moral, ó movemento rexionalista, cunha presenza eficaz e constante, non meramente episódica" [48].

47. Por exemplo, J. A. Freire, "La causa regionalista", en *La Tierra Gallega,* n. 97, 24.XI.1895, p. 2: "El regionalismo opónese a lo absoluto, a la concentración política e económica [...]. Así bate el regionalismo a los grandes acaparadorés del poder, mientras desarma al socialismo con las leyes individuales del amor al hogar y el respeto a la propiedad privada".

48. R. Máiz, *op. cit.,* p. 125.

A PARÉNTESE DE COMEZOS DE SÉCULO. O APOIO Á ACADEMIA GALEGA

A pesar da certa paréntese imposta ó galeguismo en Cuba durante a primeira década do século XX, e en xeral o descenso do dinamismo societario da colectividade galega da illa no período de adaptación ó novo contexto político, o que ficou do grupo de pro-galeguistas que cristalizara arredor da prensa galega e do Centro habaneiro, agora centrado basicamente por Curros Enríquez —quen si remaneceu en Cuba ata a súa morte no 1908, traballando na prensa cubana— seguiu a desenvolver actividades culturais varias (coma o fomento de orfeóns e coros folclóricos). Froito desa actividade será por exemplo a estrea en La Habana do *Himno Galego,* en decembro de 1907. Algúns xornais, polo demais, seguiron amosándose abertos ó rexionalismo, aínda que sen a femencia que caracterizara por exemplo a *El Eco de Galicia.* Entre eses novos órganos contábanse *Follas Novas,* semanario bilingüe editado por F. J. Ramil e Antón P. de Cea, que apareceu entre xuño de 1897 e setembro de 1908, ou *Galicia,* semanario fundado en xullo de 1902 por V. López Veiga, sucedido no 1906 por Constantino Horta e Pardo. Doutra banda, desde 1903/04 un bo número de sociedades parroquiais e comarcais galegas comezou a aparecer en La Habana, que xa no 1912 sumaban máis de 48. Xa vimos que por eses anos naceu o Comité Representativo que agrupaba ás sociedades *de instrucción.*

Neste marco societario, que desde entón se irá dinamizando progresivamente, os núcleos pro-rexionalistas serán abaneados por un artigo de Murguía publicado no boletín *La Temporada* de Mondariz e reproducido no habaneiro *Galicia* en 1905, que incitaba á creación dunha Academia Galega co fin de preservar e cultivar o idioma gallego. Tal iniciativa achou un eco certo entre os galeguistas cubanos, especialmente en Curros Enríquez e o obreiro tipógrafo ferrolán Xosé Fontenla Leal, quen xa en 1886 promovera a *Revista de Galicia*[49]. Ó chamamento á súa vez de Curros respostaron os rexionalistas coruñeses, con quen mantiña excelentes relacións, sumándose ós traballos preparativos para a fundación da entidade.

Así, cara a xuño de 1905 constituíuse en La Habana por inciativa de Curros e Fontenla a Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega (AIP), co obxectivo de financiar e apoiar a creación

49. Xosé Fontenla Leal naceu no 1865 e emigrou a Cuba ós catro anos de idade. En La Habana, traballou de debuxante litógrafo, e morreu na mesma cidade en 1919. Sobre este personaxe, centro motor do galeguismo en Cuba durante a primeira década do século, vid. X. Alonso Montero, "Un obreiro, Curros e a Academia", en Id., *Informe(s) sobre a lingua galega (presente e pasado).* Ed. do Cumio, Pontevedra, 1991, 151-155.

dunha Academia galega que na súa primeira fase debería "formar el Diccionario Gramática de nuestra lengua". Unha vez constituída, dirixiuse a Murguía, indicándolle os seus propósitos e asegurándolle o financiamento preciso desde Cuba[50]. O regulamento da AIP establecía que se haberían de crear tres seccións na Academia (Historia, Literatura e Belas Artes, Ciencias). No seu primeiro artigo, definía como primeira finalidade

> constituir [...] una Academia Gallega ajena a toda idea política y religiosa sin más carácter que el de dar unidad al idioma gallego por medio de la publicación de una Gramática y un Diccionario; estudiar nuestras ciencias; cultivar la literatura y las artes, incluídas las industriales; recoger nuestros cantos populares y nuestros monumentos arqueológicos y realizando cuanto tienda a enaltecer y glorificar el buen nombre de Galicia[51].

Murguía manobrou rapidamente, e en outubro de 1905 formalizábase xa a constitución da Real Academia Gallega, con sede na Coruña. No regulamento da AIP estipulábase tamén claramente o bilingüismo interno da institución e así mesmo que se fomentaría a constitución de delegacións da Academia nas capitais de Hispanoamérica[52].

Así, se a Academia desempeñou desde entón un traballo cultural de artellamento do mundo literario galego —cun éxito só relativo—, a AIP cubana xogou un rol case exclusivamente financiador, que se alimentaba coas cotas dos seus asociados e os ingresos que fornecían os festivais galegos que organizaban en La Habana. Dentro da asociación, non embargantes, conviviron personaxes con moi diversas valoracións do idioma galego: desde a de idioma puramente literario, —caso do comerciante e presidente do Centro Gallego, Angel Barros— deica a de vehículo de recuperación da identidade galega. Neste senso, na asociación formáronse varios cadros do galeguismo posterior, tanto en Cuba como —unha vez retornados— en Galicia: caso da cubana filla de galegos Mercedes Vieito Bouza, o xornalista Roberto Blanco Torres, o autor teatral Alfredo Nan de Allariz, secretario da AIP (quen no 1914 editou o periódico *O tío Marcos*), ou o mesmo Xosé Fontenla. Malia se declarar apolítica, a actividade da AIP habaneira presentaba unha tendencia coincidente co galeguismo, en canto termaba de fomentar a cultura galega autóctona a través do idioma, para así sentar os alicerces dunha personalidade *rexional* peculiar e afirmada. As

50. *Boletín de la Real Academia Gallega*, n. 1, 20.V.1906.

51. *Boletín de la Real Academia Gallega*, n. 2, 20.VI.1906, p. 1.

52. Ibidem, p. 2.

concepcións dos rexionalistas galaico-cubanos deixan translucir grandes confusións terminolóxicas (coma o emprego un tanto caótico do termo *patria* referido a España ou a Galicia, indiferentemente), mais en xeral amosaron unha persistente preocupación pola recuperación do idioma galego —aínda que a asociación sempre usase como lingua oficial o español[53]— e pola reivindicación dun pasado glorioso para Galicia, que nalgunhas ocasións podía chegar máis lonxe na súa afouteza: Angel Barros afirmaba así na velada co gallo do segundo cabodano da AIP:

> Conservar el idioma de nuestros mayores, sobre ser un hecho patriótico, es un signo evidente de fortaleza. Como que en las luchas eternas de las razas, lo mismo en los días de paz que en los de guerra, el idioma es lo primero que perece [...] levantemos, pues, el corazón a la esperanza, que ya parece alborear el bello día de la dignificación y el engrandecimiento de la Patria [...]. Cuba y Galicia tienen entre sí muchos puntos de vista enteramente afines: el patriotismo inmaculado de sus hijos y la belleza paradisíaca de su suelo[54].

Neste senso, a AIP de La Habana non deixou de provocar as susceptibilidades patrioteiras de sectores da colonia hispánica, contra das que tamén houberon de defenderse e reaccionar os rexionalistas. Secundino Baños, no mesmo acto, facía unha defensa do posicionamento moderado da Asociación:

> Somos los gallegos fervientes admiradores de nuestra patria regional, deseamos conquistar para ella la mayor suma de libertades dentro del orden, de la democracia y del derecho; aspiramos a conservar y perpetuar cuanto en ella es peculiar, suyo, de su propia personalidad [...]. Pero aspiramos a alcanzar todos estos derechos sin romper jamás la unidad nacional como hijos amantes de nuestra patria grande [...] sobrarían valor para ahogar y reprimir, dejándolos en lo más hondo del corazón, nuestros sentimientos y nuestras glorias regionales[55].

En todo momento defendeu a AIP a trascendencia que posuía conservar o idioma galego: como afirmaba Angel Barros na homenaxe a Curros Enríquez celebrada en setembro de 1909:

> ... si Galicia quiere fijar su personalidad como región de ilustre abolengo, si celosa de sus tradiciones abriga la íntima aspiración de

53. Non embargantes, no funcionamento interno, o galego tamén era usado, a iniciativa de Fontenla especialmente (X. Alonso Montero, *op. cit.*, p. 153).

54. *Boletín de la Real Academia Gallega*, tomo II (1907), 123-124.

55. Ibidem, p. 127.

> conservar su peculiar fisonomía, lo primero y más urgente era unificar su lenguaje [...] que de día en día perdía su pureza a fuerza de mixtificarse con la adopción de voces exóticas y el abuso de neologismos[56].

Esa aspiración a dotar a Galicia dunha cultura propia, que servise para o desenvolvemento da súa personalidade, non se baseaba unicamente no cultivo do idioma, senón tamén na recuperación das tradicións e costumes do país, preparando a base dunha "cultura colectiva" que é "fundamento de ese resurgimiento de unha Galicia nueva, prepotente, dignificada [...] cuanto, en fin, constituye nuestra fisonomía propia, cuanto representa nuestra gloriosa vida intelectual"[57]. Nese pulo común no caberían diferencias entre os galegos, nin se atendería a diverxencias políticas.

Un derradeiro *leitmotiv* constante da actividade da AIP sería (como en xeral en todo o galeguismo americano) a reivindicación do bo nome e dignidade do inmigrante galego, reaccionando contra as frecuentes burlas e desprezo social con que era acollido en Hispanoamérica[58]. A AIP afirmará pola contra a necesidade de superar calquera autoodio ou complexo de inferioridade: como afirmaba Xoán Rodríguez Cabrera en abril de 1919,

> Si todo gallego bien nacido cumple dignamente el deber sagrado de laborar por el buen nombre de su pequeña patria, salta a la vista que estamos especialmente obligados a ello [...] máxime los que vivimos en estas repúblicas hispanoamericanas, donde aún prevalece la vieja, estúpida y tenaz costumbre de tomar en son de mofa, en tono negativo, el honroso nombre de gallego[59].

Non obstante, o papel da AIP seguiría a ser sobre todo o de financiador, deixando ás autoridades da Academia —e notablemente a Murguía— total liberdade de actuación. Ata 1914, de feito, a AIP foi practicamente a única fonte de ingresos da institución, e a partir de 1916 sumouse cunha aportación de 1500 ptas./ano o Centro Gallego de La Habana. No 1917, entre o Centro e a AIP seguían a representar un 96% das entradas da Academia, descendendo a súa representatividade

56. *Boletín de la Real Academia Gallega*, tomo 3-4 (abril 1909-agosto 1910), p. 108.

57. Ibidem, p. 114.

58. Vid. C. Naranjo Orovio. *Del campo...* p. 209. Para o caso arxentino, vid. J. C. Moya. "Parientes y extraños. Actitudes hacia los inmigrantes españoles en la Argentina en el siglo XIX y comienzos del siglo XX", en *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, n. 13 (1989), 499-523, e X. Castro, "Problemática da consideración social dos inmigrantes galegos na sociedade porteña", en *Revista da Comisión Galega do Quinto Centenario*, n. 4 (1989), 121-134.

59. *Boletín de la Real Academia Gallega*, n. 135, 1.VIII.1920, p. 101.

en 1918 a un 65% das mesmas, e a un 32% no 1919 tras a chegada das primeiras remesas procedentes de Buenos Aires[60].

Polo que se refire ós seus efectivos, a AIP contou nos seus mellores anos cun respectable número de socios, atraídos mediante unha constante propaganda. En marzo de 1917, a Asociación sumaba 433 socios (374 en La Habana, o resto repartidos entre varias localidades da illa, como Cienfuegos ou Ciego de Ávila), asemade figuraban como asociadas as sociedades Alianza Aresana, Club Compostelano, Ferrol y su comarca, Unión Mañonesa e Sociedad Valle de Lemos. Tamén contaba a AIP coa boa disposición da prensa galega da illa (e especialmente de *Galicia* e *Suevia*, publicación esta dirixida por R. Carballal). Desde abril de 1919, a AIP abriuse a calquera que solicitase ser socio protector, aínda que non fose galego[61], iso amosaba o comezo do seu declive, e de feito en xaneiro dese ano soamente contaba con 331 socios, máis de 100 menos que había dous anos[62]. Logo de 1920, eclipsada a súa importancia financeira polo núcleo protector da Academia en Buenos Aires, e superados os seus proxectos coa irrupción do nacionalismo das Irmandades no 1916, a Asociación perdeu significación progresivamente, aínda que seguirá existindo deica os anos 30: no 1923, só contaba xa con 190 asociados, case ningunha sociedade adherida, e a crise bancaria cubana de 1923/25 eivou grandemente ademais a recepción de diñeiro de Cuba en Galicia[63].

A función principal da Asociación foi sen dúbida servir de ponte entre o rexionalismo finisecular e o nacionalismo de comezos dos anos 20, á vez que de escola ou ámbito de acción común da intelectualidade galeguista de Cuba: á parte dos mentados máis enriba, figuraron na AIP Antón Villar Ponte (residente en Cuba entre 1908 e 1910, onde certamente mudou cara ó nacionalismo e editou por breve tempo o periódico *Alma gallega*), Ramón Marcote (autor dun *Compendio de Historia de Galicia* publicado en La Habana no 1924) ou o poeta Ramón Cabanillas (chegando a Cuba no 1910, vencellado ás tarefas do Centro Gallego).

De feito, a intelectualidade galeguista rara vez actuou en plataformas comúns fóra da Asociación antes de 1920. Unha excepción relativa foi o semanario *La Tierra Gallega,* que apareceu por breve tempo en

60. Elaboración propia, a partir dos datos publicados polo *Boletín de la Real Academia Gallega* cada trimestre.

61. Acordo da Xunta Xeral, 12.V.1919, (*Boletín de la Real Academia Gallega*, n. 1135, 1.VII.1920, p. 65).

62. Ibidem, p. 2.

63. *Boletín de la Real Academia Gallega*, tomo XIII-XIV (1923), p. 230.

1915 editado por Roberto Blanco Torres, e desde o que se expresaron as opinións de "un grupo de jóvenes gallegos, artistas enamorados de su tierra, que se han propuesto trabajar con todo entusiasmo por la dignificación de los coterráneos", co obxectivo especialmente de combater a actuación dos directivos do Centro Gallego. 18 intelectuais galegos da illa dirixiron nunha ocasión un manifesto conxunto criticando a xestión da sección de Belas Artes do Centro[64].

O AGRARISMO E OS GALEGOS DE CUBA

O agrarismo constituíu desde a primeira década do século outro movemento socio-político galego de grande influencia nas colectividades galaicas de América, especialmente Buenos Aires e Cuba. Dado que grande parte dos inmigrantes galegos na illa eran de orixe rural, e que moitos deles aínda posuían terras en Galicia —ou os seus parentes—, non é de estrañar que se amosasen directamente interesados na problemática foral e no movemento abolicionista. Boa parte da prensa e asociacións agraristas eran financiadas directamente desde América, o mesmo que individualmente os emigrantes cubanos contribuíron grandemente á redención de foros mediante as súas remesas de diñeiro a Galicia[65].

Os propios agraristas galegos eran conscientes do apoio que os emigrados poderían fornecer a un movemento de redención agraria organizado e de amplas miras no país, contando ademais cun exemplo tan proximo e concreto coma o apoio dos irlandeses dos EE.UU. á *land reform* no seu país a fins do século XIX. A presencia en América de xornalistas e intelectuais activos desde tempo atrás podía á súa vez proporcionar a *leadership* precisa para o artellamento do apoio dos emigrados ó agrarismo. En Cuba, ese será por exemplo o caso das élites intelectuais rexionalistas (desde un Fontenla Leal a un Cabanillas).

De feito, xa no 1907, a Solidaridad Gallega creara unha sección especializada para contactar cos núcleos galegos de América, sendo frecuentes os chamamentos a eles da prensa solidaria. En Cuba, *Galicia* e *Follas Novas* simpatizarán abertamente coa Solidaridad [66], se ben o fracaso final do movemento (en 1912) empeceu que eses contactos se materializasen en algo máis concreto.

64. X. Neira Vilas, *op. cit.*, 84-85. Asinaban o manifesto, entre outros, Nan de Allariz, Blanco Torres e Fontenla Leal.

65. R. Villares. *La propiedad..., op. cit.*, 382-417.

66. *A Nosa Terra* (1 época), n. 18, 12. XII.1907, p. 5.

A mediados de setembro de 1909, o organismo dirixente agrarista do Directorio Campesino de Teis acordou enviar a un emisario a América, Emilio Rodal, co fin de que recabase o apoio moral e material dos emigrados para o movemento, co obxectivo ademais de acadar unha identificación total daqueles co agrarismo[67]. A tarefa de Rodal en Cuba foi aparentemente moi fructífera, pois estableceu un Comité Antiforal en La Habana (que se sumaba así ós existentes en Lisboa, México e Madrid), contando coa entusiasta colaboración dos rexionalistas galaico-cubanos e de boa parte das Sociedades de instrucción, celebrándose no Centro Gallego habaneiro unha magna asemblea na que se adoptou, entre outrós acordos, o de abrir unha subscrición pública para atender os gastos de propaganda agrarista. A pesar de ser a contribución económica resultante máis ben escasa, creouse un clima de "euforia" en La Habana do que será testemuño anos máis tarde o libro de Ramón Cabanillas *No desterro* (La Habana, 1913), e estableceranse unha serie de vencellos duradeiros entre agrarismo e colectividade galega de Cuba. Os proxectos de Rodal, non embargantes, fracasaron en boa parte en canto a resultas inmediatas, quizais porque tanto en Buenos Aires como en Cuba tendeu aquel a buscar o apoio dos grandes centros mutualistas, menos deborcados á acción política.

Malia este primeiro fracaso aparente, o agrarismo incorporouse á vida política das asociacións galegas de América. En Cuba seguiu vivo, baixo o pulo do Comité Redencionista xa existente no 1908 e que, primeiro presidido por Xosé Fontenla e logo por Cabanillas, converteuse na delegación cubana do novo partido de Basilio Álvarez, Acción Gallega. Basilio xa viña colaborando nalgunhas revistas de Cuba antes de 1908 por exemplo, en *Follas Novas*), e entre 1909 e 1910 fundáronse 7 publicacións gallegas achegadas ó agrarismo en La Habana, e así mesmo publicouse no 1910 un semanario de curta vida, *Acción Gallega,* por seguidores do cura de Beiro. Desde maio de 1911, outras publicacións, como *Galicia,* farán propaganda incansable a prol da "espranza agrarista"[68]. Outras publicacións de orientación anticaciquil foron *Suevia* (1910-1912), de Ricardo Carballal (quen xa en 1908 dirixira por breve tempo o semanario rexionalista/agrario *Santos e Meigas*), ou *A Terriña,* desde 1908, dirixida por Luis E. Rey. Este ambiente de mobilización ideolóxica preparou de feito a visita do propio Basilio Álvarez a Cuba a finais de 1912, en *tournée* apoteósica por América ó estilo da xira americana do irlandés Parnell en 1880. O cura de Beiro celebrou grandes mitins no Centro Gallego e no teatro Politea-

67. J. A. Durán. *Agrarismo..., op. cit.* 349-351.

68. X. Neira Vilas, *op. cit.*, p. 35.

ma de La Habana, e publicou no 1913 na capital cubana *Abriendo el surco*.

A pesar disto, a mobilización agrarista perdeu intensidade unha vez retornado a Galicia Basilio: a súa xira pecha, de feito, toda unha etapa do agrarismo galego[69]. Tampouco serviu de aliciente, coma en Buenos Aires, para unha reorganización parcial das sociedades de instrucción cara a unha meirande efectividade política. O CRSI de La Habana manterase fidel a Basilio Álvarez no sucesivo, e este sempre contará coa aquiescencia da prensa galega da illa —*Labor Gallega* desde 1913, ou *Galicia Nueva* en 1916—. Tal fidelidade perdurará mesmo ata os anos 30.

Ó contrario ca en Buenos Aires, en Cuba non se produciu un diálogo coherente entre a tradición rexionalista e o agrarismo, (apreciable na revista galaico-porteña *Suevia* en 1913), senón que ambos os dous elementos, malia coexistir a cotío nas mesmas publicacións —caso do semanario *Galicia* de La Habana— e ter os mesmos protagonistas por un tempo, disociaranse a modo, mais irreversiblemente, logo da irrupción do nacionalismo galego en La Habana. Con todo, nas páxinas de *Galicia* déronse tentos de chegar a unha síntese: no agrarismo anticaciquil e antiforista eran perceptibles unha serie de elementos galeguistas, e adoito a demanda de abolición de foros ía acompañada da tímida esixencia de autonomía para Galicia, interpretándose caciquismo e sistema foral como "prexuízos" ocasionados polo centralismo. Así, M. Vieito Bouza clamaba no 1914 pola necesaria aparición en Galicia dun partido agrarista que "con la autonomía por ideal, luche por la noble causa de la redención gallega [...] es un bello resurgir del alma regional que en la emigración encuentra su fuerza en los recuerdos, en la visión excelsa de la bellezas lejanas y nunca olvidadas"[70].

A etapa de mobilización agrarista sinalou un camiño de participación comprometida dos emigrados coa vida política do seu país de orixe, mais tamén amosou o comezo da preponderancia do núcleo galego do Río da Plata sobre o cubano, no que atinxe a influencia sociopolítica sobre Galicia: quizais isto sexa un reflexo sen máis da diminución da importancia relativa das remesas cubanas, por exemplo, no total das remesas americanas a partir de 1920, e das sucesivas crises económicas da illa caribeña desde entón[71].

69. R. Villares. *La propiedad..., op. cit.*, p. 384.

70. M. Vieito Bouza. "Ante el ideal", en *Galicia*, 19.XII.1914, p. 51.

71. R. Villares. "El indiano gallego. Mito y realidad de las remesas de dinero", en *Indianos...*, op. cit., 29-34.

PRIMEIRAS RECEPCIÓNS DO NACIONALISMO GALEGO EN CUBA

O "salto" que se produce dentro do galeguismo coa aparición das Irmandades da Fala, cara a un nacionalismo afirmado teoricamente e na praxe (substituíndo por exemplo o bilingüismo do rexionalismo por un emprego practicamente exclusivo do galego), non deixou de ter repercusións nas colectividades galegas de América. A partir de entón, o adxectivo *galeguista* significará algo máis que amante da rexión: pasará a denotar unha postura nacionalista. O galeguismo polo tanto pagará un prezo por esa definición: deixará de ser algo etéreo para devir un risco identificador ideoloxicamente.

Os nacionalistas galegos herdarán a crenza nunha *Sea-divided* Galicia polo Atlántico do rexionalismo e dos agraristas, e por iso peza fundamental da súa estratexia política será desde un comezo procurar o apoio galaico-americano (tendo en conta para isto, unha vez máis, o exemplo irlandés). Unha das primeiras preocupacións das Irmandades da Fala será tencionar expor o seu programa ós emigrados galegos cunha linguaxe convincente. Malia todo, non puideron evitar as reaccións por parte dos defensores do tradicional "regionalismo sano" en América.

Así, o manifesto das Irmandades de Xullo de 1918 dirixido "aos galegos residentes nas Américas" cismaba nun ton moderado mais á vez enérxico na denuncia do complexo de inferioridade do emigrante galego e na necesidade de que este recuperase a súa dignidade colectiva mediantes a afirmación da súa etnicidade. Pola súa parte, o líder progresista das Irmandades, Luis Porteiro Garea, escribirá en 1918 un folleto dirixido ós emigrantes, a instancias dun grupo de rexionalistas de La Habana (entestados por X. Liste Mourenza e a revista *Galicia*) que criticaran a actuación das Irmandades [72]. Porteiro expresábase en termos comedidos (e en español), salientando o non-arredismo do novo nacionalismo. Asemade, avogaba por que as sociedades de emigrantes non enviasen as súas aportacións directamente ás Irmandades, senón que se constituísen nas Repúblicas sudamericanas organizacións rexionalistas que "ordenen sus fondos y los administren y dediquen a la labor que juzguen más eficaz", propondo que os mesmos emigrados se fixesen cargo da publicación e difusión de libros e folletos rexionalistas con fins propagandísticos, ou para financiar o que sería o vindeiro Partido Nacional Galego de alén mar. Para Porteiro, a colaboración dos emigrados era precisa pola propia carencia dunha "burguesía nacional" galega que sostivese a causa galeguista [73]. As Irmandades distri-

72. L. Porteiro Garea. *A los gallegos emigrados*. Papelería Gallega, A Coruña, 1918.

73. *As Irmandades da Fala aos galegos residentes nas Américas*, xullo de 1918. Fundación Penzol (Vigo), Fondo Villar Ponte (FP-FVP).

buíron o folleto entre varias asociacións galegas de América, mais obtiveron poucas respostas.

Isto revelaba unha acollida desigual. Nun comezo, as Irmandades e a súa actuación semellan ter sido recibidas cunha mestura de simpatía e curiosidade, asimilándoas de feito os emigrados a unha sorte de san folclorismo. Como tal, o boletín nacionalista *A Nosa Terra* era distribuído profusamente en América. É máis, a Irmandade da Fala de A Coruña recibirá a adhesión do Centro Gallego de La Habana, da AIP e de varios boletíns galegos da cidade[74], e de feito o semanario galeguista contará cunha boa parte dos seus subscritores en Buenos Aires e Cuba. Ó pouco tempo da súa andaina, recibirá tamén colaboracións de Cuba: o xornalista galego X. Fernández Merino vaticinaba en marzo de 1917 que as 70 sociedades de instrucción da illa se converterían ó novo credo, e confiaba en que o ambiente rexionalista da colonia galega de La Habana favorecería tal evolución[75].

A postura da colectividade galaico-cubana perante o novo nacionalismo pódese resumir en: a) Ruptura: unha parte dos antigos agrario-rexionalistas desmárcanse do xulgado "arredismo" das Irmandades; b) Evolución cara ó nacionalismo dunha parte daquela; c) Indiferencia das grandes institucións, coma o Centro Gallego, tradicionalmente pro-rexionalista; d) un achegamento circunstacial moi variable dalgúns órganos periodísticos máis ou menos progresistas ás Irmandades, sen dar lugar a un aliñamento militante con elas, mais que en parte son atraídos polo prestixio intelectual dos líderes do nacionalismo.

APOXEO E CRISE DO NACIONALISMO EN CUBA (1917-1929)

Na aparentemente pro-galeguista atmosfera da colectividade galega de Cuba, o nacionalismo acha axiña espallamento, comezando pola prensa da colectividade que xa se amosara tendente ó rexionalismo. O semanario *Eco de Galicia,* dirixido por M. Fernández Doallo (1917-1936) comezou a se facer eco desde o mesmo ano 1917 da actividade das Irmandades en Galicia, aínda que mantendo un criterio ecléctico e máis afincado no rexionalismo decimonónico. Con todo, será un dos principais órganos a través dos que o galeguismo se exprese en América.

74. "Novas da Causa". *A Nosa Terra,* n. 1, 14.XI.1916, p.7.

75. J. Fernández Merino. "Do meu ollar. O provir da nosa raza", en *A Nosa Terra,* n. 13, 20.III.1917, p. 6. É significativa a descrición que fai da súa conversión ó galeguismo: "inquerindo, n'as vellas páxinas, n'as follas esquirtas pol-os mestres historiadores da nosa Galiza, aló, diante d'a Bibrioteuga do Centro Galego d'Habana [...] eu, novo rexionalista n'as alleas terras d'América, fun facéndome, pouquiño a pouco, esprito e concenza".

Pola súa banda, a AIP de La Habana, malia terse adherido publicamente ó labor das Irmandades de novo no 1919[76], pareceu manterse á marxe de calquera vencello efectivo con elas.

Pouco tempo tardaron en aparecer os primeiros grupos organizados e militantes do nacionalismo en Cuba, vencellados directa ou indirectamente coas Irmandades. A chegada a Cuba do xove inmigrante coruñés Xulio Sigüenza foi determinante, pois el será quen organizará unha primeira Irmandade da Fala en La Habana xa no 1917[77]. Non embargantes, ese primeiro grupo non debeu ter grande estabilidade, xa que no 1918 soamente existían afiliados á organización nacionalista en La Habana mais sen constituír agrupación (entre eles o propio Sigüenza)[78]. As simpatías polas Irmandades por parte dos vellos galeguistas serán expresadas publicamente de seguida: M. Vieito Bouza, por exemplo, adícalle no 1918 verbas de loanza, identificándose co que os nacionalistas representaban[79], mentres pola súa banda a posición da revista *Eco de Galicia,* cada vez máis deborcada cara ó galeguismo, exprésase cumpridamente no seu editorial de abril de 1919: alén divisións nominais entre rexionalistas e nacionalistas, era preciso tender cara á unión entre ambos os dous grupos tanto en Galicia como en Cuba, sen que a cuestión do uso do galego empecese a unidade de acción[80].

Tampouco faltaron críticas contra a propaganda galeguista en Cuba, difundidas entre a prensa galaica de La Habana por un tal Doctor Lago[81], ou as frecuentes polémicas entre nacionalistas, rexionalistas que propugnaban a descentralización administrativa, defensores dun españolismo pechado ou o internacionalismo obreiro, incluíndo colaboracións tanto desde Cuba coma desde Galicia[82]. A posición oficial do *Eco de Galicia* verbo desas retesías é ecléctica, mais en xeral deborcouse por un galeguismo pragmático, sen facer gala de grandes preocupacións ideolóxicas: B. Calderón, en marzo de 1919, defendía desde as súas páxinas que a autonomía tiña de ser diante todo económica, de

76. *Eco de Galicia,* n. 87. 9.III.1919.

77. X. Sigüenza así o afirmou anos máis tarde, en carta ó *Correo de Galicia,* Buenos Aires, 27.XII.1931.

78. J. G. Beramendi. *El nacionalismo gallego en el primer tercio del siglo XX.* Tese de Doutoramento. Univ. de Santiago, 1987, p. 925.

79. M. Vieito Bouza. "Dende a emigración. Os Irmáns da Fala", en *A Nosa Terra,* n. 56, 10.V.1918.

80. "Regionalistas y nacionalistas", *Eco de Galicia,* n. 91, 6.IV.1919. Defendía ademais a cooficialidade dos idiomas galego e español.

81. *A Nosa Terra,* n. 81, 15.II.1919.

82. Por exemplo, J. Solá, "Afirmaciones españolistas", en *Eco de Galicia,* n. 118, 2.V.1920; J. Pasín, "Regiomanía", en *Eco de Galicia,* n. 157, 5.XII.1921; H. Santamarina, "Opiniones sinceras", en *Eco de Galicia,* n. 181, 17.XII.1922.

xeito que se asegurase un organismo productor rexional quen de garantir "sus elementos de vida y aquellos que son la base de las relaciones comerciales con sus vecinos", mentres a autonomía política sen aquela resultaría ser un desastre[83]. A concepción do rexionalismo profesada polo semanario habaneiro aínda se emparentaba co rexionalismo decimonónico e co *rexeracionismo* finisecular, expresión das "ideas filosóficas modernas" e avivecedor do concello e a rexión, a través dos que podería —postulaba— encetar desde a base un labor de *rexeneración* da nación española[84]. Ó tempo, o periódico identificábase plenamente co agrarismo galego á altura de 1920[85]. *Eco de Galicia* mesmo dirixira iniciativas propias cara a 1922, para condensar as "forzas vivas" favorables ó galeguismo dunha ou doutra tendencia de La Habana nunha acción común: así, en xuño de 1922 guindou a idea, xunto co órgano *Heraldo de Galicia* (tamén propiedade de M. Fernández Doallo) de constituír un "Comité pro-Autonomía Regional Gallega" para o que se recollerán abondosas adhesións e no que se depositaron certas esperanzas, para logo espallalo á mesma Galicia. Recabouse a opinión favorable de varios sectores da colectividade galega en Cuba[86], pero por razóns que ignoramos, o proxectado comité non se chegou a formar.

No seo do Centro Gallego tamén tiveron lugar varias tentativas pro-nacionalistas. Unha vez coñecidas as resolucións da Asemblea Nacionalista de Lugo, con ecos que chegaron a Cuba cara a comezos de 1919, varios apoderados do Centro propuxeron na Asemblea de apoderados celebrada a fins de xaneiro de 1919 que a institución se adherise á organización nacionalista; a moción foi combatida á súa vez por outro sector de apoderados (que vían a "pantasma" do arredismo), e finalmente a Asemblea optou por eludir diplomaticamente pronunciar-

83. B. Calderón. "Alrededor de la Autonomía Gallega", en *Eco de Galicia,* n. 85, 25.III.1919. Quizais se trate do corredor de bolsa Bartolomé Calderón, daquela inmigrado a Cuba logo de varios anos en París.

84. "Nuestro regionalismo", de editorial, *Eco de Galicia,* n. 111, 18.I.1920. O periódico habaneiro deborcábase sobre todo por unha política activa e de intervención, imitando ós irlandeses non tanto na retórica celtista, senón na práctica: "Constituyamos clubs y asociaciones doquiera nos hallemos con el único fin de libertar a Galicia. A la par que sostenemos las asociaciones de instrucción [...] sostengamos también el deliberado propósito de acelerar el advenimiento de la nueva era gallega con clubs y asociaciones fomentadoras desde la simple abolición del caciquismo hasta la revolución para libertar íntegramente a la tierra en que nacimos. "Galicia e Irlanda", *El Eco de Galicia,* n. 116, 4.IV.1920.

85. "Agrarismo gallego", en *Eco de Galicia,* n. 117, 18.IV.1920.

86. Editorial, "Pro-Autonomía Regional Gallega", en *El Eco de Galicia,* n. 174, 20.VIII.1922; J. Fraguío, "Algo de autonomía", en *El Eco de Galicia,* n. 175, 27.VIII.1922, refírese ó papel dos emigrados "en la historia de nuestra patria, Galicia, la nación que tiene su propio idioma, que tiene posición topográfica bien definida, que tiene su bandera, que tiene vida propia; la nación cuyos habitantes poseen cualidades étnicas y psicológicas no semejantes al resto de España".

se sobre o tema [87]. De todos os xeitos, pouco tempo despois, cara a marzo de 1919, constituíuse en La Habana un Partido Autonomista Gallego, que celebrou unha xuntanza no local das Sociedades de Instrucción, e do que se afirmaba que "Mucho entusiasmo existe para la consolidación de este partido, pues apenas iniciado cuenta ya con un considerable número de adeptos" [88]. Os seus promotores non estaban quizais en contacto directo coas Irmandades da Fala, aínda que un deles era Manuel Matalobos, vencellado á Sociedade Hijos de la Estrada e que militara nas Irmandades cara a 1920 en Galicia, ademais de fundar o periódico estradense *El Emigrado* [89]. En todo caso, pouco debeu durar tamén tal iniciativa. Será en maio de 1920, partindo da sociedade Unión Lucense de La Habana, cando comecen os traballos para crear unha delegación oficial das Irmandades en Cuba [90], aínda que a organización nacionalista xa posuía con anterioridade un delegado na illa, Manuel Monteiro, a quen axudou na tarefa proselitista desde 1900 o nacionalista emigrado X. Arias Porteiro [91]. O grande pulo organizativo será dado porén polo membro da Irmandade da Fala coruñesa T. Rodríguez Sabio, quen emigrou a Cuba en maio de 1920 [92]. Outro importante apoio que atopará o grupo galeguista en Cuba será o comerciante e propietario da notoria revista *Galicia,* Xosé Cerdeira, quen desde 1920 desenvolverá un activo labor propagandístico a través das columnas da súa revista, adoito postas á completa disposición dos nacionalistas de ambas as dúas beiras do océano.

Esta entente levará á formación en xullo de 1920, con 20 membros, da Xuntanza Nazonalista Galega d'Habana (XNG) [93]. O seu primeiro *conselleiro* será o mesmo Cerdeira (ó pouco tempo substituído por A. R. Orjales), e se estructurará de acordo co modelo e regulamento das Irmandades de Galicia, adoptando como programa o da Asemblea de Lugo de 1918. A XNG declaraba a súa intención de actuar como "catalizador" no proceso de galeguización das sociedades de emigrados existentes, asemade tentar conferir unha orientación máis galeguista "ás numerosas sociedades feitas pol-os galegos do desterro, facendo que as que sosteñen escolas, den ós escolantes unha instrucción máis ampla e galeguista" e unha finalidade específica así mesmo: combater toda sorte de prexuízos contra os inmigrantes galegos, "Por medio da

87. *El Eco de Galicia,* n. 83, 9.II1919, e n. 24, 16.II.1919.
88. *El Eco de Galicia,* n. 90, 30.III.1919.
89. *El Eco de Galicia,* n. 87, 9.III.1919.
90. *El Eco de Galicia,* n. 119, 16.V.1920.
91. *A Nosa Terra,* n. 110, 10.I.1920, p. 6.
92. *A Nosa Terra,* n. 114, 20.III.1920, p. 4.
93. J. G. Beramendi. *El nacionalismo...*, *op. cit.*, p. 727.

súa Seución de Cultura e Fala, contestará [...] todos cantos traballos sexan pubricados en xornaes e revistas onde se denigre o santo nome de Galicia e as virtudes dos galegos"[94]. Explícase tamén así que *Galicia* edite un número extraordinario o 25 de xullo de 1920 totalmente en galego, e con proxectos máis avantados no seu nacionalismo que *A Nosa Terra*.

A partir de entón, os galeguistas cubanos concentraranse en tarefas de propaganda política e de difusión da cultura galega entre a colectividade galaica de La Habana. Adoito contaron coa colaboración doutras asociacións culturais galegas, como a Agrupación Artística Gallega[95] (que xa desde comezos da década dos 20 promovía actividades como a difusión do teatro galego na illa) e a Juventud Gallega de La Habana, salientando os xoves membros da XNG pola súa actividade proselitista (repartindo folletos e propaganda en toda sorte de festas galegas que se organizaban na capital cubana)[96].

O ano 1921, non embargantes, semella marcar o comezo dunha etapa máis prolífica no quefacer dos nacionalistas galaico-cubanos. Cara a abril dese ano, conseguen editar de seu un modesto periódico mensual, *Nós,* dirixido por Sinesio Fraga Vila (músico ortigueirés), e que define ademais unha nova fase ideolóxica en canto se proclama abertamente arredista. España en conxunto pasaba a ser culpada do atraso económico de Galicia e da necesidade de que os galegos emigrasen: de aí que, con grande violencia verbal, enxerguesen como única solución a total independencia de Galicia, apelando mesmo a métodos de rebelión armada se fose preciso[97]. Non embargantes, o arredismo da XNG atopaba un límite nun hipotético confederalismo ibérico que debía moito á ortodoxia risquiana: Galicia debería enxendrar "unha cultura autóctona e universalista", converténdose nunha "potenza cultural que poña en outo os prestixios e a cultura da nosa raza", mais ó tempo Galicia se prepararía "pra entrar a formar parte da gran Iberia [...] un pobo ceibe, dentro da unidade federativa da gran iberia"[98]. Esa prudencia na reivindicación nacionalista éralles en boa medida precisa ós nacionalistas para evitar un total illamento. Así, a XNG guindaríase a tentar unha entente coas Sociedades de Instrucción, celebrando en marzo de 1921 un acto de propaganda en colaboración con aquelas no Centro Gallego (se ben revestiu un carácter ante todo cultural).

94. "A Xuntanza Nazonalista Galega d'Habana aos galegos do desterro", s. d. (xullo 1920), manifesto reproducido en *Galicia,* 25.VII.1920, 16-17.

95. "Agrupación Artística Gallega" en *A Nosa Terra,* n. 201, 1.VI.1924, p.4.

96. X. Neira Vilas, *op. cit.,* p. 26.

97. C. Díaz Seoane. "Galiza e Irlanda", en *Nós,* s. d. (marzo/1921).

98. T. Rodríguez Sabio. "O noso arredismo", en *Nós,* abril 1921, p. 2.

De todos os xeitos, ó pouco tempo de aparecer a modesta *Nós* —que só editou oito números— foi substituída por unha nova publicación, *Terra Gallega,* en decembro de 1921, alentada polo mesmo S. Fraga e Fuco Gómez, orixinal personaxe natural de Becerreá que inmigrou a Cuba, analfabeto, no 1913. Isto quizais correspondía á reestructuración da XNG tras a crise interna da mesma a mediados dese ano 1921, saldada coa incorporación de novos militantes —como C. Navarro ou X. Fragío— á asociación, e talvez tivese relación cos acordos tomados pola III Asemblea das Irmandades da Fala (Vigo, 1921), nos que se incluía o se dirixir ós grupos nacionalistas de América para indicarlles o camiño a seguir. *Terra Gallega* presentará un cariz máis moderado no seu ton nacionalista —adoptando como oficial o programa da Asamblea Nacionalista de Lugo de 1918—, e incluirá grande cantidade de anunciantes, mostra tamén dun meirande apoio social ó nacionalismo. O novo Consello directivo da XNG conquerira, de feito, que os editores "Gastón, Burga y Cía" investisen no seu órgano, co propósito de facelo competir co mellor daquela do xornalismo galego en Cuba. Así atopa explicación o súpeto moderantismo da demanda nacionalista da revista, aínda que se exprese en termos ambiguos: Fuco Gómez afirmaba así que "O Nazonalismo soyo aspira á fraternidade da Cáste Celtíbera, a unha Galiza próispera e fecunda, que sexa dona dos seus destiños e qu'istes sexan rexidos por ela" [99].

A XNG semella gozar no período subseguinte dunha certa prosperidade, e a comezos de 1922 conta ademais cun núcleo subsidiario en Santiago de Cuba, dirixido polo presidente da Sociedade artística galega Pinos Novos daquela cidade, Modesto González [100]. O apoio da colectividade galega de Cuba, non embargantes, non acadou as cotas agardadas polos nacionalistas: Rosendo Grueiro, no abril de 1922, laiaríase de que o nacionalismo en Cuba vía como "sus ideas se estrellan ante la pasividade e indiferencia de esos elementos sin ideal ni patriotismo" [101], ata o punto de que a XNG achaba case máis eco no Centre Catalá de La Habana. A isto uníase a certa descoordinación existente entre o núcleo nacionalista de La Habana e as Irmandades da Fala de Galicia, xa que ó longo de 1921 e deica abril de 1922, a XNG non recibiu consignas de Europa [102]. Co gallo do esgazamento das Irmandades na Asemblea de Monforte (1922), a XNG —gracias ás xestións desde Viveiro de Ramón Villar Ponte e C. Parapar Sueiras— ad-

99. *Terra Gallega,* n. 1, XI.1921.

100. *Terra Gallega,* n. 4-5, II-III 1922.

101. R. Grueiro. "Algo de regionalismo", en *Galicia,* 23.IX.1922, p. 5.

102. Informe da ING, asinado por Vicente Risco, Ourense, 26.IV.1922, a "Conselleiro d'espallamento" (FP-FVP).

heriuse á nova Irmandade Nazonalista Galega (ING) de Vicente Risco, polo seu maior integralismo nacionalista. Así, a fins de novembro de 1922, reconstitúese de novo a organización dos galeguistas cubanos, pasando a se denominar ING d'Habana, con novos elementos coma o poeta E. Vázquez Ferro, os xornalistas X. M. Calveiro e Luís Puente, a parte dos xa coñecidos X. Sigüenza, Cerdeira ou B. Paz Lamas, que mesmo conferirán un ton máis moderado ó grupo (por exemplo; logo de longas discusións, non se considerou o idioma galego como esencial para a propaganda)[103]. A reorganización e centralización que Vicente Risco impuxo á ING afai á XNG, de feito, ós seus moldes e disciplina, nomeando a M. Blanco Pascual como delegado da ING d'a Habana[104]. A organización nacionalista interesouse grandemente polas posibilidades de espallamento do galeguismo na colectividade galega de Cuba, para o que transmitiu instruccións ós galeguistas de La Habana (que ían desde as recomendacións para vender libros galegos á formación dunha "caixa nacionalista de resistencia"). Quizais en virtude desa reorganización, *Terra Gallega* non chegou alén do seu quinto número (abril de 1922): os nacionalistas terán que agardar ata fins de ano para contaren cunha "páxina nazonalista" ó seu dispor nos órganos *Eco de Galicia* e *Heraldo de Galicia.*

En parte tamén, porque o inquedo Fuco Gómez disporá dunha "criatura" nova: a creación dun misterioso Comité Revoluzonario Arredista Galego (CRAG), de carácter secreto, polo que parece xa existente cara a mediados de 1921, que proclamará fins independentistas e o "odio a España" co obxectivo de contribuír á formación nun futuro "d'un Goberno Provisional de Galiza, pol-o que terán de rexirse todol-os comités arredistas galegos constituídos no mundo enteiro", concibindo o CRAG como unha célula revolucionaria na que todos os membros estarían leados por un xuramento de fidelidade[105]. Este curioso Comité recollía o radicalismo e o modelo das sociedades secretas irlandesas de América do século XIX[106], e o exemplo máis achegado dos Clubs Separatistes cataláns que se foron tamén organizando en diversos puntos de América por esas datas: de feito, o CRAG convocou a súa primeira xuntanza no Centre Catalá de La Ha-

103. *Galicia,* n. 49, 2.XII.1922, e C. Naranjo Orovio, Del Campo..., p. 179.

104. J. G. Beramendi. *Vicente Risco no nacionalismo galego.* Ed. do Cerne, Santiago, 1981, vol. II, p. 36.

105. *Independencia ou Morte. O primeiro Comité R. Arredista aos galegos de todo o mundo,* s. d. (xullo 1921). (FP-FVP).

106. Sobre as sociedades secretas irlandesas en América, vid. E. R. R. Green, "The Fenians abroad", en T. D. Williams, *Secret Societies in Ireland.* Gill & Macmillan/Barnes & Noble Books, Dublin/New York, 1973, 79-89.

bana en xullo de 1922 [107]. Malia a curiosidade que espertou esa convocatoria, saldouse coa non comparecencia dos membros do CRAG, (dado o seu carácter *secreto*), que pola contra mandaron as súas propostas por correo...[108]

O independentismo latexante entre os grupos nacionalistas galegos de Cuba —que podían expresar sen temor os seus íntimos sentimentos e soños, coincidentes en xeral, non embargantes, cos dos seus correlixionarios na Europa— atopou unha boa oportunidade para "saír á luz" co gallo da reacción que entre a colonia galega produciron os sucesos de Guillarei en Novembro de 1922 (onde resultaron mortos varios labregos nun enfrontamento coa Garda Civil). Aproveitando o caldeado ambiente de indignación contra o Goberno español que sobexaba entre as Sociedades de instrucción, a XNG organizou unha asemblea de protesta no Centre Catalá de La Habana e exhortou ós inmigrantes a interpretaren os sucesos como unha plasmación do "oprobioso centralismo español"[109]. A esa mobilización sumouse mesmo o CRAG, que cría chegada a hora de fundar en Galicia "Comités Revoluzonarios" por todo o país[110]. No mitin de protesta tamén organizado polo CRSI no Centro Gallego (4.XII.1922), diante de dous mil asistentes, varios oradores se manifestaron a prol de encetar unha campaña de axitación en Galicia para a abolición dos foros, considerando o centralismo de novo como matriz do caciquismo: as intervencións pro-arredistas de M. F. Carracid e Fuco Gómez chegaron a conquerir a boa parte da audiencia[111].

Non embargantes, os nacionalistas non se amosaron quen de capitalizar en prol da súa causa ese estado de ánimo conxuntural. A ING da Habana continuou centrada en labores de difusión cultural e propaganda ideolóxica, organizando conferencias, veladas, etc., mais xa sen forza para soster nin sequera un voceiro propio, polo que houbo de seguir expresándose a través da "páxina nazonalista" de *Eco de Galicia* e do semanario *Galicia*. Boa proba desa incapacidade dos galeguistas habaneiros para ampliar o seu eido de influencia social foi que cara a mediados de 1923, conseguiu ser admitida no CRSI, mais os nacionalistas tropezaron con grandes atrancos nel por parte de de-

107. *Galegos!*, manifesto asinado polo CRAG (Xullo 1922). (FP-Fondo Fermín Penzol).

108. Carta da XNG a R. Villar Ponte e C. Parapar Sueiras, La Habana, s. d. (ca. Agosto 1923). FP-FVP.

109. *Erguete Galicia!*, XNG, derradeiros do ano 1922. (FP-FVP).

110. *Aos labregos galegos*, Manifesto, s. d. (Decembro-1922), (Arquivo Vázquez Monxardín, Ourense).

111. *Galicia*, 9.XII.1922.

legados doutras sociedades, o que finalmente levou á falla de influencia e operatividade dos nacionalistas no Comité [112].

Cara a agosto de 1923, polo demais, a ING contaba con só 77 militantes en La Habana, e outros 11 repartidos entre as "Delegacións" da organización en Antilla, Santiago de Cuba, Ciego de Ávila, e Artemisa. Aínda que se trataba da segunda Irmandade en importancia de Galicia tras a da Coruña, non integrada na ING), pecaba porén de grande inestabilidade na súa militancia, xa que no 1923 só dous ou tres membros anteriores a 1921, tendo partido outros moitos cara a Galicia ou a Nova York, mais sen formaren Irmandades neses puntos de destino [113].

Namentres, Fuco Gómez continuou senlleiro coa súa "cruzada arredista", a súa peculiar grafía do galego —que facía que, para ser lido, utilizase amplamente o español nos seus escritos— e as súas conspiracións "segredas" con outros grupos nacionalistas, basicamente o Club Separatista Català —co que tentou concertar accións comúns cara a xuño de 1923—[114] e o Partido Nacionalista Canario (fundado en La Habana no 1923, arredor da revista *El Guanche*[115]. Tanto Fuco Gómez coma outros arredistas galegos de La Habana (Xesús Varela, por exemplo) divulgarán nas páxinas de *Galicia,* xa exacerbadas as súas posicións despois do golpe de Estado de Primo de Rivera en España (setembro de 1923), as súas concepcións. Presentadas de maneira orixinal dentro do galeguismo, equiparaban a loita e aspiracións de Galicia non tanto a Irlanda, por exemplo, como á propia guerra de liberación cubana, sendo o seu modelo José Martí[116].

Cara a mediados de 1923 producíronse unha serie de desavinzas no seo da ING da Habana (porque esta non apoiou ó mesmo Fuco Gómez no seu proceso de querelas contra Fernández Doallo, propietario de *Eco de Galicia,* a quen acusaba de fomentar a prostitución de mulleres galegas inmigradas). Ademais, Gómez empeñouse nunha retesía con algúns membros do Consello da ING cubana, por cuestións de ortodoxia ideolóxica [117]. Eses problemas levaron consigo demisións moi significativas dentro da organización, comezando pola do seu *Consselleiro maior,* Vicente Rebollar, e coincidiron coa crise xeral do nacionalis-

112. Carta da ING da Habana a R. Villar Ponte e C. Parapar Sueiras, La Habana, s. d. (cara agosto de 1923). FP-FVP.

113. Ibidem.

114. J. Carner Ribalta e R. Fabregat. *Macià. La seva actuació a l'estranger.* Ed. Xaloc, México, 1956, p. 53.

115. F. Morales Padrón. "El nacionalismo canario", en VV. AA., *Nation et Nationalités en Espagne XIXe-XXe siécles.* Fondation Singer-Polignac, Paris, 1985, 371-390.

116. X. Varela. "Do meu esrto" (sic), en *Galicia,* 9.XII.1923.

117. Carta da ING a R. Villar Ponte, asinada por X. Varela e A. Xelas, La Habana, 4.VIII.1923. (FP-FVP).

mo en Galicia despois do advenimento da Dictadura de Primo de Rivera, e a conseguinte interrupción de relacións entre a metrópole e os grupos de alén mar. No 1924, a ING da Habana, pese a todo, seguía a desenvolver actividades varias, sobre todo de caste cultural: clases de solfeo e ensaios, un coro típico de declamación, etc.[118]

As reaccións diante da Dictadura de Primo de Rivera por parte dos órganos de tendencia galeguista de Cuba foron, alomenos nun comezo, moi ambiguas. Así, *Galicia* respondeu negativamente perante os proxectos de organizar unha "Hermandad Gallega" manifestados polo Marqués de Quintanar e o conde de Castelo[119]. Porén, ideas favorables a proxectos de autogoberno galego dentro do réxime dictatorial existente en España tampouco faltaron desde La Habana: así, J. Loureiro defendía en marzo de 1924 a necesidade de apoiar a Mancomunidad Gallega que o Directorio Militar promovía para Galicia, desde unha prespectiva de "sano regionalismo", resucitando "a los elementos regionalistas de ideas sanas y puras como el doctor Waldo Álvarez Insúa"[120]. No mesmo senso, J. Núñez de Couto propuña que España se convertese nunha "Federación Nacional de regiones" na que Galicia se dotaría dunha constitución, mediante un proceso que comezaría coa supresión de Deputacións e concellos, eliminación do caciquismo e a "elección proporcional por clases dun determinado número de representantes de cada provincia, que reunidos en Asemblea redactasen una "Constitución Gallega base del nuevo Gobierno nacional autónomo"[121].

O advenimento da Dictadura en España e a conxelación das relacións entre a ING e as súas delegacións de América tronzou de feito un proceso crecente de control por parte daquela dos núcleos nacionalistas de alén mar. Non é de estrañar polo tanto que os galeguistas cubanos perdesen actividade ata desaparecer como agrupación a finais da década dos 20, malia un fugaz rexurdimento dunha Irmandade Nazonalista en La Habana a fins de 1926 e a pesar das xestións a comezos de 1927 de Ramiro Alonso (anterior conselleiro da ING da Habana) con vistas a reorganizala[122]. Logo de 1927 só ficará en Cuba do galeguismo a incansable actividade de Fuco Gómez en defensa do seu arredismo, intervindo activamente nese senso como apoderado nas asembleas do Centro Gallego[123].

118. *Galicia*, 10. III.1924.

119. J. Franco. "Hermandad Gallega", en *Galicia*, 23.XII.1923.

120. J. Loureiro. "Acotaciones del intre", en *Galicia*, 2.III.1924.

121. J. Núñez de Couto. "La nueva Galicia", en *Galicia*, 10.III.1924.

122. *A Nosa Terra*, n. 232, 1.I.1927.

123. *Nós*, Ourense, n. 44, 15.VII.1927, p.18. Fuco Gómez propuxo, por exemplo, a creación dun Asilo de Anciáns por parte do Centro, no senso de convertelo en "Asilo Nacional Galego".

DECADENCIA E TESTEMUÑALIDADE (1930-1939)

Nos anos sucesivos e durante o período correspondente á II República en España, no que os emigrados galegos do Río de la Plata cobraron un sobranceiro protagonismo na vida política de Galicia, non é observable porén grande mobilidade entre a colonia galaico-cubana. Coma noutros aspectos, Cuba perde importancia para a dinámica socio-política galega. En Buenos Aires, polo demais, as élites galeguistas posuían unha meirande altura intelectual e política —Blanco-Amor e Suárez Picallo, poñamos por caso— quen de chegar a un entendemento cos sectores republicano-agraristas galegos do Plata (a FSG, por exemplo). O mesmo Vicente Risco xulgaba no 1922 que era preciso algo máis que o radicalismo "sen altura intelectual" dos galeguistas de La Habana[124].

Así, durante a campaña levada a cabo entre os galegos de América a prol da construcción dunha Residencia de Estudiantes en Santiago de Compostela, con pivote fundamental no Centro Gallego de Montevideo e a FSG de Buenos Aires, e presentada en América cun forte contido galeguista (como a defensa da identidade cultural do país), a intervención galaico-cubana será mínima. O Centro Gallego de La Habana non respondeu ós requerimentos da FSG para que se sumase á campaña e fornecese fondos[125], e o CRSI só vagamente se interesou polo proxecto en abril de 1930, delegando atribucións no seu "representante en España", Basilio Álvarez, quen se desentendeu dos proxectos universitarios[126]. Algún apoio máis remanente desde Cuba recibiu o Seminario de Estudios Galegos, que desde fins da década dos 20 gozaba de fortes apoios financeiros entre a colonia galega rioplatense. Cara a 1931, existía en La Habana unha Sociedad Proseminario de Estudos Galegos, que organizou festivais benéficos a prol da institución compostelana, e a sociedade habaneira Hijos del partido de Arzúa contribuíu á edición do estudio sobre a *Terra de Melide* patrocinado polo SEG[127].

No decisivo intre do paso do réxime monárquico ó republicano en España (1930-31), tampouco a colectividade galega de Cuba deixará

124. Carta de Vicente Risco a Blanco-Amor, Ourense, 1. VIII.1922 (Biblioteca da Deputación Provincial de Ourense, Fondo Blanco-Amor, correspondencia, n. 954).

125. Carta da FSG ó rector da Universidade de Santiago, Buenos Aires, 23.X.1930 (Arquivo Histórico Universitario de Santiago, Sección Histórica, marzo 512). Para o contexto, vid. I. Varela González. *La Universidad de Santiago 1900-1936. Reforma universitaria y conflicto estudiantil*. Ed. do Castro, A Coruña, 1989, 59-84.

126. Carta do CRSI ó rector da Universidade de Santiago, La Habana, 19.IV.1930 (AHUS, ibid.).

127. *El Pueblo Gallego*, Vigo, 12.VI.1931, p. 6.

oír a súa voz como a rioplatense no concerto político. Só iniciativas illadas se rexistrarán: así, no 1932, *El Ideal Gallego* de La Habana promoveu unha enquisa entre os inmigrantes galegos sobre a cuestión da autonomía galega: de 126 entrevistados, 76 amosáronse, segundo *A Nosa Terra,* autonomistas, federalistas ou arredistas, mentres a maioria dos que se confesaban antiautonomistas érano "por medo a que volvan os caciques"[128]. A contribución dos galegos de Cuba á campaña pro-autonomía de Galicia foi escasa, e mesmo menor que a da máis reducida comunidade galega de Nova York (onde no seo da Casa de Galicia se formou un Comité Pro-Autonomía de Galicia a fins de 1933). En decembro de 1932, o CRIS interviu na Asemblea de concellos galegos pro-estatuto de Santiago de Compostela, a través do xornalista Adelardo Novo (daquela residente en Madrid), mais a súa actuación non pasou de ser secundaria[129].

Durante os anos 30, de feito, só Fuco Gómez e o seu CRAG terán algunha presencia e aparicións sorprendentes na escena. En 1931, ó pouco de se proclamar a República en España, publicou Gómez en La Habana un libro "antoloxía" dos seus discursos e artigos, nos que expresaba o seu "macianismo" —acentuado logo da visita a Cuba de Maciá en 1928, para presidir a "Assemblea constituent del separatisme català en la Habana"—, asemade as evidentes limitacións doutrinais do seu nacionalismo. Fuco Gómez profesaba un inconcreto nacionalismo populista, que non se vería satisfeito coa proclamación da República española e que clamaba pola total independencia de Galicia para constituír unha "República galiciana", aínda que tamén enxerguese a posibilidade de chegar a unha Confederacion cos demais pobos ibéricos. Esa República, inspirada nos ideais de progreso e moralidade, debía organizarse en réxime de autonomías provinciais e municipais, garantir a instrucción laica e gratuíta dos cidadáns, etc., e era concebida por el idealmente como unha República de pequenos productores e propietarios con igualdade de dereitos políticos, na que nón habería conflictos sociais e na que a función do Estado sería simplemente a de supervisar o funcionamento do sistema económico[130]. Fuco Gómez

128. *A Nosa Terra,* n. 293, 15.IV.1932, p. 3.

129. Carta do CRSI a Adelardo Novo, La Habana, 22.XII.1932 (Instituto Padre Sarmiento, Santiago, Documentación do Estatuto Galego).

130. F. Gómez. *Naciones Ibéricas,* Rambla, Bouza y Cía, La Habana, 1931. O arredismo galaico-cubano non acadou a estabilidade e relativa puxanza do bonaerense: vid. X. M. Núñez Seixas, "La Sociedade Nazonalista Pondal. El separatismo gallego en la emigración", en J. G. Bermendi/R. Máiz (comps.), *Los nacionalismos en la España de la II República.* Siglo XXI, Madrid, 1991, 171-193.

mesmo viaxou a Galicia no 1933 para facer campaña electoral en solitario do seu CRAG e editou algunhas proclamas arredistas, que motivaron a persecución do Gobernador Civil da Coruña, e a fuxida de Gómez a Portugal[131].

Fóra deste curioso personaxe, o galeguismo en Cuba semellaba estar definitivamente morto, aínda que en abril de 1936 aparecese a revista *Cultura Gallega,* codirixida por E. Vázquez Ferro e Adolfo M. Calveiro, na que colaboraron salientados intelectuais nacionalistas de Galicia e mesmo vellos galeguistas cubanos coma Sinesio Fraga ou M. Vieito Bouza[132].

A Guerra Civil española dividirá a colectividade galega en dous bandos, reflectidos nos diferentes partidos e agrupacións que se disputarán o Centro Gallego de La Habana neses anos: franquistas (Afirmación Gallega) e republicanos (Unión Progresista Gallega, Hermandad Gallega, esa derradeira dirixida desde 1939 polo exilado dirixente nacionalista Xerardo Álvarez Gallego)[133]. A visita de Castelao a Cuba en viaxe de propaganda da causa republicana entre decembro de 1937 e febreiro de 1938 foi un factor sobranceiro no triunfo da Hermandad Gallega nas eleccións ó Centro Gallego[134], mais finalmente este pasará a estar controlado polos sectores franquistas desde 1941 (despois da fusión de Afirmación con Renovación y Defensa Social, outra agrupación conservadora).

O feito de que durante os anos 40, o Centro Gallego de La Habana remanecese en mans dos franquistas —moi ó contrario que o montevideano ou o bonaerense—, determinou tamén que Cuba non atraese ó exilio republicano e especialmente galeguista coa mesma intensidade que o Río de la Plata. En Cuba, a única presencia perceptible do ideal galeguista será o Xuntoiro Patria Galega arredor do sempiterno Fuco Gómez e o seu órgano *Patria Galega* (1941-1960).

X. M. N. S.

131. Manifesto, *Los políticos de la República son tan antigallegos como los de la Monarquía.* Santiago, 21.XI.1933 (Arquivo de D. Bieito Fernández, Ourense).

132. X. Neira Vilas, *op. cit.,* 43-44.

133. Vid. C. Naranjo Orovio. *Cuba, otro escenario de lucha. La Guerra Civil y el exilio republicano español (1936-1939).* CSIC, Madrid, 1988.

134. Vid. X. Neira Vilas. *Castelao en Cuba.* Ed. do Castro, A Coruña, 1983.

Galván en Saor. Un exercicio de esquizofrenia narrativa

Xoán González-Millán

I. INTRODUCCIÓN

Por múltiples razóns, que aquí non poden ser enumeradas, a producción literaria galega sente desde as súas orixes medievais unha especial atracción polo mundo artúrico, e esta tentación, se utilizamos *Galván en Saor*[1] como baremo, semella seguir dando productos dunha grande orixinalidade. O Premio Xerais de Novela de 1989 veu confirmar que o ciclo artúrico segue vixente na literatura galega, e que os nosos escritores, sobre todo os novelistas, continúan aportando versións e interpretacións moi estimables a unha tradición literaria na que, polo seu grao de hipercodificación, é moi difícil obter unha versión orixinal.

Unha comprensión global do esforzo narrativo de Darío X. Cabana require a interdependencia de múltiples perspectivas analíticas, e, sobre todo, unha clara conciencia de que a súa novela non pode ser lida coa inxenuidade crítica que parecen reclamar outros experimentos narrativos galegos recentes. Esta observación, quizais prematura, só pretende subliñar a moi coidada correspondencia entre o resultado final e as estratexias e os presupostos discursivos de *Galván en Saor*, e destacar aqueles compoñentes narrativos e discursivos que funcionan

1. Darío Xohán Cabana. *Galván en Saor*. Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1989.

como eixes de organización da novela, especialmente a súa caracterización como un exercicio de esquizofrenia narrativa[2].

Haberá que identificar os rasgos que perfilan a súa estructura como texto novelístico, e os elementos que definen a construcción da voz narrativa central en relación cos múltiples idiolectos intradiexéticos, que respaldan e avalian a polifonía e a conciencia narrativas de *Galván*; non menos relevante, nun texto tan marcado pola dinámica intertextual e a profusión de códigos hermenéuticos, será a análise dos niveis e procesos de recepción.

A economía textual da novela de Darío X. Cabana é un aspecto que reclama unha atención especial, sobre todo o enfrontamento entre as forzas centrífugas que dispersan a enerxía discursiva, e as que preservan o seu control. Baixo a súa aparente desorganización e desmembración diexéticas, amosadas na proliferación dos procesos narrativos inscritos, detéctase unha vontade de cohesión que non pode ser silenciada no estudio desta novela porque representa un dos seus constituíntes básicos, como desmostran as múltiples autorreferencias e recorrencias que actúan como base da organización textual de *Galván en Saor*.

Se a estructura actancial amosa unha esquizofrenia narrativa, e consolida a división diexética en dous mundos cronoloxicamente incompatibles, a capacidade que amosan determinados personaxes de actúar sincronicamente nos dous ámbitos incorpora unha dimensión fantástica e suxire unha posible intencionalidade alegórica que está no horizonte de *Galván en Saor*. Este rasgo, apoiado tamén na disposición intertextual da novela, explica o carácter prototípico e elemental de case todos os personaxes, e a función simbólica dos animais, que interveñen na determinación da diéxese coa mesma efectividade coa que actúan aqueles.

O desdobramento espacio-temporal dispón e determina a estructuración narrativa, e correlaciónase coa utilización dunha duplicidade que campa en toda a novela. *Galván en Saor*, como case todas as novelas da *terra* ou do *país*, mostra unha disposición espacial intensa, respaldada pola dimensión alegórica anteriormente anunciada, e por unha proxección epifánica que singulariza determinados microcosmos. A intensificación deste proceso é detectable na función actancial de determinados espacios que superan a demarcación circunstancial.

Darío X. Cabana quixo, coa súa novela, engadir unha nova reflexión a unha longa cadea de versións e contraversións sobre o mundo

2. Debo recoñecer a existencia dunha serie de breves reseñas publicadas no semanario *A Nosa Terra* (nºs. 415 e 417) a raíz da publicación da novela, que polo ton polémico con que foron escritas, amosan as múltiples dificultades ás que está sometida a escrita literaria galega; e as reticencias xeradas polo cultivo dunha tradición literaria que a estas alturas xa non debería ser considerada como allea ó sistema literario galego.

artúrico; e esta vontade de definición intertextual constitúe un compoñente fundamental no complexo repertorio de estratexias discursivas que articulan *Galván en Saor* como texto narrativo. O uso da macrotópica artúrica impón, en principio, unha serie de codificacións que o autor, é dicir, a voz textual, debe *manexar* con especial coidado, animado pola vontade de subversión que todo texto literario conleva. A novela de Darío X. Cabana amosa este enfrontamento entre a tendencia a inscribirse na tradición literaria artúrica e o esforzo por distanciarse dela.

Con *Galván en Saor*, que se engade a unha longa e notoria lista de textos galegos que senten como propia a temática artúrica, o autor proba que esta tradición segue activa e aínda pode articular mundos narrativos complexos e orixinais. A análise das perspectivas mencionadas pretende identificar todas as estratexias que a voz textual pon en circulación, e reconstruír o dobre proceso narrativo e textual que deu como resultado *Galván en Saor*.

II. PROCESO NARRATIVO

A presencia de múltiples voces narrativas en *Galván en Saor* presupón unha conciencia discursiva que se responsabiliza da organización e distribución destes exercicios narrativos; é a voz textual que lexitima, a unha prudente distancia, o comportamento da voz narrativa coa que se atopa o lector no nivel de recepción máis inmediato. Estas dúas entidades, a textual ou discursiva, e a narrativa, que non é senón un dos múltiples disfraces da primeira, despregan unha intensa actividade nos seus respectivos niveis de operatividade. A segunda, a máis facilmente detectable, é a que aquí interesa para delimitar o proceso narrativo de *Galván en Saor*.

A conciencia narrativa deste texto está fundamentada nunha serie de procedementos que se aúnan para conseguir a imaxe dunha novela na que o lector identifica non só uns personaxes que se autodefinen nas súas propias narracións senón tamén unha voz narrativa que entra e sae da diéxese para marcar, cando o cre oportuno, as condicións de lexibilidade. Entre os procedementos habería que sinalar, inicialmente, a proliferación de historias intercaladas, e os momentos metanarrativos nos que uns personaxes aluden a determinados rasgos discursivos dos seus interlocutores, como demostra o seguinte exemplo: "—Ai Galván [exclama Silvania], e que fermoso falades" (páx. 36)[3]; ou este outro, posto na boca do ermitán: "Quizais é por iso polo que agora son tan largo na fala" (páx. 100).

3. Todas as citas da novela refiren á edición mencionada.

Outro dos rasgos que caracterizan o proceso narrativo de *Galván en Saor* é unha constante tensión entre a voz narrativa e as perspectivas de focalización utilizadas para presentar o material narrativo. Un exemplo desta estratexia amósase xa nas primeiras páxinas da novela, na que o narrador, para manter o clima de misterio que define, mellor que ningún outro elemento, as cualidades de Galván, manipula cunha grande sutileza os códigos de focalización. É este, sen embargo, un rasgo facilmente constatable ó longo de toda a novela.

Este desdobramento do punto de vista narrativo e da perspectiva de focalización suxire a imaxe dunha voz narrativa tentada pola condición diexética dos personaxes mesmos, como indica o seguinte momento do relato no que o narrador adopta unha actitude de dependencia respecto da historia mesma: "e dixéronse cousas que a historia non rexistra" (páx. 44). Noutras situacións esta mesma voz descárgase de poder cognoscitivo, como na frase anterior, e informa co ton suxerente dun narrador distanciado e obxectivo: "Trinta pes de ancho e corenta de longo debía de te-la estancia" (páx. 77). A recorrencia léxica do verbo *ver*, por exemplo, que na páxina 41 é empregado dez veces, confirma a aludida escisión do exercicio narrativo. Non faltan comentarios metanarrativos sobre a condición mesma do mundo diexético, do que a voz narrativa semella non facerse responsable; cando Galván e Silvania chegan á pousada de Galiana, despois dunha estadía co ermitán, e co eu emigmático cervo, o narrador engade:

> Saíron do alboio coa alba e continuaron o camiño cara ó sur [...], sen outra novidade ca unha noite pasada en máis cómodo albergue, se menos *maravilloso* e non máis amigo, na casa dun rico labrador (páx. 103)[4].

Esta mesma voz narrativa principal sofre un interesante proceso de ósmose na selección dos códigos discursivos empregados, como indica o seguinte fragmento:

> Grandísimo parecía o vermello aínda de lonxe, e era terrible de ver o seu furioso galopar, brandindo a vermella lanza. Mais séñer Galván meteu esporas ó seu cabalo e foise contra el a rédea solta, co escudo ben embrazado e a lanza ben terciada e asegurada no ristre (páx. 41).

A descrición vén precedida dunha non menos hipercodificada intervención de Galván, que a voz narrativa asimila. Esta predisposición a xogar constantemente cos diversos rexistros discursivos é observable no seguinte fragmento narrativo marcado por códigos discursivos pertencentes á literatura oral, e só uns parágrafos á parte da cita anterior:

4. Subliñado meu.

> Saíron da adega, e deixou Galván o cabalo ceibo no patio, e subiron á estancia da torre en que Galván durmira, e estaba posta a mesa só para dous, e non había alí máis ninguén. Desarmou Silvania o cabaleiro, e fíxoo vestir con ricas roupaxes, e mandoulle sentar e sentou cabo del (páx. 42).

A xa mencionada estructuración fragmentaria da novela amósase de forma inmediata na súa multiplicación diexética e na polifonía narrativa, xustificada pola existencia de moitos dos personaxes de *Galván en Saor* que ven reducido o seu comportamento a relatar historias persoais ou alleas. A clasificación e identificación dos idiolectos narrativos textualizados na novela convértense, así, nun aspecto moi importante, sobre todo para entender a presencia e influencia das modalidades literarias seleccionadas pola voz textual. Este compoñente discursivo, que pode ser interpretado coma unha homenaxe implícita á literatura de tradición oral galega, actúa por primeira vez en *Galván en Saor*, e con carácter determinante, no relato do anano Vedromil, que introduce directamente ó lector no segundo espacio diexético da novela. É un claro exemplo de modalidade narrativa oral e iterativa, marcado, ademais, por un dobre proceso de introducción diexética; o relato do anano deseña un camiño discursivo que segue Galván, como narratario intradiexético privilexiado, e con el o lector extratextual; pero ó mesmo tempo o desprazamento físico dos dous personaxes cara ó espacio que está describindo o relato funciona tamén como vía de acceso ó mundo diexético no que van ocorrer os acontecementos nucleares da novela; a síntese deste dobre desprazamento axiliza o ritmo narrativo e proba que a aparente dimensión digresiva do relato oculta unha moi coidada economía expositiva. Un dos diálogos amorosos entre Galván e Silvania exemplifica esta mesma estratexia dunha aparente desarticulación da información narrativa que é controlada recorrendo ó mesmo xogo metafórico que causara a dispersión diexética: "Coitada de min [quéixase Silvania], ben cativo sol debo ser eu, e con ben pouco poder, cando os cabaleiros bandidos me teñen en tanto apuro" (páx. 36).

A multiplicación diexética ten o seu correlato nos niveis de recepción que, en principio, deberían amosar a mesma diversidade e dinamismo. Nun nivel intradiexético inmediato son detectables dous tipos de receptores entre os personaxes: os que descoñecen a identidade de Galván; e os que comparten co heroe esta información, porque coma el, proveñen do mundo artúrico. Estes últimos sitúanse, neste aspecto, á altura do lector competente, coñecedor el mesmo, da mencionada tradición literaria. Unha técnica narrativa empregada ó longo da novela, e relacionada co dito anteriormente, é a suxerente anticipación de información que irá aclarándose a medida que a diéxese se expande. Algunhas das historias narradas, que inicialmente quedan incompletas, logo son referidas por algúns dos personaxes que engaden os códigos

hermenéuticos necesarios para a súa clarificación (a historia do cervo, misteriosamente relatada no capítulo décimo, conclúese no seguinte, coa información adicional doutro personaxe, alleo á situación narrativa orixinaria). Esta estratexia só é posible activala sobre un dobre nivel de recepción: o do lector extratextual competente en literatura artúrica, e por tanto, coñecedor de todo o sistema de codificación que o sustenta; e o dun grupo de narratarios que descoñecen este mundo.

A discusión de Galván e Inés sobre os "vehículos" (páxs. 14-15) é un dos momentos da novela no que opera esta estratexia dun dobre nivel receptivo. O lector competente comparte o efecto humorístico que xera o enfrontamento entre os mundos representados por ambos os dous personaxes, e as referencias do narrador ó pánico do heroe artúrico producido pola moderada velocidade do automóbil (páx. 15). Pódese falar tamén en *Galván en Saor* de narratarios e antinarratarios: os primeiros definense por unha recepción positiva dos sucesos *marabillosos* que acontecen no relato; e sobre todo, polo interese en coñecer e valorar a mitoloxía artúrica. Os antinarratarios, polo contrario, rexeitan calquera posibilidade de sentido nas lendas artúricas e desmitifican ós seus heroes (Rei Artur, Perceval, Merlín)[5]. O predominio dos códigos hermenéuticos en *Galván en Saor* testifica a importancia do proceso de recepción dos narratarios e do mesmo lector. O primeiro capítulo insiste xa desde as liñas iniciais na relevancia destes códigos para configurar a imaxe de Galván, sobre todo a súa condición de estranxeiro e forasteiro, e a súa vinculación coa enerxía solar. Despois da estraña explicación de Galván sobre a súa enigmática conxunción astral, Masito, un dos contertulios na taberna de Inés, replica: "Sonlle cousas esas [...] que teñen moito misterio [...]. O metabolismo é unha cousa misteriosa" (páx. 9). A alusión máis clara, neste sentido, atópase no seguinte fragmento: "Preguntábanse todos quen sería de verdade aquel home tranquilo" (páx. 85). O mesmo Galván insiste nesta dimensión da súa experiencia pasada, e na dificultade de que os seus interlocutores poidan entendelo, cando na explicación da absurda busca do Grial, engade: "se enteñden o que lles digo" (páx. 11).

III. ECONOMÍA TEXTUAL

Galván en Saor pode ser clasificado, simultaneamente, como un texto pechado e aberto. A apertura textual da novela está garantida pola intervención da intertextualidade artúrica, que obriga ó texto a incorpo-

5. O comportamento do arrieiro na pousada de Galiana (páx. 110) é moi semellante á actitude que adoptan os compradores persas de coiros e sebo fronte ás historias que lles conta o Sinbad de Cunqueiro. Cfr. Álvaro Cunqueiro. *Obra en galego completa. Narrativa.* Galaxia, Vigo, 1982, páx. 321.

rarse a unha tradición literaria compartida por outros textos que compiten co de Darío X. Cabana na configuración dun determinado mundo narrativo. Neste sentido, hai que valorar a estratexia intertextual como un proceso centrífugo, en canto impón un sistema de codificación xa tipificado, que non permite que a diéxese xerada polo texto poida estabilizarse e constituírse nunha unidade estable. Sen embargo, e para contrarrestar esta tendencia disgregadora, a voz textual introduce múltiples códigos de reforzamento da unidade narrativa, en aparente contradicción coas fórmulas multidiexéticas empregadas na novela. Entre os elementos que reforzan esta visión macrotextual e totalizadora habería que destacar, nunha primeira lectura: un heroe pertencente a unha *mímese superior*, cunha identidade que é obxecto recorrente de interrogación[6]; a interrelación e múltiples paralelismos dos títulos mesmos dos capítulos, que se organizan como unha rede ben trabada. Non pode descartarse, neste sentido, a "balada francesa" (páxs. 46-47) que funciona na novela como un microtexto sintetizador do mundo narrativo.

O control da memoria narrativa, tan importante en novelas que amosan unha intensa fragmentación diexética como *Galván en Saor*, atínguese recorrendo ós paralelismos narrativos. Un primeiro exemplo atopámolo xa no primeiro capítulo, na voz de Masito, que intercala uns brevísimos relatos arredor do tema da comida (un dos temas recorrentes na novela). Outro exemplo desta técnica obsérvase tamén neste mesmo capítulo, no que se discute sobre a busca de algo marabilloso, nun diálogo dominado por Galván, xa que os seus interlocutores descoñecen a lenda do Grial; no segundo capítulo, retómase o mesmo tema, pero agora, e por tratarse de interlocutores homoxéneos, Galván e Merlín, as referencias á lenda son máis directas: "—¿Logo ti cres que a demanda non serve para nada? ¿Que non hai grial?" (páx. 17). A distancia entre ambos os dous momentos, e como é costume no narrador, está explicitamente textualizada no seguinte comentario de Galván, referíndose á conversa inicial na taberna da Inés: "Mais velaí que o meu hospedeiro debe estar a chegar, e cómprenos disimular un pouco diante del, por non turbalo moito. Xa onte falei algo de máis" (páx. 19). Esta proxección macrotextual de *Galván en Saor* vai ser unha constante ó longo de toda a novela; apoiada en determinados procedementos sémicos, como a recorrencia do ciclo solar, que, ó funcionar como fonte da enerxía heroica de Galván, condiciona o ritmo narrativo da diéxese.

As modalidades de autorreferencialidade, outra das estratexias privilexiadas na configuración e reforzamento do sentido da unidade do texto, son tantas e tan diversas que merecen unha catalogación á par-

6. Como se constata nas seguintes páxinas: 12, 32, 62, 85 e 108.

te. Habería que sinalar, en primeiro lugar, a recorrencia semántica, representada pola constante alusión a un determinado número de temas que estructuran a organización sémica da novela: o destino, a morte, a busca, o retorno, e a viaxe, por sinalar só os máis relevantes; en segundo lugar, as recorrencias discursivas (a epistolar, por exemplo) e as narrativas (dentro dun mesmo capítulo ou entre capítulos distintos). As recorrencias, ás veces, teñen unha función non só integradora senón tamén comparativa (personaxes distintos fanlle a mesma pregunta a Galván, empregando fórmulas codificadas que permiten identificar o estatuto de cada un deles (páxs. 12-32). As anáforas narrativas, pola súa brevidade ou distancia entre os fragmentos relacionados, poden pasar desapercibidas, e sen embargo, como nos exemplos citados a continuación, esíxenlle ó lector que as memorice, como condición básica para unha óptima recepción narrativa: "forte e rizado cabelo salferido de prata" (páx. 13); e "unha cabeleira negra enguetada de prata" (páx. 135). Non menos sutil é o seguinte exemplo, que corrobora os paralelismos entre os dous mundos da diéxese: nun texto (a), que pertence ó mundo anacrónico, lese: "un veludo lourido asomáballe [a Silvania] entre elas [as súas tetiñas] e os brazos, húmido coa salgada suor da noite" (páx. 76); nun segundo fragmento, texto (b), no que a voz narrativa retorna, e con el o lector, ó mundo contemporáneo, obsérvase: "Bicou docemente a [...] branca fronte [de Silvia], apartando os dourados cabelos húmidos de suor" (páx. 81). Entre as recorrencias discursivas, con peso específico no ritmo narrativo da novela, debe sinalarse a repetición de grupos sintagmáticos nun mesmo parágrafo: "ben viu"/"ben a vira"/"ben lle vira"/"ben vira" (páx. 78).

Un exemplo esclarecedor deste procedemento de calco está representado pola vinculación de dous diálogos entre Galván e Merlín; no primeiro Galván confésalle a Merlín:

> —Quizais non te vexa máis e quizais te vexa, pois non sei canto tempo botarei por aquí.
>
> —Pero os camiños da vida [replica Merlín] son longos, e ancho o voo do falcón (páx. 19).

No segundo, Merlín despídese nos seguintes termos: "E agora voume, meu querido Galván, amigo e señor. Tal vez nos vexamos de novo e tal vez nunca máis. Ven que che dea unha aperta, e lembra que é ancho e longo o voo do falcón" (páx. 87). Os seguintes fragmentos están estructurados sobre a mesma estratexia: "Coma gatos combatían os cativos xa libres" (páx. 69); e "... testemuñaban a victoria dos cativos xa libres" (páx. 70).

A dinámica da recorrencia funciona tamén na hipercodificación retórica de determinados personaxes; Galván, dirixíndose ós irmáns si-

tiadores do castelo de Mirez, repite tres veces nunha filípica acusatoria a fórmula "¿Quen lle mandou?":

> —¿Quen lle mandou a voso irmán querer casar pola forza coa miña señora Silvania? ¿Quen lle mandou prende-lo señor Vedromil moito contra a súa vontade, para facerlle mal? ¿Quen lle mandou non fuxir cando podía [...]? [...] ¿E quen vos manda a vós cercar este castelo?" (páx. 37)[7].

Unha recorrencia especialmente significativa, porque sintetiza o ritmo narrativo e a incorporación do marabilloso no relato, é a correspondencia entre o comportamento de Galván e o ritmo do sol, que intervén ó lado do heroe en case todos os enfrontamentos cos seus inimigos. No repertorio das recorrencias temáticas habería que indicar o difícil acceso a determinados espacios diexéticos, que aparece como unha constante ó longo do relato; ou a xa mencionada anticipación do remate da novela que se vai distribuíndo de forma escalonada ó longo do relato. A súa configuración en conxuntos perfectamente definidos por unha serie de elementos discursivos asegura a unidade interna dos capítulos; neste sentido, a estratexia máis común é a insistencia nunha mesma isotopía que a voz textual desprega cunha grande sutileza. O inicio do segundo capítulo, no que se tematiza a obsesión hixiénica de Galván, exemplifica esta técnica.

Así, pois, a pesar dunha primeira imaxe de fragmentación narrativa, intensificada, en parte, pola bipolaridade do mundo diexético, a novela está conscientemente organizada como un todo, no que determinados códigos funcionan para reforzar esta dimensión macrotextual. Esta conciencia da economía narrativa é observable na función do capítulo noveno, "Galván por Demonte", que exemplifica unha consciente planificación da información e da enerxía narrativas; trátase dun capítulo de transición, como indica a preposición do título, que está controlado por un tempo lento, se se compara con outros momentos narrativos da novela, e que anuncia ou adiviña outros ritmos narrativos moito máis críticos e inestables. A súa mesma disposición tipográfica, na que cada parágrafo está sinalizado e separado dos demais por asteriscos, amosa esta lentitude narrativa e textual. A unidade deste capítulo está reforzada por unha textualidade sémica pechada, marcada pola presencia dun obxecto animado, o pardal, que abre e remata o capítulo. É este un dos momentos de *Galván en Saor* nos que ambas as dúas voces, a narrativa e a textual, están máis próximas, e no que a conciencia discursiva e a narrativa se aúnan para conquerir o efecto

7. Este mesmo talante retórico caracteriza, anque cunha dimensión irónica e humorística inexistente no mundo da novela de Darío X. Cabana, a grande parte dos heroes de Cunqueiro, especialmente ó Ulises de *Las mocedades de Ulises* e ó Paulos de *El año del cometa*.

desexado. A función divisoria deste capítulo está tamén indicada pola distribución diexética da novela en dúas partes ben definidas: unha primeira na que alternan os dous mundos narrativos (capítulos 1-8); e unha segunda parte, que ofrece unha maior consistencia narrativa, dominada polo encadramento narrativo da viaxe e da busca (capítulos 10-15). No segundo diálogo con Merlín, figura que reaparece tamén neste capítulo, Galván reformula a idea da busca do Grial, que, aludido nos primeiros capítulos, perdera forza narrativa nos seguintes, iniciando así a segunda parte da novela, e reforzando a función transitiva deste capítulo.

IV. SISTEMA ACTANCIAL

En consonancia coa súa diversidade diexética, o sistema actancial da novela de Darío X. Cabana ofrece unha gamma moi variada de criterios para clasificar e distribuír os personaxes. O primeiro e máis inmediato está determinado pola súa participación, case sempre exclusiva, nun dos mundos narrativos. O desdobramento onomástico Silvania/Silvia amosa xa a esquizofrenia narrativa e actancial dalgúns personaxes.

O tema do difraz[8], exemplificado en Galván (forasteiro, cabaleiro, trobador, falcón), e no mesmo Merlín, intensifica a duplicidade espacio-temporal da diéxese, e o conseguinte desdobramento da identidade dos personaxes centrais. As múltiples preguntas sobre a identidade do heroe, outro dos motivos recorrentes en *Galván en Saor*, están directamente relacionadas co funcionamento dos códigos hermenéuticos na novela, e co seu carácter itinerante; o heroe, como cabaleiro andante, e definido en grande parte polas aventuras nas que participa, enfróntase constantemente a novos personaxes que, directa ou indirectamente, cuestionan a súa identidade.

Ten especial interese a configuración de Galván, centro arredor do cal xira toda a novela, xa que un dos desafíos da voz textual radica na subversión da imaxe hipercodificada deste personaxe artúrico. Nos dous primeiros capítulos xa se fan perceptibles os rasgos que definen o heroe: a súa condición de forasteiro[9]; a súa pertenza a un mundo anacrónico, que xustificaría algúns dos elementos marabillosos e misteriosos do personaxe (poder solar, vista de falcón); un idiolecto propio, perfectamente definido xa no diálogo inicial con Inés:

8. O disfraz, entre outros sentidos, conleva un significado de inestabilidade e mutación, e funciona como un dos signos sémicos da producción narrativa galega actual, en canto exemplifica a contradictoria autorrepresentación de Galicia como espacio histórico.

9. A figura do viaxeiro/forasteiro é prototípica na narrativa galega máis recente, como demostra, entre outros textos, *O triángulo inscrito na circunferencia*, de Víctor F. Freixanes.

> —[...] Polo prezo coido que non habemos de ter cuestión.
> —Calquera que sexa o prezo, miña señora —repuxo o cabaleiro—, non crerei eu, pagándoo, paga-la vosa hospitalidade, que non ten prezo, e que é para min máis prezada ca diñeiro ningún.

Este idiolecto está metatextualizado no comentario pertinente de Manuel de Braes: "estouno escoitando a vostede, e no falar non me parece de por aquí. Non o digo só pola súa fineza, que amosa *grandes estudios e cortesía...*" (páx. 10) ou neste outro de Silvania: "—*Tan finamente falas*, meu cabaleiro, que agora máis me pareces un trobador có forte guerreiro..." (páx. 43)[10]. As referencias ós rasgos discursivos de Galván son unha constante en toda a novela. Outro aspecto importante na definición de Galván, e que aparece aludido na novela, é a súa conducta case pueril, especialmente nos momentos de tensión: "Vaia bebendo un vasiño, señor, que boa falla lle fará despois de andar por aí ás aventuras coma se fose un cativo" (páx. 38)[11]. A discreción é un rasgo recorrente que Galván comparte con outros personaxes da novela, así como o talante cerimonioso e detallista, exemplificado na coidada selección léxica do seguinte fragmento: "tallou un *pequeno* codelo", "púxose a comer a *pequenos* bocados", "correspondía [...] cunha *leve* inclinación de cabeza", "tallou outra *miguichiña*", "seguiu moulando *engordiño*, botando de cada pouco un trago de viño tan *curto* que máis ca beber parecía que *bicaba* o tangue", "cortou logo queixo [...] sempre en *pequenas* cantidades" (páxs. 8-9)[12].

As breves referencias a Merlín[13], fan pensar nel máis como obxecto temático que como actante. A súa presencia na novela semella reducirse a intensificar a dimensión hipercodificadora da diéxese, na que Merlín actúa como un código intertextual dobre, ó incorporar todo o ciclo literario artúrico, e determinados elementos da versión que Cunqueiro ofrece sobre este personaxe en *Merlín e familia*. A súa presencia axuda a identificar os eixes temáticos da novela; e pola súa pertenza ó universo cultural de Galván, o mago intensifica tamén a dimensión misteriosa do heroe. No segundo capítulo está perfectamente definido o desenvolvemento desta isotopía, que repercute na lectura que os narratarios intradiexéticos deben facer dos dous personaxes.

A dimensión intertextual é compartida por case todos os personaxes, e explicaría a súa condición prototípica de entidades xa feitas e definidas polo mundo social ou literario do que proveñen. Nin sequera

10. Subliñados meus.

11. Este compoñente lúdico no comportamento do heroe está confirmado noutros momentos da novela (páxs. 43, 75, 88, 98).

12. Subliñados meus.

13. Concretamente nas páxinas 17-18, 87 e 116.

Silvania/Silvia se libra desta determinación. Este esquematismo actancial repercute na rápida definición dos personaxes, que están marcados positiva ou negativamente xa desde os inicios da novela: "Levantouse Inés ó ver home descoñecido, e coa súa *galana xentileza* convidouno a pasar" (páx. 8)[14]. Ás veces o contraste físico ou discursivo entre dous personaxes é tamén utilizado para chegar a un máis rápido coñecemento deles, como na presentación de Galván e Masito nas primeiras liñas da novela. Non pode silenciarse un dato importante: que a primeira incursión de Galván (e do lector, loxicamente) no mundo *marabilloso* está marcado tamén pola oposición entre un "anano [...] atado" e un "xigantesco guerreiro" (páx. 22).

A función actancial dos animais adquire unha relevancia especial na estructuración sémica de *Galván en Saor*. Habería que distinguir entre os animais cargados de enerxía simbólica (falcón, lobo, pardal, serpe, cervo, corvo e león); e os animais que cumpren fundamentalmente unha función diexética (cadela, cabalerías, etc.). A dimensión simbólica do mundo animal, é dicir, a súa correspondencia con determinados personaxes, está refrendada pola intertextualización do ciclo artúrico, que funciona como principio organizador da enerxía simbólica da novela. Neste sentido, a incorporación dun capítulo co título de "Unha fábula de animais", ademais de actuar como encadramento cronolóxico da codificación literaria, reforza a mencionada dimensión alegórica do mundo animal.

A onomástica de determinados personaxes, e incluso de certos animais, segue tamén o proceso de hipercodificación xa mencionado. Faísca, a cadela, fai xustiza ó seu nome, como documenta a voz narrativa: "Sentiulle chamar Faísca, e érao" (páx. 32); e Galván autodefínese en referencia ó falcón: "Sabede que me chaman Galván, e que esta palabra [...] declárase na vosa lingua por falcón de maio" (páx. 32). A relevancia da intencionalidade implícita nesta dobre denominación está reforzada pola proximidade de ambas as dúas referencias. Tampouco o nome de Silvania está desprovisto desta dimensión simbólica.

V. DINÁMICA INTERTEXTUAL

A configuración intertextual da novela, codificada xa no título mesmo, que alude á grande macrotópica do ciclo artúrico, está representada por unha ampla variedade de rexistros que van desde as modalidades discursivas á alusión explícita ou implícita de textos específicos. A macrotópica aludida impón, ademais dunha selección sémica e narrativa, un condicionamento discursivo. No repertorio das modalidades

14. Subliñado meu.

discursivas propiamente ditas, obsérvase o funcionamento de unidades textuais configuradas segundo os seguintes paradigmas: a narrativa oral, a balada, o discurso epistolar, a fábula, a cantiga de amigo e de maldicir, e a retórica militar, por indicar só as máis perfiladas. A simple enumeración desta variedade de modalidades suxire unha imaxe discursiva de *Galván en Saor* na que a dimensión intertextual representa un papel estructurante fundamental como principio de organización textual. A intertextualidade funciona especialmente no encadramento do mundo narrativo anacrónico/fantástico, no que opera o mundo artúrico, que se inscribe desde varias perspectivas. A máis coherente é a breve presentación que fai Galván, na pousada de Galiana, da historia central do ciclo literario artúrico.

Como noutros aspectos da novela, hai que contar tamén aquí cun dobre espacio de operatividade, o do nivel narrativo e o do discursivo, que Darío X. Cabana sintetiza con acerto. O primeiro absorbe a configuración temática dos ciclos literarios intertextualizados; o segundo selecciona os códigos que estructuran as outras dimensións textuais da novela.

Un autor privilexiado, nesta dinámica intertextual, é Álvaro Cunqueiro, implicitamente aludido en varios capítulos, como suxiren os títulos dalgúns deles: "A taberna de Inés", e "A pousada de Galiana", fan pensar na cunqueiriana "A taberna da Galiana"[15]; o tratamento da figura de Merlín, localizado en Miranda, é unha obvia referencia ó Merlín de Álvaro Cunqueiro [16]. Habería tamén que reseñar o ton desmitificador do retrato do mesmo rei Artur no relato de Galván (páx. 108), que coincide, en parte, co tratamento que del fai Cunqueiro en *El año del cometa*. A presencia do escritor mindoniense percíbese incluso en detalles mínimos, como a hipotética alusión a un dos seus poemarios: "O cabalo e o mulo, xa cheos, pacían unha *herba aquí e outra acolá*" (páx. 116)[17].

A intertextualidade funciona tamén como unha fórmula discursiva de contextualización histórica dos procesos narrativos: fábulas de animais, baladas, cantigas de maldicir, cantigas de amigo, e retratos femininos petrarquistas, obedecen a esta fórmula de intertextualización cronolóxica. *Galván en Saor* activa unha serie de complexos procesos de cooperación textual entre as entidades de emisión e recepción da novela. O máis inmediato está representado pola dinámica intertextual, que, como vimos, funciona en varios niveis, e constitúe un elemento fundamental no proceso de recepción. Non pode silenciarse a

15. Que Méndez Ferrín incorpora tamén en *Arnoia, Arnoia*.

16. Tamén Carlos G. Reigosa, no seu *Irmán Rei Artur*, intertextualiza este dato.

17. Subliñado meu.

dimensión con-textual que determina tamén un comportamento receptivo específico, e posibilita a lectura alegórica da novela. A intencionalidade subversiva da novela hai que medila precisamente en relación cos múltiples encadramentos de recepción que o autor emprega, distribuídos en varios niveis discursivos: en primeiro lugar, as modalidades narrativas aludidas; nun segundo lugar, a macrotópica artúrica; e finalmente, os textos literarios específicos intertextualizados na novela. Son, así mesmo, perceptibles dous procesos de descodificación: a da voz autorial, que descodifica e recodifica unhas determinadas tradicións e modalidades literarias; e o do receptor que debe descodificar, no horizonte dos encadramentos de lectura aludidos, o mundo narrativo da novela desde unha dobre perspectiva, a do sistema de codificación elaborado polo texto mesmo, e a dos sistemas de codificación intertextualizados pola voz autorial. En textos como este, cunha hipercodificación tan intensa, a coexistencia das tendencias de encadramento receptivo, representadas pola carga hipercodificadora xa aludida, e a vontade subversiva da voz textual, é sempre crítica.

VI. DUPLICIDADE DO MUNDO NARRATIVO

A novela distribúe a súa enerxía narrativa en dous macroespacios, caracterizados por unha insalvable distancia temporal que os determina. Consecuencia lóxica deste feito é o funcionamento dun marco diexético bidimensional no que conviven un mundo cronoloxicamente contemporáneo do lector, e outro situado nun pasado máis literario e imaxinario ca real. A forza estructurante desta disposición temporal da diéxese é perceptible na organización actancial dos personaxes que, segundo esta dualidade, poden ser clasificados segundo habiten exclusivamente un dos mundos, ou comparten ambos os dous, como lles sucede ós personaxes centrais da novela, Galván e Silvania/Silvia.

Saor funciona como un espacio no que se inscribe a posibilidade do marabilloso: trátase dun espacio aberto, marcado pola indeterminación cronolóxica (como demostra a convivencia de dúas temporalidades irreconciliables), e pola inestabilidade ontolóxica que se deriva desta mesma característica. Saor ben puidera ser o grande espacio alegórico de Galicia; e o Castelo da Lama un símbolo do seu silencio histórico. O compoñente etnolóxico, que axuda a reforzar esta dimensión, é perceptible en varios momentos do relato nos que a voz textual inscribe a diferenciación de comportamentos culturais; un exemplo claro, que se repite insistentemente, sobre todo nos diálogos entre Galván e a tertulia da taberna da Inés, é a regulamentación do rito da comida, observable na seguinte conversa: "—Ai señor —díxolle Inés [a Galván]— e aínda parece mentira que un home tan grande coma vostede coma tan

pouco. Coma unha miguiña máis, señor, que me deixa en *vergonza*" (páx. 9)[18]. Ademais da comida, a preocupación etnolóxica é detectable noutros aspectos, como na descrición da "rede de moscas" que inscribe a tensión xa aludida entre mundos alleos: "—Hame de perdoar [escúsase Galván], pero cómo é a rede de moscas, que nunca oín ese nome, e paréceme que nunca tal cousa vin" (páx. 16). Entre ambos os dous mundos existen relacións de tensión, duplicación e síntese.

A dimensión epifánica de determinados microcosmos (a lagoa, os prados alagados, a fraga, o val da primavera, etc.) está xa indicada nos momentos iniciais do relato: "Galván bebía a paisaxe cos ollos" (páx. 16). Deste xeito, a voz textual está preparando ó lector para a incorporación diexética dun elemento novo, xa anticipado, en parte, coa presencia do mundo artúrico. Galván segue sempre o mesmo itinerario, cando se introduce no mundo *anacrónico/marabilloso*: lagoa→fraga (un movemento que ritualiza o proceso simbólico da inmersión do heroe no mundo da natureza, no centro do *país*)[19]. Estes espacios privilexiados están marcados semicamente polas correspondencias con outras dimensións que aparecen aludidas no relato, como a confluencia de lendas e tradicións culturais.

Espacio epifánico modélico é o "val da primavera". De feito, toda a viaxe ó Sur está estructurada literariamente como una combinación de encadramentos de lectura que configuran a imaxe total do desprazamento do heroe. O relato do "val" insiste nos mitemas bíblicos que acentúan a experiencia "paradisíaca" de Galván e Silvania, como eles mesmos recoñecen: "atopámo-lo paraíso nó noso camiño [...]. Ningún anxo nos bota" (páx. 116). Outra imaxe bíblica é a alusión ós tres días, que Galván lle pide a Silvania que agarde mentres el sobe á "montaña do Grial".

Esta enerxía sémica, que define o funcionamento dos microespacios en *Galván en Saor*, permite a súa caracterización como forzas actanciais dentro do mundo narrativo. O val, a lagoa, a montaña, a fraga, son espacios que ademais de determinar a ubicación da diéxese, condicionan o seu desenvolvemento[20]. As descrición dalgúns espacios, concretamente o "Val da Primavera" e a "Montaña do Grial", están discursivamente marcadas por esquemas de oposición sémica: negativo/positivo; fertilidade/estirilidade. Os dous primeiros parágrafos do capítulo

18. Subliñado meu.

19. O semema *país*, empregado en varios momentos (páx. 86, 100 e 110), suxire unha lectura moi concreta no contexto da experiencia histórica galega, e abre unha dimensión especialmente relevante de *Galván en Saor* como novela da *terra*.

20. Trátase dun tratamento do espacio que adquire un sentido especial nos espacios culturais, como o galego, nos que o semema *país* sintetiza o mito nacionalista da *terra-nai*.

no que se relata o ascenso á montaña están determinados por unha semántica negativa, que contrasta coa configuración léxica positiva do capítulo anterior no que se describía o "Val da Primavera". Velaquí unha selección moi representativa:

> O sol *non* chegaba [...], máis ben se coñecía que naquela *escuridade non* medraban *nin* oucas *nin* planta *ningunha*. [...] A terra estaba *pelada*. *Nin* herba *nin* árbore, *só rochas* e *terra queimada*, *grisalla* e *tristísima*. [...]
>
> A ponte [...] era tan *estreita*. [...] Empezaron a subir pola senda, e *ningunha* presencia animal os turbou *nin* os alegrou. [...] A consistencia da *sombra* era *espesa* e case *visgosa*, *peor* cá *noite máis negra*. *Non era posible nin pensar*. [...] A pesar do esforzo xa sentían o *frío*. [...] Unha brancura sobrenatural e terrible, *ausente* de vida, na que o sol *non* brillaba. *Non* sopraba unha airexa de vento (páx. 119-120)[21].

A pesar da desmembración espacio-temporal dos dous mundos que definen a diéxese da novela, é detectable unha peculiar sincronización cronolóxica. Esta correspondencia, corroborada polos seguintes exemplos, axuda a contrarrestar os efectos dunha lectura esquizofrénica da novela: "—Ata mañá [explícalle Galván a Silvania] non poderei acometer contra os vosos inimigos [...]. Por iso demando licencia vosa para atender algúns asuntos meus, pois pode haber quen estea desacougado pola miña longa ausencia" (páx. 37). O diálogo entre rei Artur e Galván confirma esta mesma sincronización:

> —Que belos tempos aqueles, Galván, as primaveras doutrora!
>
> —Eu xa a vin este ano, meu rei, e nunca foi tan florida (páx. 127).

VII. CONCLUSIÓN: ESQUIZOFRENIA NARRATIVA

A esquizofrenia narrativa é un rasgo que *Galván en Saor* comparte con moitos outros textos narrativos galegos contemporáneos. Esta dimensión está suxerida por unha serie de características que, distribuídas de forma desigual nos múltiples textos nos que operan, configuran esta condición fundamental da producción narrativa galega actual.

O primeiro compoñente da dimensión esquizofrénica da novela de Darío X. Cabana é a copresencia de mundos cronoloxicamente incompatibles; e a de dúas dimensións ontolóxicas incompatibles, a realista, controlada por condicionamentos espacio-temporais de verosimilitude, e a fantástica. A coexistencia, na mente de Galván, de dous mundos distintos, que exercen sobre el igual atracción, determina a súa condición de heroe sometido ás presións dos dous mundos, e dominado por unha esquizofrenia que representa a un nivel microcósmico as

21. Subliñados meus.

contradicciónS do macrocosmos galego. Neste mesmo proceso xoga un papel efectivo a dimensión alegórica, outra constante na narrativa galega contemporánea, e que se caracteriza pola convivencia inestable e problemática dunha intensificación simbólica mitificadora (codificada nunha linguaxe lírica), e dunha vontade de concreción histórica (apoiada na codificación narrativa). Esta tensión, exemplificada na esquizofrenia narrativa e discursiva de *Galván en Saor*, amosa unha das moitas dimensións críticas do proceso creativo cultural galego que, pola súa experiencia de marxinalidade, vese obrigado a recorrer a unhas formulacións literarias hipercodificadas como unha das escasas opcións de que dispón para encher o baleiro e o silencio históricos.

X. G.-M.

Algúns aspectos da Política Lingüística Galega*

Manuel Taboada

Quero facer, ó empezar o meu artigo, unha precisión de tipo terminolóxico dado o moito que no mundo se leva escrito sobre sociolingüística en xeral e sobre planificación lingüística en particular.

Entendo o termo política lingüística no senso dunha estratexia institucional que mediante unha planificación lingüística axeitada, coherente e eficaz conduza a unha normalización da lingua, a chamada "planificación do estatus", e a unha estandarización, a chamada "planificación do corpus". Voume centrar no primeiro aspecto, é dicir, a normalización da lingua ou planificación do estatus.

1. PROCESO POLÍTICO E PROCESO LINGÜÍSTICO DESDE A CONSTITUCIÓN

En breve síntese histórica, un percorrido desde a Constitución, pasando polo *Estatuto de Autonomía, Lei de Normalización Lingüística,* e *Ordes* e *Decretos* que a desenvolven permite enmarcar o proceso galego de normalización en paralelo cos procesos basco e catalán.

Que a miña exposición comece coa Constitución de 1978 non quere dicir que ignore, ou mesmo desprecie, o proceso anterior senón que teño que poñer un tope para me situar no momento actual.

*O presente texto corresponde á conferencia pronunciada no *Ateneo Ourense,* o 24 de novembro de 1989, nas *Xornadas sobre lingua galega. Problemas e perspectivas* (Coord. Xesús Alonso Montero).

A Constitución, queirámolo ou non, supón tal grao de ambivalencia que trouxo como resultado a creación de situacións conflictivas entre o estado e as comunidades autónomas con cultura e lingua de seu. Esta ambivalencia xa vén motivada polo artigo segundo que declara: "A Constitución fundaméntase na indisoluble unidade da Nación española, patria común e indivisible de tódolos españois", para de seguido indicar que se "recoñece e garante o dereito á autonomía das nacionalidades e rexións que a integran e a solidaridade entre todas elas".

De tal ambivalencia deriva que os estudiosos constitucionalistas non saiban claramente como definir esta situación e que as calificacións resultantes cheguen desde dicir que tal configuración está a medio camiño entre unha estructuración tipicamente rexionalista ou federalista, pasando por todos os graos intermedios, "federación incompleta ou imperfecta, estado semifederal, semirrexional ou semicentralizado ou semidescentralizado, estado cuasi federalizante, encubertamente federal, ou estado centralista e unitario con espíritu federalista"[1].

Polo tanto, resulta claro que, desde a perspectiva estrictamente xurídica, na concepción do estado, a indefinición é máxima, tendo en conta, ademais, que, no propósito estatal de dar café para todos, se crean dezasete comunidades, o que significa que saíu un café descafeinado, e quen máis tivo que sufrir o proceso de descafeinamento foron as comunidades ou nacionalidades históricas: Galicia, Euskadi e Catalunya.

No tocante ás *Linguas estatais,* a Constitución é restrictiva e ambigua, pois tras sentar no seu artigo 3 apartado I que "O castelán é a lingua española oficial do Estado", e que "tódolos españois teñen o deber de a coñecer e o dereito a usala", deixa nun segundo plano ás demais linguas, cando no apartado segundo declara que "As outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas de acordo cos seus Estatutos". Pero aínda moito máis restrictiva e ambigua é a redacción do apartado 3 do devandito artigo terceiro cando di que "A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respeto e protección". Ambigüidade flagrante cando se refire "ás distintas modalidades lingüísticas", salvo, claro está, que se estea referindo ós dialectos do castelán como o canario, murciano, extremeño ou andaluz.

Como se ve, establécese a oficialidade dunha primeira lingua, o castelán, co conseguinte deber de coñecela por parte de todos os cidadáns. As linguas non casteláns, como linguas das Comunidades autónomas, son un patrimonio cultural, mais non un obxecto de normalización.

1. Corominas, J. "Normalización y planificación lingüística en el País Vasco", en *Congreso Mundial de la Lengua Vasca,* San Sebastián, agosto-setembro, 1987. Comunicación presentada en edición restrinxida mecanografada.

É no artigo 148 onde aínda se fai máis patente a posibilidade de normalización que a Constitución podía conferir, pois aparece soamente referida ás competencias que, di textualmente "poderán asumir as Comunidades Autónomas", e entre elas están. "O fomento da cultura, da investigación e; no seu caso, do ensino da lingua da Comunidade Autónoma". Como se ve o proxecto trazado de competencias é ben cativo.

É nos *Estatutos de Autonomía* onde se articula, ou trata de articular, a autonomía lingüística, e en cada un dos tres Estatutos, catalán, basco e galego, se fai en termos similares.

Así o artigo 6 do *Estatuto de Autonomía para o País Basco,* de 1979, sinala que "O Euskera, lingua propia do pobo basco, terá, como o castelán, carácter de lingua oficial en Euskadi, e todos os seus habitantes teñen o dereito a coñecer e usar dúas linguas"; no apartado 2 sinala que "as Institucións comúns da Comunidade Autónoma, tendo en conta a diversidade socio-lingüística do País Basco, garantirán o uso das dúas linguas, regulando o seu carácter oficial, e arbitrarán e regulamentarán as medidas e medios precisos para asegurar o seu coñecemento", rematando no apartado terceiro que "Ninguén poderá ser discriminado por razón da lingua".

O *Estatuto Catalán* redáctase en similares termos no seu artigo terceiro:

1. A lingua propia de Cataluña é o catalán.
2. O catalán é o idioma oficial de Cataluña, así como tamén o é o castelán en todo o Estado Español.
3. A Generalitat garantirá o uso normal e oficial dos dous idiomas, adoptará as medidas precisas para asegurar o seu coñecemento e creará as condicións que permitan acadar a súa plena igualdade no que se refire ós dereitos e deberes dos cidadáns de Cataluña.

A redacción é desde logo moito máis sibilina que a basca.

O *Estatuto Galego de 1981* vén ser unha fórmula de compromiso entre os dous estatutos, basco e catalán. No seu artigo 5 determina:

1. A lingua propia de Galicia é o galego.
2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.
3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.
4. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.

As coincidencias entre os tres estatutos, neste aspecto, son evidentes, desde a designación de *lingua propia,* e o establecemento da súa ofi-

cialidade ou cooficialidade, ata o dereito do seu uso. Mais hai unha diferencia fundamental con respecto á Constitución, mentres nela se determina "o dereito e o deber de usar o castelán", nos Estatutos soamente se recolle o dereito a usar as dúas linguas. Sen embargo, a redacción catalana é moito máis sibilina, como antes dixen, pois no apartado terceiro di que a "Generalitat creará as condicións que permitan acadar a súa plena igualdade no que se refire ós dereitos e deberes dos cidadáns de Cataluña". Falando de dereitos mais ó mesmo tempo de deberes "dos cidadáns", con respecto ás dúas linguas, non soamente con respecto ó castelán.

Resumindo, o Estatuto de Autonomía non establece o marco ideal para a lingua galega, aínda que se constitúe nun punto de partida aceptable para botar a andar o camiño da normalización.

Son as *Leis de Normalización Lingüística* das nacionalidades respectivas as que fixan, inicialmente, un temario na tarefa de planificación lingüística, e tamén neste caso os marcos xerais non son moi diferentes. Por orde cronolóxica, a *Lei Básica de Normalización do Uso do Euskera,* de 24 de novembro de 1982, a *Lei de Normalización Lingüística de Cataluña* de 18 de abril de 1983 e a *Lei de Normalización Lingüística Galega* de 15 de xuño de 1983 (hai que ter en conta, ademais, a *Lei sobre o uso do ensino do Valenciano* de 23 de novembro de 1983, a *Xerencia da Campaña para a normalización lingüística das Illas Baleares* de 26 de xullo de 1984, a *Lei Foral sobre o euskera en Navarra* de 1985, e outras comunidades autónomas que prevén a defensa e potenciación da lingua, como son os casos de Aragón e Asturias).

Non existen traballos de investigación que estudien de maneira sistemática cada unha das tres leis por separado, basca, galega e catalana, e moito menos un estudio comparativo.

Mais dunha lectura por riba extráese que as tres potencian funcións e usos similares da lingua, e como despois terei ocasión de poñer de relevo, deixan as tres tamén fóra moitas outras. A *Lei Basca* ten en conta a Administración, educación, medios de comunicación e uso oficial, engadindo no título primeiro un capítulo sobre dereitos lingüísticos. A *Catalana* refírese ó uso oficial, ensino, medios de comunicación e administración pública.

A *galega* componse de seis títulos que son os seguintes:

1. Dos dereitos lingüísticos en Galicia [menos detallada que a basca e menos progresista tamén]
2. Do uso oficial do galego.
3. Do uso do galego no ensino.
4. Do uso do galego nos medios de comunicación.
5. Do galego exterior.
6. Da administración autonómica e a función normalizadora.

Parece que como modelo xeral de todas elas se adoptou o modelo belga que centra a súa planificación en catro aspectos:

Ámbito legal

Administración pública

Educación

Comercio e Industria

Este cuarto aspecto, non constitúe apartado independente nas leis españolas, e se se recolle na *Lei de Normalización* galega é dentro do título 6, figurando máis ben como unha declaración de intencións, empregando o verbo "fomentar", e redactado nos seguintes termos:

> O Goberno Galego e as Corporacións Locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras. Con esta finalidade e por actos singulares, poderanse outorgar reducións ou exencións das obrigas fiscais.

As situacións de Cataluña, País Basco e Galicia, teñen, a pesar das súas obvias diferencias, puntos de similitude e coincidencia, e os tres casos poden constituír, xunto con outros de similares condicións estructurais, unha tipoloxía caracterizada por dous grandes factores:

1. A súa subordinación política a un estado central, dominado por outro grupo lingüístico maioritario nos territorios, que a nivel global, conta cunha organización soberana.
2. A presencia no territorio autónomo dun continxente de individuos que pertencen lingüisticamente ó grupo maioritario do conxunto do estado, debido a razóns diversas.

A primeira consecuencia, pois, desta subordinación política é a posibilidade dunha interferencia lexislativa e xurídica dos poderes centrais do estado nas decisións que sobre planificación dos usos lingüísticos poidan tomar os gobernos autónomos destas comunidades. Non se trata pois dunha política lingüística xurdida libremente da decisión democrática da poboación residente no territorio galego, catalán e basco, dunha política libre e soberana repito, senón dunha actuación moi frecuentemente constreñida e mediatizada pola situación de subordinación política destas comunidades.

A dependencia política destas comunidades, querida ou non, ten diversos efectos. Ademais da falla dunha política interna de autogoberno en toda a extensión da palabra, a posibilidade de que os órganos xudiciais centrais do estado, léase o Tribunal Constitucional, deroguen ou impugnen disposicións tomadas polas institucións autónomas de cada un destes grupos lingüísticos. Circunstancia, esta última, que como é ben coñecido, se produciu coas tres Comunidades. No caso concreto de Galicia con dous artigos da *Lei de Normalización Lingüística* e coa

práctica totalidade dunha Orde da Consellería de Educación de 31 de agosto de 1987.

Fronte a estas características comúns hai tamén, e por suposto, unhas condicións específicas, que en última instancia derivan do segundo aspecto contemplado: a presencia no territorio doutra lingua, que non é a propia, e os condicionamentos de tipo histórico, sociocultural, económico e político que provocaron a incrustación ou implantación desta segunda lingua por razóns distintas.

1. No caso basco como consecuencia de asentamentos históricos.
2. No caso catalán como consecuencia ou producto de inmigracións recentes.
3. No caso galego como producto da substitución lingüística do galego polo castelán, nos propios falantes da comunidade, que abandonaron a súa propia lingua por presións de prestixio social, económico e cultural.

A elaboración das políticas lingüísticas por parte dos gobernos destes países revélase complexa e delicada, e condicionada por dous factores:

1. As disposicións estatais, fundamentalmente as constitucionais.
2. A situación sociolingüística da poboación.

Voume referir a este segundo aspecto polo que atinxe á realidade lingüística galega.

2. CARACTERIZACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA GALEGA

As consideracións que imos facer a continuación están determinadas por dous eixes ou puntos de partida:

1. A identificación de cada unha das linguas con respecto ás clases sociais que as empregan habitualmente.
2. A valoración social de cada unha delas como consecuencia dos estratos sociais, socioculturais, económicos ou mesmo políticos que empregan as linguas.

   2.1. A caracterización sociolingüística. Desde unha perspectiva sociolingüística xeral, a situación galega pódese definir como de bilingüísmo social; existen dous sistemas lingüísticos empregados socialmente, mais desde a perspectiva funcional, é dicir, desde a perspectiva das funcións que están atribuídas a cada unha das linguas pasa porque unha delas, o castelán, aínda está vinculada, a funcións de prestixio, ou funcións altas, mentres que a outra, xeralmente, se reserva para as relacións interpersoais maioritariamente en segmen-

tos da poboación rural, ou en estratos sociais medios ou baixos. Mais no bilingüismo social hai que ter en conta que ademais de existiren individuos bilingües tamén hai individuos monolingües galegos e castelánsˢ.

Partindo do termo diglosia[3], nas sociedades bilingües dáse a situación diglósica, cando unha das linguas realiza unhas funcións e a outra outras, de tal xeito que unha delas é considerada alta e outra baixa. Esta consideración, ou diferenciación, está marcada por factores como a posición social, económica ou cultural.

No caso galego a diglosia caracterízase como diglosia de adscrición, porque certos estratos da comunidade posúen unha lingua e outros outra distinta. Como cada unha delas xoga un papel diferente na sociedade, pois as clases dominantes empregan unha e as dominadas outra, as funcións que cada unha delas desempeña son diferentes[4].

Como os estratos inferiores teñen un abano limitado de papeis sociais, mentres que os superiores realizan unha serie máis ampla de funcións, e entre elas, e sobre todo, as que posúen maior prestixio social, a lingua alta serve para todo tipo de funcións e situacións, mentres que a baixa queda relegada para ámbitos familiares e coloquiais, porque ese é o contexto, ou contextos, nos que se moven os que a teñen como lingua propia, como consecuencia disto deriva "o sentimento de que unicamente a lingua alta é axeitada para as funcións superiores, de maneira que os membros dos estratos baixos que desexan acceder a lugares mellor situados na escala social deben adquirir a lingua correspondente"[5].

Como consecuencia da diglosia de adscrición o galego fíxose equivalente de inculto ou rústico pola carencia de poder e prestixio social, mentres que o castelán se fixo lingua do alto poder económico, da cultura, do poder e do prestixio social. Dado o escaso número de inmigrados, fronte a Cataluña por exemplo, e tamén pola escasa distancia lingüística entre castelán e galego, pódese dicir que entre un oitenta ou oitenta e cinco por cento da poboación entende o galego. Agora ben, esta afirmación debe ser matizada, xa que hai que distinguir entre:

a) Comprensión pasiva, intelixencia da lingua.

b) Posibilidades de expresión, nivel de expresión.

2. Rojo, Guillermo. "La situación lingüística en Galicia", en *Revista de Occidente*, Extraordinario II, núms. 10-11. *(El bilingüismo: problemática y realidad)*, Madrid, 1982, páxs. 93-95.

3. Fernández, M. A. *Bilingüismo y planificación lingüística en Galicia*, tese de Licenciatura (inédita), Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago, 1978. E do mesmo autor "Bilin-güismo y diglosia", *Verba*, n.° 5, páxs. 377-391.

4. Vid. para a distinción entre *diglosia de adscrición* e *diglosia funcional* Rojo, G. "Conductas y actitudes lingüísticas en Galicia", *RSEL*, II.2, 1981, páxs. 269-310.

5. Rojo, G. "La situación lingüística en Galicia", *op. cit.*, páx. 95.

Os inquéritos levados a cabo desde 1970, fundamentalmente, en Galicia, mostran o grao de bilingualización que se está levando a cabo na sociedade galega, e neles percíbense dúas forzas actuantes en senso contrario e que deben ser tidas en conta nunha planificación futura:

a) A desgaleguización progresiva de estratos de xentes procedentes do medio rural, fundamentalmente, que abandonan o galego en favor do castelán, polo feito antes enunciado da identificación da lingua castelá como lingua do poder social e como consecuencia de que o acceso a esta lingua leva aparellado o ascenso[6].

b) Regaleguización de sectores da sociedade que antes tiñan o castelán como primeira lingua ou mesmo como lingua única[7].

No primeiro aspecto, pódese detectar facilmente como nas relacións interpersoais familiares os pais falan cos fillos en castelán mentres que entre eles o fan en galego, e así mesmo nesta lingua se dirixen á súa vez ós seus pais, por outra banda os avós falan cos netos en galego. Deste fenómeno xa foi consciente Alonso Montero no seu célebre traballo *Informe dramático sobre la lengua gallega:*

> La aldea hasta hace muy pocos años se regía por un código que nadie violaba. Según este código ningún campesino podia educar a sus hijos en castellano, hecho que sería interpretado por el vecindario como un afán de mostrarse superior. En la sociedad rural sólo los hijos del maestro, del boticario, etc., tenían ese derecho. Pues bien, desde hace unos cuantos años la ley se vulnera una y otra vez, vulneraciones que ya no son objeto de sanción por parte del vecindario campesino. Ello significa que el código de ayer carece de vigencia hoy. En efecto, algunos campesinos ya "educan" a sus hijos en castellano[8].

Esta ruptura do código, exposta por Alonso Montero, está a producir no momento presente outra segunda ruptura, como xa algúns sociolingüistas puxeron de relevo. Un cambio motivado, fundamentalmente pola inclusión de galego no ensino e pola influencia dos medios de comunicación na normalización, e polo tanto no prestixio social que está acadando a lingua[9].

6. Vid. Fernández, M. A. "Mantenimiento y cambio de lengua en Galicia: el ritmo de la desgalleguización en los últimos cincuenta años", en *Verba*, n.° 10, Universidade de Santiago, 1983, páxs. 79-129. Rubal Rodríguez, X. e Rodríguez Neira, M. A. *O galego no ensino público non universitario*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 1987. Rodríguez Neira, M. A. e López Martínez, M. Sol, *O galego na Universidade*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 1988.

7. Rojo, G. "La situación lingüística en Galicia", *op. cit.*, páxs. 102-103.

8. Alonso Montero, X. *Informe dramático sobre la lengua gallega*. Akal, Madrid, 1973, páxs. 38-39.

9. Rojo, G. "La situación lingüística en Galicia", *op. cit.*, páxs. 101-102.

O segundo aspecto é, pois, a regaleguización que se está operando, tanto cualitativa como cuantitativamente. E este cambio de actitude lingüística móstrase nas enquisas realizadas en Galicia sobre o ensino. Dúas enquisas feitas pola empresa I&MO, S.A. en 1987 e 1989, esta última en setembro. A pesar de que a opinión pública galega se atopa dividida nas súas posturas sobre o idioma no que se debe impartir o ensino nos colexios, en dous anos incrementou a porcentaxe dos que son partidarios do proceso de galeguización do ensino, pois mentres en 1987 era un 45%, no ano 1989 xa é un 55%; o incremento é notable. É maior a porcentaxe de persoas sensibles ó galego, pois fronte á enquisa anterior os que propoñen un sistema mixto, galego-castelán, débese entender que nun 50%, incrementou nun 7%.

Todos os segmentos da poboación, por idades, por hábitat, e por estudios, móstranse partidarios dun equilibrio entre as dúas linguas. Mais hai un dato revelador da ruptura do código anteriormente citada, as persoas que non teñen estudios son partidarias de que o ensino en Galicia se faga totalmente en galego, opinión mantida nun 26,2%, o que supón unha porcentaxe elevada.

3. NORMALIZACIÓN DO ENSINO

Dos aspectos contemplados na *Lei de Normalización* galega, o eido onde se centrou unha maioría de esforzos foi o educativo; desde 1979 regúlase, polo Real Decreto de 20 de xullo de 1979, a incorporación do galego ó sistema educativo, aínda que de xeito difuso, e en 1982, polo Decreto 81 de 29 de abril faise a incorporación definitiva para o nivel de Preescolar, Ensinanza Básica e Ensino Medio.

No 1983, e como desenvolvemento para o ensino da *Lei de Normalización lingüística,* promúlgase o Decreto 135/83 no que ademais de regular as situacións das exencións en galego, se establece que "no Preescolar e Ciclo Inicial da Educación Xeral Básica os profesores empregarán como lingua vehicular a materna predominante entre os alumnos, procurando que estes adquiran ademais o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, adaptado ó nivel no que se atopan". Respecto ós demais niveis, deixa nas mans do Consello de Dirección ou Órgano rector o emprego dunha ou outra lingua, aínda que arbitrando un equilibrio entre a utilización das dúas linguas.

En xuño de 1986, unha circular de Dirección Xeral de Política Lingüística determina o emprego do galego no ensino das Ciencias Sociais nos ciclos Medio e Superior de EXB, e dúas materias, alomenos, no Ensino Medio.

Como consecuencia da devandita Resolución da Dirección Xeral creouse unha situación confusa e mesmo se puxo en dúbida a súa vali-

dez. Por iso a Consellería de Educación, seguindo as enquisas que se fixeran en todos os centros de Galicia, dictou a Orde do 31 de agosto de 1987 que foi impugnada polo Goberno central perante o Tribunal Constitucional, por providencia do 13 de xaneiro de 1988. No seu lugar a Consellería, en marzo de 1988 fixo outra lei, diferente e permisiva, sobre a implantación das Ciencias Sociais en Galego na EXB e de dúas materias nas Ensinanzas Medias. Ademais dunha redacción ambigua sobre o uso do galego como lingua vehicular na comunidade educativa, oral e escrita, nas relacións internas e externas dos centros educativos.

A incidencia da Dirección Xeral de Política Lingüística no eido educativo centrouse na reciclaxe do profesorado con cursos de iniciación, perfeccionamento e especialidade, tendo en conta que xa desde o ano 68 figuraba como materia na Facultade de Filoloxía e a partir dos anos 70 coma materia nas Escolas de EXB.

A normalización dos documentos da Comunidade Educativa feitos en 1987 foi un paso importante na normalización do ensino, unido ós libros de texto en galego que se foron facendo sobre as distintas materias educativas. Con iso podemos afirmar que é o nivel máis normalizado do país.

4. OUTROS EIDOS DA NORMALIZACIÓN

Outros eidos nos que se empezou a normalización poden ser enumerados de seguido:

—No mundo administrativo, tanto da administración autonómica como local, a incidencia foi sobre todo na realización de cursos de galego para os funcionarios, e a publicación da documentación administrativa en galego. Convenios cos concellos para a realización de cursos e seminarios, pechan os aspectos fundamentais.

—No eido xudicial, ademais dos cursos que cobren a funcionarios, tamén se levou a cabo desde o ano 1987 a traducción ó galego dos textos fundamentais, empezando polo Código Civil e Penal que foron presentados recentemente no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

—Nos medios de comunicación, ademais da grande repercusión que para a normalización da lingua supuxeron a Televisión e a Radio Autonómicas, subvenciónanse os xornais galegos de acordo coa cantidade, calidade e difusión, do feito en lingua galega.

—No mundo mercantil, laboral, industrial, fixerónse léxicos específicos, publicados recentemente sobre o medio físico, medio agrícola, vocabulario comercial, pesas e medidas, música, espec-

táculos e deportes e carteis para uso mercantil e social. Aspecto este último que incide tanto na planificación do estatus como na planificación do corpus.

—Para a sociedade en xeral, organizáronse cursos para policías, amas de casa, asociacións de veciños, etc.

5. UNHA POLÍTICA LINGÜÍSTICA CARA Ó FUTURO PARA GALICIA

Vista a situación xeral e as accións levadas a cabo ata o momento, cómpre como resumo facerse dúas preguntas:

1. Dado o marco lexislativo que supón a *Lei de Normalización Lingüística* coas deficiencias observadas, ¿cal debe ser o marco planificador ou o programa de planificación para Galicia?
2. ¿Cales son os condicionamentos internos de Galicia, ou de fóra, o estado, que esixen unhas medidas e unhas estratexias específicas?

Se por normalización lingüística entendemos que, a través dunha planificación lingüística eficaz e coherente, unha lingua recupere os usos e funcións que tivo no pasado incorporando aqueles outros que por mor de vicisitudes histórico-culturais se lle foron implementando (por citar un soamente: o mundo da informática), é dicir, que a lingua chegue a ser o medio usual e normal de coñecemento e comunicación dunha sociedade ou comunidade. É preciso estender o marco de contido da Lei de Normalización Lingüística, pois na antedita recuperación é preciso ter en conta ademais das reseñadas na Lei as seguintes funcións:

1. Mundo laboral, comercial, mercantil e publicitario.
2. Uso relixioso e de culto.
3. A saúde pública.
4. Mundo ambiental e recreativo, deportivo, lecer, etc.
5. Relacións interpersoais e familiares.

A estas cinco funcións hai que engadir outros eidos derivados da conformación xurídica e estructural do estado:

6. Orde pública, seguridade e exército.
7. Servicios delegados do poder central: seguridade social, facenda, etc.

É preciso que a Constitución sexa máis explícita na súa formulación actual con respecto á política lingüística que poden levar a cabo as comunidades galega, basca e catalana, o cal pasa necesariamente pola modificación, adaptación, ou se o termo modificación resulta moi forte, polo desenvolvemento, ampliación ou explicitación maior do artigo 3.

Trazar un plan xeral de normalización, un programa de política lingüística coordinado, que partindo dos dous presupostos anteriores non se desconexione, aínda que prime unhas funcións sobre outras. Isto vén a conto, entre outras razóns, porque deseñar un plan parcial para un eido soamente, pode levar a que se convirta nunha illa do plan parcial normalizador e polo tanto cunha efectividade mínima. Isto penso eu que é o que lle pasa ó deseño que recentemente presentaron asociacións pedagóxicas, centrais sindicais, asociacións culturais e mesmo partidos políticos e institucións sobre o modelo de planificación do ensino[10].

Para levar a cabo unhas extratexias que permitan acadar resultados positivos nesta concienciación é preciso ter en conta que na situación actual hai diferentes posicións:

a) Unha parte da poboación que son monolingües (galegos e castelláns).

b) Outros que aínda que bilingües manteñen unha actitude negativa perante a lingua, ou cara ó galego, debido á identificación do castelán coa cultura, a riqueza ou o poder.

c) Hai sectores, finalmente tradicionais que mantiveron unha actitude negativa perante o galego e que están cambiando por unha máis positiva.

Unha planificación que se propoña como obxectivo tanto a curto como a longo prazo o unilingüismo, tanto galego como castelán, parece pouco factible. O que entendemos por recuperación do galego nas funcións necesarias anteditas, para a normalización do país, pasa por unhas etapas de estratexias de bilingüismo que deben ir encamiñadas de feito flexible, gradual e coherente; pero tendo en conta que as medidas que se tomen cara á determinación das etapas de bilingüismo non actúen como reforzo da asimilación lingüística[11].

Cómpre, antes de planificar, facer unha análise pormenorizada:

1. Precisamos cuantificar e delimitar claramente os *dominios* en toda a súa complexidade:

   a) para o conxunto de sociedade

   b) para as diversas zonas xeográficas.

2. Precisamos saber a *proporción efectiva do uso das dúas linguas*, é dicir, canto galego fala unha persoa estándar cada día e canto castelán, establecendo as relacións necesarias entre esa proporción e os dominios.

10. *Modelo de Normalización Lingüística para o Ensino*, Santiago de Compostela, 20 de xuño de 1989.

11. Fernández, M. A. *Bilingüismo y planificación lingüística en Galicia*, op. cit., páx. 164.

3. Para iso precísase, por suposto, construír procedementos válidos de mostra e unidades de medida axeitadas[12].

Unha vez coñecidos estes datos precísanse marcar unhas estratexias para cumprir uns obxectivos cuantitativos, por exemplo, como transformar a proporción existente noutra máis desexable, estratexias que se deben definir como de curto e longo alcance.

Supoñendo que un 70% da poboación é favorable ó uso do galego, sería razoable que nun espacio de tempo determinado se producira un aumento global nunha medida determinada. Supoñendo que unha zona é favorable ó galego no 75% e outra favorable ó castelán na mesma proporción, a planificación sería diferente en ambas zonas, prestando unha especial atención ó factor motivación na segunda.

É preciso que unha comisión técnica pluridisciplinar se encargue deste cometido.

4. Cómpre coñecer con pormenor as actitudes lingüísticas xerais, pois a intensificación da motivación é un recurso fundamental na planificación. Temos datos de actitudes do profesorado, do alumnado, mais fáltanos unha visión moito máis globalizadora.

Precísase, en consecuencia, de investigacións específicas dirixidas cara ó coñecemento das actitudes actuais con respecto ó idioma galego coa distribución xeográfica e social correspondente, e respecto ó coñecemento da medida en que a poboación apoiaría unha política encamiñada a unha restauración como idioma de cultura de amplo uso.

5. Habería que tratar especialmente aqueles factores que poidan contrarrestar a identificación do castelán coa lingua do progreso e que puideran estimular o emprego do galego en eidos tan importantes como as situacións económicas.

6. Un coñecemento dos dominios permitiríanos integrar todo o anterior ó coñecermos as áreas máis débiles en cada zona xeográfica e en cada eido ou sector social. Nalgúns habería que estimular o uso escrito, pois xa é a lingua que se fala no fogar, mais noutros habería que comezar por estimular o emprego no fogar.

7. Os medios de comunicación deben xogar un papel importante e poden actuar moi favorablemente na creación dunha nova imaxe do galego, a través dalgúns dos xéneros habituais e que máis chegan á xente.

8. No que se refire ó eido educativo, o cambio de lingua leva aparellada unha complexidade que non é posible esquecer. Todos os aspectos deben ser coidadosamente valorados e avaliados antes de tomar decisións precipitadas que, despois dun éxito aparente, rematen por crear

12. Vid. Rodríguez Neira, M. A., *op. cit.*, Rubal Rodríguez, X., *op. cit.*; Ruíz Fuentes, R. e Pérez Vilariño, *Vivir en Galicia*, Ed. Felmar, Madrid, 1977.

no pobo galego unha actitude de indiferencia ante a pouca, escasa ou nula funcionalidade práctica da súa lingua, e perante a necesidade de seguir acudindo ó castelán para certos usos. Téñase en conta que o galego ha de chegar a servir para todos os usos, se non quere levar unha vida lánguida [13].

Dadas as actitudes lingüísticas da poboación galega que postula nunha media dun 14% do ensino en galego na súa totalidade, deberase trazar un modelo de escola totalmente en galego xa e de modo experimental e despois avaliar os seus resultados. Agora ben, e quero insistir en algo que dixen repetidamente, o proceso normalizador debe ser conxunto nos obxectivos e estratexias e que aínda priorizando eidos fundamentais como pode ser o do ensino, non debe estar desconectado das outras funcións para non o converter nunha illa perigosa no proceso normalizador.

9. No tocante á administración, todos os servicios deben darse ó público en galego, sen despreciar ou marxinar os dereitos dos castelán falantes que existen en Galicia e que así o soliciten... Mais tamén aquí hai que proceder sen lixeireza, haberá que estudiar a mellor maneira de lograr o cambio sen que este suscite resistencias conflictivas.

10. A complexidade dos temas e da tarefa esixe que a Administración Galega se faga cargo diso, creando os organismos correspondentes e establecendo as vinculacións precisas coas organizacións existentes que poidan suministrar os técnicos debidamente preparados, especialmente coa Universidade: lingüistas, sociólogos, sociolingüistas, psicólogos, que os poidan levar adiante.

Para trazar este plan precísase levar a cabo con urxencia un Mapa Sociolingüístico Galego, que permita unha planificación realista e eficaz unha vez visto o pensamento do país con respecto ó problema lingüístico, as actitudes, a delimitación xeográfica das actitudes, a demográfica e socialmente consideradas, etc.

O mapa desde logo ha ser de suma importancia para a toma de decisións de política lingüística, particularmente sobre zonas desgaleguizadas. Permitirá tamén identificar zonas de contacto entre as linguas, e zonas onde o nivel de galeguización fai a tarefa a realizar cuantitativamente e cualitativamente diferente á que se require en zonas menos galeguizadas. En resumo, terá como premisa fundamental dar as claves á Dirección Xeral de Política Lingüística do que leva feito ata o momento, positiva ou negativamente, e encarar o futuro cun coñecemento exacto e claro de acordo ó deseño das enquisas.

Os aspectos son múltiples: ¿Como seleccionar entre metodoloxías alternativas para a incorporación de novos usuarios á lingua? ¿Como

13. Fernández, M. A. Bilingüismo y planificación... *op. cit.*, páxs. 174-176.

podemos medir niveis de competencia lingüística nos novos usuarios? ¿Que marxe de tolerancia se pode establecer nas desviacións de patróns estándar para usos oficiais? ¿Cales son as estratexias óptimas para intervir en áreas urbanas menos galeguizadas? ¿Como se poden cambiar as actitudes dos que ven no desenvolvemento do galego unha ameaza? ¿Que funcións son máis efectivas de acordo coa idade? ¿Como se pode incrementar o arraigo da lingua en grupos que aprenderon o galego como segunda lingua?

O número de propostas e problemas iniciais é múltiple e complexo, por iso, previo a levar a cabo o mapa, esixe facer un programa de investigación que determine o modelo de enquisa.

En fin, un programa que permita extraer conclusións, prioridades para a execución e desenvolvemento dunha planificación eficaz que vialice unha futura normalización do galego.

Todo o programa planificador terá como finalidade chegar a acadar uns obxectivos que a sociolingüística actual cifra en tres:

1. Potenciar a lingua para que poida satisfacer as necesidades de comunicación dunha sociedade moderna. É dicir, a recuperación dos usos e funcións da lingua en toda a súa extensión, incidindo sobre aqueles que deben ser máis importantes e que polo tanto esixan unha acción prioritaria.

2. Incrementar o número de falantes ou usuarios da mesma e aumentar a competencia lingüística e comunicativa dos usuraios actuais.

3. Expandir o dominio xeográfico do uso do idioma a todas as áreas da comunidade autónoma, atendendo tamén ó galego exterior, é dicir, ó galego da área asturiano-leonesa así como ós emigrantes ou comunidades de emigrantes de Europa e América.

Así mesmo é necesaria unha reestructuración orgánica da Dirección Xeral de Política Lingüística, para que poida levar a adiante un plan normalizador xeral que se podería resumir nos seguintes puntos:

a) Deseñar as competencias de xeito tal que poida incidir sobre a estructura autonómica e local.

b) Dotala dos medios humanos, comisións e persoas que permitan un traballo eficaz.

c) Dotala dos medios económicos e de infraestructura mínimos para levar acabo os seus cometidos ademais dos mencionados na Lei de Normalización Lingüística e doutros anteditos.

d) Crear unha rede de Servicios de Normalización nas sete cidades galegas, en principio, que coordinen a política na demarcación abranguida, estendéndoa con posterioridade ás comarcas ou mancomunidades.

M. T.

Aproximacións a un estudio da vida cotiá da muller labrega na Galicia contemporánea (1868-1930)

Xosé Vicenzo Freire Lestón

Os estudios da vida cotiá constitúen en toda Europa unha das novas correntes historiográficas, a unir a outras como a historia da infancia, a historia da muller, a historia da ancianidade, a historia do traballo e aínda a historia dos animais (do tratamento e estima do que son obxecto nas diferentes culturas).

En España e en Galicia estes estudios están aínda na súa primeira infancia, facéndose xa necesaria a realización de traballos monográficos, tendentes á elaboración posterior de visións xerais de conxunto. A *Historia de la vida privada*[1] coordinada por Philippe Ariés e Georges Duby marcou un fito senlleiro na historiografía francesa, pero son moi poucas as informacións que aporta sobre a Península Ibérica.

Ante o desalentador panorama podemos preguntarnos a que se debe o escaso interese que acadou por parte da historiografía este tema. Coido que son ben aleccionadoras as palabras de Michelle Perrot:

> En el umbral de lo privado, el historiador, como un burgués victoriano, ha vacilado durante mucho tiempo, por pudor, por incompetencia y por respeto al sistema de valores que hacía del hom-

1. Perrot, Michelle. *Historia de la vida privada. De la Revolución Francesa a la Primera Guerra Mundial.* Tomo IV. Taurus, Madrid, 1989. A obra forma parte dunha colección sobre a historia da vida privada, desde a antigüidade ata os tempos máis recentes, de 5 tomos.

> bre público el héroe y el actor de la única historia que merecía la pena contar: la gran historia de los Estados, las economías y las sociedades[2].

A isto cómpre engadir os problemas que causa a investigación da vida privada debido a "... la escasez de trabajos existentes, lo que obliga a hacer síntesis sin análisis y a montar secuencias a partir de calas fragmentarias... Son insuficientes los métodos clásicos de la historia económica y social. Por más que resulta indispensable, la demografía histórica no ofrece más que una tosca armazón. La antropología histórica y la llamada historia de las mentalidades... resultan más estimulantes"[3]. Tamén son interesantes as análises de microhistoria e da socioloxía cultural.

Nestes pequenos apuntamentos imos usar primordialmente fontes literarias (literatura culta e popular —paronímica—) e hemerográficas, aínda sendo conscientes da parcialidade e dos problemas que estas fontes supoñen.

Hai unha necesidade peremptoria no noso país de acometer estudios monográficos de pequenas comunidades rurais ó longo dun período de tempo determinado, como xa se empeza a facer para os tempos máis recentes[4]. Para a realización destes estudios serannos moi útiles: diarios, cartas e documentación privada en xeral, cousa que, desgraciadamente, non é facil de acadar pola escasez deste tipo de fontes, imposibles de localizar para un mundo maioritariamente ágrafo como é o dos labregos galegos do derradeiro tercio do século XIX e do primeiro do século XX.

Vista así a situación, o recurso ás fontes literarias atinxe unha primeira orde; aínda tendo en conta que este xénero artístico rara vez é creado por labregos ou xente de extracción labrega, e en moitos casos, aínda que trate deste mundo, faino trasplantando valores do mundo urbano. Polo tanto, esta fonte debe usarse con moito tento, pois a literatura, a máis de reflexo da realidade existente, actúa tamén como correa de transmisión dunha determinada ideoloxía[5].

O grupo social obxecto deste estudio será o da muller galega labrega no período antes subliñado.

2. Perrot, Michelle. *Op. cit.*, páx. 9.

3. Perrot, Michelle. *Op. cit.*, páx. 12.

4. Véxase a obra de M. Mandianes Castro, *Loureses. Antropoloxía dunha parroquia galega.* Galaxia, Vigo, 1984.

5. Para estas cuestións véxase o artigo "Educación informal e ideología. La literatura como medio de ideologización" de José Antonio Cieza García en *Sociedad, ideología y educación en la España Contemporánea.* I.C.E., Salamanca. 1985. Aporta unha completísima bibliografía.

O NACEMENTO

Implica a reproducción da comunidade rural. A gran liberdade no aspecto sexual no seo da aldea galega chocaba coa mentalidade vilega, moi empapada da idea de pecado no concernente ós partos extramatrimoniais; a pesar desta liberdade de costumes, que ten moito que ver coa peculiar conformación do entorno socio-económico (irmáns solteiros que traballan na casa co vinculeiro, ou mulleres con poucas posibilidades de casar que buscan un fillo que as coide na vellez) a forma usual de reproducción na comunidade aldeá dábase no seo do matrimonio.

Outro aspecto a salientar é o das preferencias dos pais sobre o sexo dos fillos: as preferencias varían segundo a familia, pero en xeral coidamos que na sociedade galega dese período dáse unha marcada preferencia polos varóns, como non sería menos nunha sociedade patriarcal, que segue a ver nas fillas unha fonte de preocupacións ata o intre no que conseguen casalas.

Á hora do parto hai unha chea de supersticións de raigame ancestral: "Para facilitar el parto cuelgan del pecho de la mujer un diente de cerdo, y le hacen beber agua en la que hubiesen cocido un hueso de difunto"[6]. Estas supersticións podían acadar caracteres de adiviñas: "Si una embarazada tiene costumbre de empezar a andar, o sale siempre de casa, con el pie derecho, es indicio de que el ser a quien da vida es varón, y si fuera con el pie izquierdo, entonces habrá de temer que sea hembra"[7].

O día do parto e días posteriores descríbenolos á perfección Ben-Cho-Sey para os anos finais da década dos vinte deste século. En xeral, ata ben entrado o século XX, a presencia do médico non era normal nos partos na aldea galega, a non ser que se complicara moito; e aínda así non sempre, pois o habitual era que a parturiente fora asistida por unha veciña ou unha muller da familia afeita a estas cousas. A postura de dar a luz era póndose de xeonllos no chan, enriba dunha manta, e soplando nunha botella baleira para facer máis forza [8]. Nacida a criatura, "lávase e dáselle un pouquiño de chocolate ou ben dalle de mamar outra muller, entramentras que a nai non pode facelo"[9].

Arredor de corenta días despois do parto faise unha presentación na igrexa, levando a nai unha vela de cera acesa, unha galiña e unha

6. Rodríguez López, Jesús. *Supersticiones de Galicia y preocupaciones vulgares*. Ediciones Celta, Lugo, 1974, pás. 162. Libro feito en torno a 1895.

7. Rodríguez López, Jesús. *Op. cit.*, páx. 162.

8. Ben-Cho-Sey. *Santa Marta de Moreiras*. Edición facsímil. Ediciós do Castro, Sada, 1982, páx. 300.

9. Ben-Cho-Sey. *Op. cit.*, páx. 301.

peza de pan. Cando o neno é fillo de solteira hai moita menos solemnidade e a nai fai a presentación[10]. Con isto queda claro que non é igual a acollida que recibe un neno de lexítimo matrimonio que un fillo de solteira.

A INFANCIA

É este un período moi difícil de delimitar no campo galego; simplificando imos definilo como o espacio de tempo que media entre o nacemento e o intre en que o mozo ou a moza empezan a ir ás festas e a alternar co outro sexo. As fontes adoitan ser moi parcas, especialmente no caso das nenas.

Ata os cinco ou seis meses van en mantillas; a partir de esa idade vístenas (igual que ós nenos) cunha especie de babeiros. Ao chegar ós tres anos xa lles poñen traxes de mulleriñas[11]. As nais teñen unha serie de crenzas, como a de que non se lles pode cortar as uñas antes de romperen a falar, senón quedan mudas.

Non era raro, nos primeiros meses de vida, que quedaran ó coidado dós seus irmáns maiores ou da avoa, e aínda ás veces acompañaban á súa nai á leira, quedando "ao abrigo dunha silveira"[12]. Tamén desde pequeniñas e dependendo da riqueza e hábitos da familia podían ir coas vacas pola corda; nalgúns casos ós 4 ou 5 anos[13]. Cando non tiñan nada que facer "por razón dunha feira, unha misa, ou un traballo calquera que non fixeran falta os rapaces e si os demáis todos, quedábanse soios na casa e entón xogaban, mirándolle os santos a algún libro, ás agachadas, etc. Normalmente estes xogos tiñan lugar no interior da casa e facíanse entre os irmáns (nenos e nenas). As veces xogaban con outros rapaces da aldea; mais nestas pandillas as nenas eran excluidas do mando, polo xeral"[14].

Nunha idade indefinida a rapaza empezaba a ir á escola se os pais o consideraban oportuno, pois aínda que a Lei Moyano postulaba que o primeiro ensino era obrigatorio —dos 6 ós 9 anos—[15], non sempre se

10. Ben-Cho-Sey. *Op. cit.*, páx. 301.

11. Ben-Cho-Sey. *Op. cit.*, páx. 324.

12. Lesta Meis, Xosé. *Abellas de ouro*. Edicións Xerais, Vigo, 1982, páx. 26-27. O limiar de A. Villar Ponte a esta obra é de 1930. Véxase tamén de M. García Barros, *Aventuras de Alberte Quiñoi*. Castrelos, Vigo, 1972. Este segundo libro reflexa as memorias da nenez do autor nas terras da Estrada na derradeira década do século XIX.

13. Fernández Flórez, Wenceslao. "Unha muller" en *A Nosa Terra* (30-v-1918).

14. García Barros, M. *Op. cit.*, páx. 96

15. Referímonos ó artigo 7 da Lei Moyano de 9 de setembro de 1857. Citado por Barreiro Fernández, X. R. *Historia Contemporánea de Galicia*. Tomo III, Ediciones Gamma, A Coruña, 1983, páx. 40.

cumpría. Este ensino nas aldeas podía darse nas escolas completas de rapazas (moi escasas) ou incompletas mixtas, máis usualmente. Cómpre dicir que por Real Orde de 2 de marzo de 1891 se aceptaba a asistencia mixta ás escolas completas que estiveran radicadas en pobos que non tiveran máis obriga que manter unha escola incompleta[16].

Por outra parte, eran moitos aínda os pais que vían na educación das rapazas algo inútil e aínda prexudicial, de aí que as taxas de analfabetismo feminino en Galicia foran moi superiores ás masculinas e tamén ás do seu propio sexo a nivel español. Así en 1860, en Galicia, a taxa de analfabetismo feminino era dun 85'3%, en 1870 dun 86'92%, en 1880 dun 75'40% e en 1885 dun 73'81%[17].

Á hora de teorizar sobre esta altísima porcentaxe de analfabetismo na muller galega hai que pensar en varias causas:

—A dispersión de poboación: o feito de ter que percorrer a miúdo longas distancias ata chegar ó lugar da escola, non sempre era doado para rapazas pequenas, como din as fontes da época[18].

—O traballo infantil: parece-que a maioría dos traballos dos rapaces podían ser feitos polas rapazas, pero non ó revés, xa que os labores da casa estaban reservados ás mulleres. Por outra parte os traballos do campo teñen fases de grande actividade, pero outras máis descansadas, épocas que o rapaz podía aproveitar para ir á escola; non é este o caso para os labores domésticos, que cómpre facelos sempre[19].

Quizás tamén, como di Narciso de Gabriel, podía influír o feito de que o home emigra e vaise enxertar nun mundo no que predomina a cultura escrita.

En resumidas contas, que había unha chea de factores que no derradeiro tercio do século XIX xogaban en contra da educación da muller; e non será ata ben entrado o século XX cando se vexa a necesidade de que se ilustre.

Outro aspecto a subliñar era ¿que coñecementos aprendían as rapazas na escola? A Lei Moyano de 1857 precisaba que o Ensino Primario das rapazas comprendía: doutrina cristiá, lectura, escritura, gramática, aritmética, labores e hixiene doméstica[20]. Non fai falta dicir que estes coñecementos non sempre se impartían, por falta de preparación dos mestres e ás veces, mesmo por oposición dos pais.

16. Gabriel Fernández, Narciso de. *Escolarización y sociedad en Galicia (1875-1900)*. Santiago, 1985, tese doutoral, páx. 387.

17. Gabriel Fernández, Narciso de. *Op. cit.*, páx. 380.

18. Gabriel Fernández, Narciso de. "El acceso de la mujer gallega a la cultura escrita en el s. XIX" en *Bordón* (nº 253, maio-xuño 1984).

19. Gabriel Fernández, Narciso de. "El acceso de la mujer gallega a la cultura..." en *Bordón* (nº 253), páx. 445.

20. Barreiro Fernández, X. R. *Op. cit.*, páx. 41.

Así, o ensino da doutrina cristiá era universalmente aceptado, a lectura tamén, pero con precaucións; mentres que a escritura xeraba moitas reticencias, pois isto podía poñer en perigo o control dos pais sobre os pasos da súa filla, xa que "las mujeres que sabían escribir estaban en condiciones no ya de descifrar los mensajes amorosos, sino también de producirlos"[21]. O ensino da gramática e aritmética era tamén moi a miúdo considerado inútil para a formación das rapazas.

O ensino dos labores, aínda que se consideraba útil, suscitaba a oposición dos pais nalgúns casos, por problemas de índole económica, xa que eran eles os que debían aportar o material necesario para a práctica da costura. Obviado este problema, parece que as mestras adoitaban ensinar ás nenas a coser, calcetar e bordar. Nalgunhas escolas había tamén máquinas de coser[22].

En resumidas contas, podemos dicir sen medo a trabucarnos que, á parte dalgúns rezos e a coser, pouco máis aprendían as nenas galegas no período que estamos a estudiar, nunha escola mediocre e volta de costas á realidade. Por suposto, que ninguén se cuestiona a necesidade de estender o ensino dos labores e hixiene doméstica ó sexo masculino.

A MOCIDADE

Constitúe o intre no que a rapaza empeza a alternar co outro sexo.

Facer, fai o traballo reservado ás mulleres adultas. Por un lado as tarefas da casa, tradicionalmente adscritas á muller e nas que o home tiña unha participación mínima. O refraneiro deixa ben claro que "muller que non sabe cociñar e gata que non sabe ratear, nada val"[23]; por suposto á parte de cociñar, a muller era a encargada da limpeza, que segundo autores como Fernando Fulgosio non era moi habitual, e menos nas aldeas da provincia da Coruña[24]. Neste aspecto hai que deixar claro que o recoller a mesa, despois da parca comida, era cousa das rapazas, como se ve na frase "a recoller, muchachas"[25]. Outros traballos caseiros reservados á muller eran: lavar as tripas do porco no río[26], muxir as vacas, coller a froita das árbores, coidar dos porcos e das pitas, etc.

21. Gabriel Fernández, Narciso de. *Escolarización y sociedad...* páx. 555 e seguintes.

22. Gabriel Fernández, Narciso de. *Escolarización y sociedad...* páx. 558-559.

23. Moreiras Santiso, José. *Os mil e un refráns galegos da muller*. Editorial Celta, Lugo, 1973, páx. 36.

24. Fulgosio, Fernando. "La Coruña" en *Mujeres españolas, portuguesas y americanas*. Tomo II, Madrid, 1872.

25. Potel Pardal, Francisco. *Costumes da terriña*, Santiago, Imprenta del Seminario, 1911, páx. 199.

26. Potel Pardal, Francisco. *Op. cit.*, páx. 19.

Estaban tamén as tarefas "exteriores": ir ó prado segar herba para o gando ou para vendela, axudar a cargar os carros, sachar, sementar, levar o gran ó muíño [27], participar na malla acarrexando os monllos, ir vender á feira (froitas, xamón, touciño, unto)[28], etc. Nas zonas pesqueiras adoitan traballar elas no campo, mentres o home vai ó mar[29].

A máis dos traballos agrícolas existen unha serie de profesións exercidas polas mulleres do agro no seu tempo de lecer, ben escaso por certo.

Temos por un lado, as costureiras, que non adoitaban botar man do sacho e eran as máis enseñoritadas das mozas da aldea. Servían de "verdadeiros boletíns que levan as novas dunhas casas ás outras" e "teñen unha sociabilidade superior á dos seus viciños"[30]. Ían polas casas, en xeral "a mantido" recibindo, a máis do xornal, o almorzo, o xantar e a merenda. Tamén cosían a seco, facéndoo entón na súa casa e cobrando, claro está, un xornal máis alto [31].

Outro oficio no que traballan as mulleres aldeás durante o seu escaso tempo de lecer era o de mazadeiras, fiandeiras e tecelás. As mazadeiras eran mulleres, que ían polos lugares mazando o liño e cobrando en especie polo traballo que facían. As fiandeiras adoitan traballar nas súas casas, ás que se lles leva o liño xa asedado ou a lá cardada. As tecelás traballan tamén na súa casa e no propio tear, recibindo o liño e a lá en cadea, xa urdido, ou en novelos.

Cómpre salientar que cando non teñen moito que tecer, mazar ou fiar, ou ben urxe o traballo da terra, non teñen ningún reparo en botar man do sacho[32].

Outra actividade que servía á comunidade familiar para acadar algúns cartiños era a de leiteiras. Erguíanse coa alborada e despois de muxir as vacas e percorrer as casas veciñas, mercándolles o leite, ían camiño á vila máis próxima para vendelo casa por casa[33].

27. Cuveiro, Claudio. "Pontevedra" en *Mujeres españolas, portuguesas y americanas*, Madrid, 1872, páx. 287.

28. García Barros, Manuel. *Op. cit.*, páx. 120 e seguintes.

29. Risco, Vicente. "Etnografía: Cultura espiritual" en *Historia de Galicia*, coordinada por Ramón Otero Pedrayo, Editorial Nós, Buenos Aires, 1962, páx. 553.

30. Lourenzo, Xaquín. "Etnografía: Cultura material" en *Historia de Galicia*, coordinada por Ramón Otero Pedrayo. Editorial Nós, Buenos Aires, 1962, páx. 580.

31. Lourenzo, Xaquín. "Etnografía: Cultura material" en *op. cit.* de Ramón Otero Pedrayo, páx. 258. O tema das costureiras está ben amosado en Lesta Meis, Xosé: *Op. cit.*, páx. 117-123, e en García Barros, Manuel: *Op. cit.*, páx. 585-586.

32. Lourenzo, Xaquín. "Etnografía: Cultura material" en *Historia de Galicia, o. p.*, páx. 585-586.

33. Lourenzo, Xaquín. *Historia de Galicia, o. p.*, páx. 587.

As rianxeiras son mulleres que levan ás feiras e mercados os froitos dos seus eidos (leitugas, chícharos, cebolas, allos); pois todo é-bo para sacar uns patacóns[34].

Un traballo esgotador é o das lavandeiras, que comeza polo xeral o luns, indo á vila cunha cesta ben grande para ir recollendo a roupa luxada, polas casas. Voltaban logo á aldea e durante a semana ían sometendo as prendas a unha serie de procesos de limpeza, certamente complicados e que deixarían espadoado a calquera. Feito isto, voltaban á vila entregando a roupa nas diferentes casas. Cobrando o seu traballo por cestos ou por prendas, e non sempre con excesiva puntualidade; por outra parte as inevitables perdas de prendas ocasionábanlles non poucas liortas e descontos pecuniarios. Adoitaban así mesmo, surtir ás señoras das herbas do campo para condimentos ou infusións[35].

Á parte destas mulleres, que traballaban máis ou menos nas súas casas, temos outro grupo que debía mudarse á busca de colocación: son as criadas e as seitureiras.

As criadas, que servían no campo en pazos e casas grandes, coidaban do gando e das terras ou ben traballaban na casa. Xantaban e durmían baixo o mesmo teito que os seus amos e adoitaban cobrar a soldada por meses, aínda que en ocasións a señora íalles gardando os cartos ata que houbera unha boa cantidade e poder así mercar unha leira, unha vaca ou cousa semellante[36].

Outras emigraban ás vilas para servir, nun ambiente que non coñecen e nunha situación de explotación dificilmente soportable, con soldos ínfimos e xornada laboral ilimitada, estando expostas, así mesmo a todo tipo de vexacións por parte dos homes da casa, o que frecuentemente as levaba a caer na prostitución[37].

Desprazadas, tamén do seu domicilio habitual, as seitureiras ou xeitureiras eran segadoras que reunidas en grupos de oito a dez persoas e ó mando dunha maiorala ían polas poboacións, contratándose a xornal

34. Lourenzo, Xaquín. "Etnografía: Cultura material" en *op. cit.* de Ramón Otero Pedrayo, páx. 588.

35. Lourenzo, Xaquín. "Etnografía: Cultura material" en *op. cit.* de Ramón Otero Pedrayo, páx. 590-591. Para unha visión moi realista do duro traballo destas mulleres, véxase a obra de Lesta Meis, Xosé, *Abellas de ouro*. Edicións Xerais, Vigo, 1982. Cómpre salientar así mesmo, que na Coruña chegaron a asociarse e protagonizar duras folgas na procura de melloras salariais a principios do século XX e en Santiago por contra cónstanos, á falta de ulteriores investigacións, a súa importante participación no Sindicato Católico de Obreras.

36. Lourenzo, Xaquín. "Etnografía: Cultura material" en *op. cit.* de Ramón Otero Pedrayo, páx. 593.

37. Lourenzo, Xaquín. "Etnografía: Cultura material" en *op. cit.* de Ramón Otero Pedrayo, páx. 594. Para ver a relación da serventa moza co señorito da casa é moi útil botarlle unha ollada a Rodríguez López, Xesús. *A Cruz do Salgueiro*. Imprenta de "El Regional", Lugo, 1899. Principalmente páxs. 46-47.

para apañar os monllos. Non obstante, cómpre salientar que esta non era unha actividade moi ben vista, polo que implicaba de relaxamento da disciplina do fogar[38].

Por último, e sen pretender ser exhaustivos, non debemos esquecernos da actividade migratoria feminina, principalmente orientada a Sudamérica.

Non resulta doado calcular as porcentaxes de migración feminina; así e todo hai que dicir que ó longo de todo o primeiro tercio do século XX observamos protestas contra da diáspora das galegas, desde as dúas beiras do océano, protestas que ás veces parecen darnos a entender que nos atopamos diante dunha "trata de brancas" encuberta.

Carecemos non obstante de estudios concretos e esperamos que as celebracións do chamado Quinto Centenario do desgraciado acontecemento nos traian algún traballo que forneza de luz este aspecto tan pouco coñecido[39].

Tras do traballo viña o divertimento en forma de festa (do patrón, de reis, do entroido, etc.), que se aproveitaban para ir intimando co outro sexo. Na aldea galega testemúñase un rito iniciatorio de emparellamento a través do costume do sorteo, tamén chamado noutros lugares *cédulas*, *estrechos* ou *estreias*[40].

Despois destas foliadas o ardor xuvenil e a inxestión de bebidas alcohólicas levaban a un achegamento tan íntimo, entre as parellas, que non eran estraños os aumentos de poboación uns meses despois[41].

Outro divertimento constituíano as fiadas. Era esta unha velada na que se reunían as mozas para fiar, acudindo tamén persoas maiores para contar contos e mozos para botar unha parrafada coas que fiaban.

38. Lourenzo, Xaquín: "Etnografía: Cultura material" en *op. cit.* de Ramón Otero Pedrayo, páx. 598-599. Esta actividade tamén aparece moi ben tratada en Tenorio, Nicolás. *La aldea gallega,* obra publicada por primeira vez en Cádiz en 1914, e que reproduce fielmente a vida rural da bisbarra do Bolo a primeiros do século XX. Véxanse especialmente as páxs. 245-248.

39. Para seguir a polémica sobre a emigración da muller galega, véxase: "La emigración y la mujer gallega" en *Vida Gallega*, Vigo, decembro de 1909; "Circular" en *Boletín Eclesiástico del Arzobispado de Santiago*, 31 de xullo de 1928, páxs. 227-228; e *Boletín del Patronato Real para la represión de la Trata de Blancas*, Madrid, 31 de outubro de 1908, páx. 2, artigo asinado por Juan Ramón Somoza.

40. Trátase dunha especie de xogo no que se tenta de emparellar un mozo cunha moza ó chou. Isto adoitaba facerse o derradeiro día de decembro ou o primeiro de xaneiro. Para maior información véxase Ben-Cho-Sey. *Op. cit.*, páx. 316; Tenorio, Nicolás: "La aldea gallega" en *Aldeas, aldeanos y labriegos en la Galicia tradicional.* Instituto de Estudios Agrarios, Madrid, 1984, páx. 265-266; e Lourenzo, Xaquín: "Etnografía: Cultura material" en *op. cit.* de Ramón Otero Pedrayo, páx. 555.

41. Marques de Figueroa. *Antonia Fuertes.* Imprenta de M. Tello, Madrid, 1885, páx. 174, ou as obras festivas de Riveiro, Roxelio: *Fungueirazos.* Tip. J. Buzeta, Vilagarcía, 1916, páx. 36-39, e *Cóchegas e moxetes.* Tip. S. Montero, Ponteareas, 1920.

Cada moza levaba a súa roca e fiaba para ela, aínda que ás veces podía facerse para o dono da casa, onde era a fiada. Os fiadeiros adoitaban facerse nas noites dos sábados durante o inverno (desde o día de Todos os Santos ata o martes de entroido). As mozas empezan os preparativos uns días antes; procuran unha cazola, un pandeiro e culleres de pau de buxo, e logo a escote mercan o gas para alumear a festa, pois os candeeiros empréstaos o dono da casa.

Sobre as nove da noite, cada moza colle a roca, o fuso, unha carabela coa lá ou liño e un tallo no que caiban dúas persoas, a moza e o galán, e empeza a foliada. Despois van chegando os mozos e empezan os desafíos con coplas, baile e tamén os contos e historias fantásticas, estas últimas sobre todo por parte da xente maior, que ás veces, poucas, tamén ía polo fiadeiro.

Estas festas, que desde primeiros de século perderan o seu carácter de traballo, mantendo só o aspecto lúdico, foron desaparecendo desde fins dos anos 20, por mor dos "progresos" da urbanización e do uniformismo cultural, que arramplou tamén cos nosos traxes típicos e con outras manifestacións culturais que eran santo e seña da nosa nación.

Por fin, as xerarquías eclesiásticas e as "celosas" autoridades gobernativas podían durmir tranquilas, pois xa non existirían máis aquelas fiadas que, segundo Gil Taboada en 1750 eran motivo para "graves ofensas contra Dios Nuestro Señor". E isto é así por que ó menos, desde primeiros do século XVIII hai constantes admonicións contra as parroquias para que deixen de celebrarse estas reunións de homes e mulleres novos, que para as estreitas mentalidades dos grupos privilexiados do momento eran especialmente perniciosas no moral e perigosas polos altercados de orde pública, que se producían ás veces entre mozos de varias parroquias, á saída destas "verbenas"[42].

No tocante ás relacións mozos-mozas hai que dicir que a moza, mentres non ten compromiso formal de casamento, pode ter a un tempo varios noivos, sen ningún problema entre eles [43], cousa impensable no "pudoroso" mundo urbano.

42. Para facerse unha idea aproximada destas xuntanzas véxase Potel Pardal, Francisco. *Op. cit.*, páx. 145-179; Tenorio, Nicolás. *Op. cit.*, páx. 312; as voces "Fiada" e "Fiadeiro" en *Gran Enciclopedia Galega* (tomo XII) por Antonio Fraguas; do mesmo autor: "Fiestas Populares de Galicia. Fiadeiros", separata de *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 1949; de Martínez González, Manuel. "A fiada" (poesía) en *El Compostelano* de Santiago, 6 de agosto de 1927, páx. 4. Sobre as sancións disciplinarias por parte da autoridade ós participantes nas fiadas, véxanse as obras xa citadas de Antonio Fraguas e unha carta do crego da Peregrina, Ramón Villamestre Otero, ó alcalde de Santiago con data de 9 de novembro de 1900, informado de que axiña se vai celebrar unha fiada na Peregrina e que se tomen as medidas oportunas para impedila (A. Municipal de Santiago. Orden Público... 1884-1905 2).

43. Véxase, Risco, Vicente. *Op. cit.*, páx. 560.

Se pasamos a outros aspectos como o da sexualidade e a valoración da nai solteira, temos que dicir, que non era vista coa hipocresía que caracterizaba ó mundo vilego. Así, non eran raras as relacións sexuais despois das fiadas, foliadas e romaxes; e aínda, o que era o cumio da ousadía "durante o parrafeo mozo-moza... sen despirse, por medo a ser sorprendidos polos pais, pois estaban na casa dela"[44].

O asunto dos métodos anticonceptivos, así como o problema do infanticidio son difíciles de rastrexar nas fontes que usamos; permítasenos simplemente especular co uso do "coitus interruptus" tan común nas sociedades tradicionais; así e todo, e á espera de monografías clarexadoras temos que subliñar que todo isto era máis corrente que o que tenta de darnos a entender Vicente Risco[45].

O ESTADO ADULTO. O CASAMENTO

Nalgunhas bisbarras de Lugo, a fins do século XIX, adoitaba actuar un intermediario no contrato matrimonial: o chufón. En xeral facíase un pedimento de man por parte do interesado ó pai, pedimento no que se incluían negociacións sobre os bens que deberían percibir cada un dos futuros cónxuxes das súas familias[46].

Era norma xeral entre as parellas o casamento relixioso, aínda que se xustificaba o achego: "achegarse pareceulles máis barato que casarse", criticándose os matrimonios desiguais en idade "moza con vello, casamento do demo, vella con mozo tamén peligroso"[47].

Despois da voda e segundo as circunstancias, a nova parella establecíase cunha das familias. O traballo da muller casada non se diferenciaba gran cousa do da solteira, agás no caso de criar fillos e, se cadra, nunha maior responsabilidade en certas tarefas; o seu poder na casa é o de directora: "a muller soio manda na cociña" ou "a muller que goberne a casa e o home a arada"[48].

As actividades de divertimento son cada vez menores, pois a dobre xornada resulta unha tarefa moi sacrificada; e certamente á muller casada estanlle vedadas as foliadas e a diversión nas fiadas; ó menos non é normal a súa asistencia.

As relacións co home varían en función das circunstancias e dos caracteres de ambos, mais non son raros os malos tratos, que eviden-

44. Mariño Ferro, Xosé Ramón. *Autobiografía dun labrego. Estudio novelado de antropoloxía.* Edicións Xerais, Vigo, 1986, páx. 42. O autor ambienta este costume nos anos 20 e 30 deste século.

45. Véxase, Risco, Vicente. *Op. cit.*, páx. 488-489.

46. Véxase este personaxe na obra *O chufón* de Xesús Rodríguez López, Imp. G. Castro, Lugo, 1915.

47. Moreiras Santiso, José. *Op. cit.*, páx. 15-16.

48. Moreiras Santiso, José. *Op. cit.*, páx. 60 e seguintes.

cia o refraneiro popular "a burra e a muller a paus hainas que tanguer"[49], aínda que en xeral este tipo de actitudes adoitaban estar mal vistas.

Dentro das actividades comunitarias das labregas está a participación no movemento societario campesiño, do primeiro tercio do século XX, participación importante nalgúns casos, que necesita estudios máis a fondo[50].

A VELLEZ

A vella vai deixando as rendas da casa nas mans da filla ou da nora e pasa a un segundo plano; mais non por iso deixa de traballar mentres teña folgos, sendo moi respectada e valorada a súa opinión.

Hai outra vellez máis triste e dura, a da vella soa e abandonada, ás veces tida por bruxa.

En resumo, e concluíndo, pretendemos con esta visión impresionista da realidade da muller labrega, encetar un achegamento, que esperamos sexa cada vez máis refinado metodoloxicamente, ó acontecer diario e ás preocupacións cotiás que enchían o mundo vital dese grande grupo de poboación, esquecido secularmente polos historiadores: o sexo feminino do campo galego.

X. V. F. L.

49. Moreiras Santiso, José. *Op. cit.*, páx. 33.

50. Véxase *O agrarismo católico en Galiza* de Alberte Martínez López, Santiago, 1986, tese doutoral, páx. 87; *La Zarpa*, 10 de novembro de 1921, no artigo "La agraria detenida"; ou "Directivas" en *Galicia Agraria* da Coruña, do 4 de xaneiro de 1928, no que se pode ver a participación de dúas mulleres no sindicato agrario de Mogor.

LIBROS

O enterro da galiña de Domitila Rois

● HELENA VILLAR JANEIRO. *O enterro da galiña de Domitila Rois*. Galaxia, Vigo, 1991.

O enterro da galiña de Domitila Rois é o libro de narrativa máis recente de Helena Villar. Contén nove contos que na nosa opinión demostran o cumio da producción literaria desta autora ata agora. Os textos, entre si de diversa temática, non embargantes teñen un aspecto en común que podería definirse fundamentalmente como unha penetración moi profunda na mentalidade do personaxe principal ó tempo que se mantén un aparente afastamento, unha ollada que se sente externa a ese mesmo personaxe. A voz narrativa de moitos destes contos adquire, portanto, unha multidimensionalidade e dotes de análise que testemuñan o coidado artellamento da trama e, máis aínda, unha capacidade para retratar ós actantes que vén da experiencia que ten esta autora galega de manexar o seu idioma con respecto e compromiso cultural.

Sentímonos tentados a afirmar —sen que se queira manifestar que haxa feminismo— que os relatos levan claramente a pegada da súa autoría feminina. Con isto quérese dicir que atopamos neles un verdadeiro desfile de personaxes femininos cunha gamma de rasgos psicolóxicos que só, ou máis a miúdo, son decatados polas mulleres. Ou hai acondicionamentos que só lles dan importancia (e aínda así inconscientemente) as mulleres que os experimentan. De aí a textura das narracións como "O sesenta cumpreanos de Maximiliano Aldán", "¿Como o titulo?", "Unha nova visión de Acacia Holgado", "Carta do meu editor", "Metamorfose" e de maneira sobranceira, "O enterro da galiña de Domitila Rois". Insistimos no feito de que tanto ou máis que os diálogos (ou monólogos) dos personaxes, deixa a súa marca nos lectores a voz que narra as circunstancias, que revela desde esa postura, a cabalo entre simpatizante e obxectiva, o feito que na realidade resulta ser unha gran traxedia, pero que é trivializada polos circundantes, se non é silenciada, sublimada, rexeitada por eles. Adoitan estructurarse os relatos arredor duns sucesos cotiáns que entran no mundo do case-fantástico ó seren presentados na súa verdadeira significación. Do intranscendente ou do ridículo, do fogar ó profesional, hai só un paso, que depende dun facer que nos preguntemos polas causas e polos efectos dunha realidade determinada. Aínda que poidan xogar un papel o grotesco ou a violencia ("O neno do gato"), non son momentos tan logrados como "¿Como o titulo?" ou "Unha nova visión de Acacia Holgado". Quizais sexa porque a autora acada maior sensibilidade nos personaxes femininos, e nestes o grao de revelación desa sensibilidade é aínda maior cando non ten tanta presencia unha figura masculina opresora. "Carta do neno", por exemplo, retrata o rapaz e a nai desde o seu silencio e soidade, é case un negativo dunha fotografía real. A figura do curmán que vén usurpar o lugar do pai é

conxelada pola promesa dunha vinganza futura, totalmente xustificada. O efecto xeral destas nove narracións é o dunha serie de miniaturas ou de viñetas da vida real, literaturizada por unha visión que as sabe valorar.

Nótanse tamén os motivos recorrentes que prestan certa vinculación ós textos. Subliñamos en primeiro lugar os animais e en segundo lugar, as protagonistas escritoras. Unha das características da psicoloxía feminina, segundo certa crítica ecofeminista, é a súa conexión co mundo, coas relacións persoais e coa intrahistoria. Os contos de Helena Villar efectivamente teñen unha base moi forte nas historias que non se escriben, nin se contan, nun saber que non chegou a tomarse como tal por ser da vida cotiá, e como no conto que dá título ó libro, nun "(con)texto" vital que non se sabe se o público o soubo ler cando o protagonista llo expuxo con toda honestidade e sinceridade: o da sexualidade e a soidade da muller. Dun xeito que merecería un futuro estudio, as relacións —tan tenuemente tracexadas— entre mulleres (ou nenos) e animais, suxiren unha afinidade mutua, unha amizade natural e instintiva (que non primitiva), sinxela, que é modelo *implícito* para as relacións entres homes —pais, tíos, maridos, avós— e mulleres, porque na actualidade son relacións que ou non existen ou son degradadas. A ausencia dun tipo de relación e a presencia da outra si fai unha narrativa de certo corte feminista que xamais gasta retórica nin ataques. Fala o modelo de modo moito máis elocuente.

Así, nomes como Domitila Rois, Acacia Holgado e Catarina Varela chegan a representar para nós tipos de muller, tipos de experiencias, de vidas solermiñas, incomprendidas ou desperdiciadas que converten unha pequena trama en concreto nunha con significado máis amplo. Os lectores deben ler con coidado este fato de relatos; só así se abrirá ese mundo do diario facer, do intranscendente que fai dunha vida un éxito ou un fracaso. O escenario é a casa ou unha oficina, o protagonismo pertence a mulleres e nenos na meirande parte dos contos, e desde a súa marxinalidade representan o ser que é obrigado a desenvolver a súa capacidade de observación e resistencia. Resistir, á súa vez, pode significar soñar, esquecer, calar, obedecer, ata tornarse protagonista dunha obra de teatro (como Domitila Rois), pero isto non quere dicir nunca deixarse vencer. O ton sinxelo, natural, dun relato como "Campanario de pombas" asulaga os feitos da guerra civil (xa moitas veces contadas de maneira realista) para enfocar a posguerra lonxana e o novo encontro dos noivos separados por seren de familias de bandas contrarias. O que sacrifica este conto en compromiso político, vaino recuperar no respecto que demostra pola necesidade de amor das persoas anciás. Nestes mecanismos atinguidos por diversos personaxes para non seren borrados da trama, para non seren superados por ela, e na outra perspectiva frecuente, a da colectividade, vemos a mestría de Helena Villar.

KATHLEEN N. MARCH

"Pasarán más de mil años..."

● MIGUEL SUÁREZ ABEL. *Sabor a ti*. Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1991.

Caía o muro de Berlín e os fogares españois conmovíanse coas peripecias de Cristal; agora que desapareceu o sistema soviético e as súas cinsas foron es-

parexidas nunha re-unión de repúblicas (xa non socialistas, xa non soviéticas), os mandos a distancia non dan feito a sintonizar *a novela*.

Pero o debate que os filósofos sitúan en torno á fin da idade moderna (á fin do milenio, tamén) non precisa, en termos xerais, cal é o lugar que a áurea medianía ocupa entre as descorazonadas posicións tardomodernas e as posmodernas optimadas. E para a meirande parte da *inteligenzia*, que acepta a estética *light* como unha innovadora manifestación da inexorable era *cold*, o *zapping* telenovelesco fede, sen máis, a *marujeo*.

Neste estado de cousas, o Premio Xerais de novela do pasado ano deu como finalista *Sabor a ti*, do reincidente Miguel Suárez Abel. Deste modo, a forza dos lectores reacaía —primeiro— sobre unha historia explícita, favorecendo de rechazo todo canto de implícito podía haber nesta trama sinuosa. E quizais por iso, desde o último mes de novembro tense escrito e falado moito arredor do amor e da mediocridade, como se o signo fose capaz de abranguer o significado total que o autor nos oculta. Porque o de Suárez Abel é, ante todo, un exercicio de prestidixitación.

RELOJ, NO MARQUES LAS HORAS...

Na obra, todo o movemento de superficie radica nunha trama amorosa; concretamente na relación de afogo adulterino entre dous conspicuos profesores de instituto. Isto, que podería chegar abondo para encher unha vida baleira calquera, revelaríase coma unha banalidade manifesta se pretendese dar pé a unha novela. Por fortuna, a arte adoita superar a realidade, e o que se di en *Sabor a ti* non queda —non pode, non debe— na paixón clandestina entre Xulio e Piti: só é unha parte técnica, o anzol para seguir o fío que leva ó centro do labirinto.

Sabor a ti é unha loita co tempo. O prazo real da acción é o que os amantes se impoñen para solucionar o conflicto. Nesta marxe, ambos os dous focos de conciencia lembran con *flash backs* alternos os dous cursos escolares previos, á par que van debullando as incidencias do verán. Namentres, unha voz allea gravita sobre a criatura arredada da acción (narración en terceira persoa), remota no tempo (uso do particularmente ficcional pretérito perfecto). Unha conciencia narradora que impregna a ficción e que subxace a ela (alternancia do estilo indirecto libre co monólogo interior).

Na traxectoria da narración, os personaxes tentan escapar ó tempo e, sobre todo, eludir unha adecuación a el. Neste senso, o monólogo interior funciona como un ralentizador para a percepción subxectiva do lector, e así se converte en elemento polivalente dentro da narrativa de Abel: catalizador da incomunicada-inconfesada desesperanza dos protagonistas e factor de conexión coa óptica do lector.

PORQUE VOY A ENLOQUESER...

En primeiro lugar, a lectura de *Sabor a ti* esixe que o observador manteña o pulso perspectivista a que o autor o somete. Xa en *Turbo* se manifestaba a vocación definitiva de Suárez Abel polo monólogo interior en detrimento das logradas ilocucións dialogais que nos escatima (a este respecto, non hai que esquecer a experiencia asimilador-fabuladora monologal de Suárez Abel en canto psicólogo en exercicio). Pero é que, ademais, o empeño pola focalización constitúe a base do discurso: trátase en primeira instancia de xogar coa tolerancia do lector. É na ocultación nacida do prexuízo onde se forman os personaxes de Piti e Xulio, creados como revulsivo dos nosos máis poupados

principios. A aceptación de calquera destas dúas creacións vai contra a natureza da nosa máscara.

Dous personaxes que contradín a súa esencia e de paso a nosa. ¿Cal dos lectores potenciais medios desta novela podería esperar nas primeiras páxinas unha sorte de aproximación con Piti? ¿Cal deles non se sente mal fronte dun Xulio Beade tan achegado a el? Por veces podemos dubidar de se o espírito que move a Suárez Abel a forzar a nosa capacidade de prexuízo e a súa absoluta identificación coa natureza humana cambiante ou pola contra a desidentificación cos valores caducos de artificiosa fachada.

... YO SIN SU AMOR NO SOY NADA

O lector (culto, naturalmente) de *Sabor a ti* queda enganchado nas ruelas dunhas vidas coas que coida compartir o fundamental: parella de corentóns, profesores de ensinanza media, rutinariamente casados e pais de familia... O morbo vén dado polo risco do punitivo: unha relación extramatrimonial apaixonada. Todo o demais é un xogo: a localización en Betanzos (señorial, encintada, contemplativa); a provocadora ambientación cultural entre Los Panchos e Tito Clemente. Todo un despregue, en fin, de densa e empalagosamente doce medianía que se adhire ás tensións subterráneas.

E, subliminal, a acedume de quen observa as violencias do ánimo. A desesperación de dúas persoas que só poden gozar dun amor cifrado na esperanza de redención. Piti libera a súa represión cunha hixiene compulsiva; Xulio adopta o exercicio do cinismo. O seu amor é un rancor: vínganse do seu propio fracaso encarnado na figura do cónxuxe. Pero neles non só late unha tristeza persoal, senón que ambos son o paradigma universal dun tempo que leva ás costas o lastre dun pasado mal dixerido. Mediando entre as dúas ópticas, un tal Xulio Beade decide escribir a novela *Sabor a ti*.

O valor desta peza non é o que conta (unha historia mediocre) nin como o conta (técnica base de monólogo interior), senón o que nos quere contar. Isto é, a nosa propia historia, nin tan paralela ós *culebróns* para envolvérmonos neles, nin tan allea para sentírmonos orgullosos. O resultado é un espello de monstruosos reflexos, tan corrosivos como reais.

SILVIA GASPAR

Os precursores da normalización da lingua galega

● CARME HERMIDA. *Os precursores da normalización. Defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891)*. Xerais, Vigo, 1992.

A maioría dos traballos realizados ata agora sobre a norma lingüística do galego prescinden da revisión histórica do século pasado, esquecendo que xa nesta época os escritores traballaron na procura dunhas regras para a escrita. A idea que se nos foi transmitindo ós estudiosos do galego é a de que os artífices do Rexurdimento (1840-1891) se limitaron á reivindicación e utilización do galego como vehículo de creación poética, despois de séculos de inactividade escrita nesa lingua. Dedicados a estudiar de forma exhaustiva a literatura desta complexa etapa da nosa historia, non se valoraron as illadas contribucións de que se tiña noticia na reivindicación do galego como lingua de uso

normal. Fixéronse análises dos tratados gramaticais e dos diccionarios da época, pero faltaba unha investigación sobre a conciencia lingüística que propiciou o ambiente para a publicación das obras poéticas dos tres grandes vates, así como as actitudes cara á lingua e o seu uso público.

Os precursores da normalización, que leva como subtítulo *Defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento*, da profesora da Universidade de Santiago Carme Hermida, editado por Xerais, é a aportación máis importante ata hoxe referente á situación da lingua galega nos anos que van de 1840 a 1891, tanto no aspecto social como no referente ás actitudes individuais. Este libro é o resultado dun amplo labor de investigación que Carme Hermida presentou como Tese de Doutoramento e nel analízanse as aportacións dos galeguistas e eruditos, aparecidas nos xornais e revistas da época.

No pormenorizado estudio que se leva a cabo neste libro recóllense artigos e textos tanto a favor da reivindicación do uso do galego como as manifestacións en contra de rescatar "un dialecto hablado por gente vulgar y ponerlo a la altura de las demás lenguas cultas". Tal era a opinión que aparecía reflexada en varias publicacións, que tomaban partido en contra da implantación do galego como lingua de cultura, promovida polos galeguistas.

A tarefa primordial que se propoñen os galeguistas do XIX vai ser a modificación da baixa consideración social do galego. Para o que intentan elevar o estatus do idioma mediante a acumulación de argumentos que o prestixien, e así poder reivindicalo como lingua de cultura, apto en calquera ámbito de uso. Carme Hermida clasifica os argumentos expostos polos galeguistas en tres apartados, que ela califica de factores de prestixio, de identificación e de utilidade.

Entre os factores de prestixio, o labor ó que os homes do Rexurdimento dedicaron máis atención foi á búsqueda de datos sobre un pasado glorioso do galego que o redimise da miseria do presente e sérvise de carta de presentación diante das outras linguas de cultura. Durante a época do Rexurdimento aparecen artigos sobre "a nobreza da orixe do galego", "o espléndido pasado da literatura medieval", "o seu parentesco co portugués" e mesmo fan aparecer ó galego como a primeira lingua da Península, "pai do portugués e do castelán".

O falso presuposto de que o galego é o pai do castelán sacárono os galeguistas do século XIX de erróneas deducións sobre a antigüidade do galego, lingua na que poetizaron trobadores de toda a Península. Para Hermida, nun primeiro momento os eruditos do Rexurdimento estarían convencidos da autenticidade da afirmación sobre a paternidade do galego respecto ó castelán, mais, coñecida a súa falsidade, seguen a utilizala "sacrificando a verdade científica en favor dunha causa xusta".

Nos primeiros anos desta etapa, que vai de 1840 a 1891, aínda non estaban divulgados os tres grandes cancioneiros da lírica medieval galega. Os escritores do Rexurdimento cando aludían á literatura desta época referíanse ás *Cantigas de Santa María*, á poesía galega aparecida no *Cancioneiro de Baena* e a dúas pezas de Martín Codax publicadas por J. Vesteiro Torres en 1876. Foi no ano 1986 coa aparición do libro de Antonio de la Iglesia *El idioma Gallego* cando se dá a coñecer un bo número de cantigas de diversos trobadores, que reproduce De la Iglesia nos tomos II e III da súa obra, cantigas que recollera da edición do *Cancioneiro da Vaticana* que publicara Teófilo Braga en Portugal en 1878.

Para os galeguistas, a recuperación do uso do galego entre os castelanfalantes de Galicia estaba en íntima relación cos valores de identificación coa familia e coa terra de orixe. O galego era o idioma ancestral dos seus devanceiros, na maioría dos casos falado aínda polos pais e os avós, e abandonar o galego

significaba romper coas raíces. A necesidade de conectar co pasado individual e colectivo do país foi un dos argumentos empregados nos textos do Rexurdimento, especialmente en Murguía e Saco y Arce. A idea estaba concebida pola crencia de que o idioma funciona como caracterizador dunha conciencia nacional. Cunha maior elaboración, os homes das Irmandades, Viqueira, Villar Ponte, Risco e Otero, insistirán na mesma idea, utilizando o argumento da importancia que tiña a defensa da unidade da raza e do pobo galego fronte ó castelán.

Os elementos afectivos, moi unidos cos factores de identificación, estiveron sempre presentes na reivindicación do galego, para suavizar o desprezo que suscitaba o uso do galego fóra dos ámbitos rurais entre os galegos castelanfalantes.

Como factores de utilidade para animar ós falantes a usar o galego, a autora de *Os Precursores da normalización* inclúe às boas cualidades atribuídas ó galego para a expresión de calquera tipo de sentimento: "lingua dotada de gran flexibilidade", "idioma doce e harmónico". Sen embargo a utilidade segue na esfera da afectividade, para os galeguistas do XIX, que non chegaron a utilizar auténticos argumentos de carácter psicopedagóxico e sociolingüístico na súa reivindicación polo uso da lingua do país nos ámbitos exteriores. Aqueles homes, con mellores intencións que base sociolingüística para enfrontarse co labor de normalizar a lingua, participan da idea, espallada no conxunto da sociedade, de que o galego era un dialecto que non reunía as cualidades necesarias para servir de lingua de cultura. E pretenden sublimala mediante referencias ó glorioso pasado literario e loando as súas boas cualidades comunicativas.

Mais, a pesar dos erros de concepción do que debería ser un proceso de normalización, por outra parte, lóxicos na segunda metade do século XIX, o labor sobre a reivindicación do galego dos homes do Rexurdimento tivo unha grande importancia. E os obxectivos a conseguir nunha primeira etapa ían ben atinados.

Os obxectivos da reivindicación do galego pódense resumir nos seguintes:

a) Evitar a desaparición do idioma ante o considerable desprazamento lingüístico que se estaba a producir naquela época cara ó castelán.

b) Mudar a consideración de incultura que tiña o idioma do país e os seus falantes entre os propios galegos.

c) Perfeccionar o idioma a través do uso literario e baixo as directrices dunha academia da lingua, que debería codificar o galego nunha boa gramática, tal como manifestaron Pintos, Murguía e Curros en varias ocasións.

Do interesante estudio de Carme Hermida podemos concluír, entre outras ideas, que os galeguistas do Rexurdimento supuxeron un avance importante nos proxectos de reivindicación do galego, preparando o camiño para o traballo posterior que van levar a cabo os homes das Irmandades da fala (1916) e o grupo Nós. Os nacionalistas do século XX, partindo dos presupostos dos seus devanceiros traballarán no terreo da normalización do idioma, e farán aportacións concretas para o uso escrito do galego, ó mesmo tempo que sacan adiante unha proposta ampla cara á normalización lingüística de Galicia, tal como aparece no Estatuto Galego de 1936. O libro é, pois, de estudio obrigado para todos aqueles que se interesen pola historia da lingua galega ou que analicen a situación sociolingüística actual de Galicia, pola cantidade de datos e información sobre a conciencia lingüística nesta etapa fundamental do renacer da nosa lingua.

M.ª CAMINO NOIA

O mundo dito en galego

● FERNÁNDEZ SALGADO, BENIGNO. *Os xentilicios e os topónimos do mundo*. Xunta de Galicia, Santiago, 1991.

A planificación do corpus lingüístico do léxico galego experimentou un avance nos últimos dez anos que non encontra comparanza en toda a súa historia. A pesar da ausencia da necesaria perspectiva que proporciona o tempo, coido que se pode afirmar que esta década está a se conformar como absolutamente decisiva nas cuestións de estandarización e actualización dun idioma que conforme procura novos ámbitos de uso reclama asemade obras especializadas que acheguen solucións a problemas léxicos que anteriormente nin se formulaban. E a obra que aquí comentamos aborda por primeira vez de maneira sistemática a cuestión dos topónimos e xentilicios, tanto proporcionando un marco teórico (as normas de adaptación) como ofrecendo solucións concretas.

O autor, un lexicógrafo con gran experiencia (é coautor do *Diccionario castelán-galego* e do *Diccionario escolar*, ambos os dous publicados por Galaxia, así como dun *Vocabulario do medio físico* publicado pola Xunta de Galicia, e mesmo dunha primeira entrega deste traballo: "O mundo dito en galego", publicado en *Educación en Galicia 1* (1988) 23-24, onde se proporcionaba unha relación de topónimos dos países e das capitais de todo o mundo) confesa no prefacio que este libro tivo a súa orixe no seu traballo cotián como asesor lingüístico nun medio de comunicación. O certo é que non hai manual de estilo que non lle dedique un capítulo a estas espiñentas cuestións de adaptación, transliteración e uso correcto de nomes propios de lugar. Estes asuntos debátense hoxe en idiomas sen problemas de normalización, xa que conforme o planeta se vai facendo máis pequeno provocarían unha invasión segura de neoloxismos, por vía do inglés fundamentalmente, que acabarían por violentar o xenio da lingua e empobrecer o patrimonio léxico. E esta é a gran cuestión: un idioma como o noso que porfía por se normalizar, sobre todo en áreas técnicas e especializadas, que se quere abrir ó mundo, non só ten a obriga de conservar o patrimonio herdado, senón tamén de fortalecelo e proxectalo cara ó futuro na procura dun lugar dentro da tan célebre áldea global. Por iso saudamos esta publicación, sen dúbida utilísima, e na que se ve, máis alá da súa dimensión utilitaria, un signo de incuestionable vitalidade do noso idioma.

A disposición editorial desta obra é un pouco complexa, polo que, tendo en conta que non ten un sumario ou táboa de contidos (defecto de edición que comparte con outros libros tamén publicados pola Xunta de Galicia), vou reproducir aquí o esquema:

—Introducción 11
—Xentilicios galegos 23
—Xentilicios 33
—País/Nome do Estado/Xentilicio (con equivalencias en inglés, francés, castelán, alemán) 79
—Ensaio sobre as regras de adaptación de topónimos estranxeiros para o galego. Algunhas propostas 99
—Países e capitais do mundo 107
— As cidades e os países do mundo con equivalencias en castelán, portugués, francés, inglés) 115
—Mapamundi político co nome de todos os países do mundo 141
—Bibliografía 145

A complexidade deste deseño fai un pouco incómoda a consulta: quizais sería máis rendible dispoñer ó principio todo o soporte teórico: por unha parte, a introducción, na que se ofrece un estudio formal sobre os xentilicios, xunto coa exposición dos procedementos neolóxicos que a lingua posúe para enriquecerse e que o planificador lingüístico aproveita á hora de adaptar os xentilicios que chegan de fóra (séguese o modelo proposto por Antón Santamarina en "A documentación dialectal no establecemento dunha lingua administrativa", *Revista de Administración galega 1* (1985), 109-118, o primeiro modelo teórico sobre os procedementos de renovación terminolóxica e o que serviu de punto de partida para os que se fixeron posteriormente). E, finalmente, as propostas para as regras de adaptación de topónimos estranxeiros. Neste sentido, tamén se bota en falta un índice de formas estudiadas, pois facilitaría enormemente a consulta puntual.

O principio xeral que rexe todas as solucións propostas é o de partir do propio galego á hora de adaptar as formas foráneas, sen pasar polo filtro do castelán. Para iso haberá que coñecer ben a forma que cada nome ten no seu idioma orixinario e as adaptacións que sufriu ó pasar a outros idiomas, principalmente os da nosa área lingüística (portugués, castelán, francés, italiano, e tamén do inglés). E, por suposto, a forma que ten na nosa propia tradición (viva, medieval ou do Rexurdimento). De aí que se prefira a forma tradicional galega (*Castela* para *Castilla*, *A Veiga* para *Vegadeo*), que se opte por traducir aquelas palabras do léxico común que forman parte de topónimos alleos (*Illas Baleares*, *Serra Morena*, *Nova York*, *Bos Aires*), e que nos restantes casos se faga unha adaptación simplemente gráfica á ortografía galega (*Boloña* do italiano *Bologna*, *Filadelfia*, *Paraguai*), ou, se cómpre, tamén fonético-morfolóxica (*Nova Celandia* do inglés *New Zeland*, *Tunicia* do árabe *Tunisia*), partindo sempre do topónimo orixinal e non do castelán (de aí *Xirona* do catalán *Girona*, *Bruxes* do holandés *Brugge* polo francés *Bruges*, etc.).

Sen embargo, e paradoxicamente, non parecen tan uniformes as normas que estandarizan os xentilicios galegos. Seguindo as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega, Santiago, 1982), deféndese o uso do mantemento dos xentilicios locais na súa forma dialectal (cítanse como exemplos *meirao*, natural de *Meira*, e *limiao*, natural de *Limia*) e por outra a preferencia nos casos de uso máis difundido polas formas que seguen as regras morfolóxicas do estándar: *ourensán* e *ferrolán* (e non **ouresao* e **ferrolá*, que lle serían máis propias segundo a área dialectal que lles correspondía) (p. 14).

Non se acaba de comprender moi ben cal é o criterio seguido á hora de manter a forma dialectal propia ou á de regularizala segundo as normas morfolóxicas vixentes. Se por unha banda dá a impresión de que seguiu a segunda destas dúas posibles opcións en casos de poboacións cun xentilicio de moita circulación por tratárense de núcleos importantes (citanse dúas das sete cidades galegas), non é desde logo o caso de *aresán, -á*, ó que dialectalmente lle correspondería a solución *aresá, -á*; ou de *muxiá*, *fisterrá*, *ponteareá*, *pontecaldelá*, *redondelá*, etc., femininos propostos para vilas nas que o sufixo -ANAM se resolve en *-án* no léxico común. O problema complícase cando as formas vivas destes xentilicios na súa forma feminina nin sequera presentan esta terminación dialectal, senón *-ana*: é o caso de *muradana* (que ademais designa no léxico común unha prenda de roupa) e de *fisterrana*. O criterio que se seguiu na práctica foi o de respectar a forma dialectal correspondente ó galego central (e así *arnoiao*, *burelao*, *caldelao*, *cortegao*, *courelao*, *dezao*, *lancarao*, *limiao*, *meirao*, *melidao*, *ribeirao* e *sarriao*), con dúas excepcións: *ourensán*, talvez pola razón xa exposta, e *arzuán*, non sabemos por que; sen embargo, as formas dialectais occidentais

que non coinciden coa norma, é dicir, ás femininas, foron regularizadas. En calquera caso, han ser finalmente os usuarios os que ratifiquen unha ou outra escolla.

Quixera apuntar unha cuestión de tipo gráfico con repercusións fonéticas á que non se fai referencia explícita no libro: trátase dos artigos que aparecen cos topónimos. Só se fai unha alusión a isto á hora de adaptar os artigos doutras linguas: *O Cairo* (do árabe *Al-Qahira*), *O Salvador* (do castelán *El Salvador*), *O Hospitalet* (do catalán *L'Hospitalet*), etc. (p. 105). Dá a impresión de que é un calco do costume do castelán de poñelos en maiúscula, ata tal punto que ás veces vemos incluso que non se efectúa a contracción coas preposicións co único fin, imaxino, de preservar a maiúscula do artigo: *veño de A Coruña*, *estiven en O Carballiño*, o que dá lugar a pronuncias insólitas, no canto das normais *da Coruña*, *no Carballiño*. Quizais sería máis conveniente grafar eses artigos con minúscula, tal e como se fai en portugués (*o Porto*), para evitar esa sacralización un pouco desmesurada que se fai do artigo sen contraer; a fin de contas, o propio do nome propio non reside no artigo, senón no nome.

Por último, só hai que lamentar esas erratas que sempre acaban introducindose nos textos, especialmente nos que, coma este, conteñen bastante dificultade tipográfica; nunha próxima edición seguramente non veremos xa ese curioso *esperando tecnolectal* (p. 14), no canto dun obvio *esperanto tecnolectal*, nin *iriniano* (p. 13) por *iraniano*, *linaxe* (p. 15) por *liñaxe*, ou *Rivadumia* (pero *ribadumiense*, p. 29) por Ribadumia. O mesmo se pode dicir dalgún que outro despiste: en **ibicenco* remítese a un *eivisenco* que non aparece no corpus.

En conclusión, é esta unha obra que enche unha necesidade urxente no ámbito da toponimia e que o fai con brillantez e eficacia: por un lado, proporciona unha relación bastante exhaustiva dos principais topónimos e xentilicios do mundo; por outro lado, xustifica teoricamente as adaptacións realizadas seguindo uns criterios coherentes e axeitados á lingua, polo que despexa dúbidas e dificultades para futuras realizacións, que deberán contar a partir de agora con este traballo que se constitúe como achega fundamental neste terreo.

ANA ISABEL BOULLÓN AGRELO

Léxico para unha Administración en Galego

● ANA ISABEL BOULLÓN AGRELO, ERNESTO X. GONZÁLEZ SEOANE, RAMÓN MARIÑO PAZ, FERNANDO R. TATO PLAZA. *Léxico da Administración. Castelán-Galego*. Real Academia Galega/Instituto da Lingua Galega, A Coruña, 1991.

O terreo da administración preséntase *a priori* como un dos máis significativos para o triunfo do idioma, o que leva a concentrar nel moitos dos esforzos, que xa anteriormente deron froitos, como os *Formularios da Administración Educativa de Galicia*, os *Cadernos de Documentación Municipal*, o *Curso de Galego para a Administración*, etc. Constitúen un material valiosísimo que, ou ben fornece modelos de formularios para a administración, ou ben serve como material de apoio para a aprendizaxe e perfeccionamento do galego por parte do funcionariado. Sen embargo, botábase en falta un manual de consul-

ta rápida, para que o persoal da administración, á hora de redactar os seus informes, as cartas, etc. puidese resolver esa pequena dúbida léxica que, pola súa especialización, non recolle a meirande parte dos diccionarios galegos e que sería demasiado latoso consultar no material existente.

Velaí a razón para saudar con agrado a aparición do *Léxico da Administración castelán-galego*, redactado por Boullón Agrelo, González Seoane, Mariño Paz e Tato Plaza, baixo o padroado da RAG e o ILG.

O traballador da administración coñece cales son os termos establecidos para cada significado administrativo no español, pero non se sente seguro —ou descoñece totalmente— os termos fixados no galego. Adaptándose a esta necesidade prioritaria, e co obxectivo de ofrecer un producto ante todo útil, práctico e de rápido manexo, os autores optaron, non por un diccionario galego de termos administrativos —que, sen embargo, non se debe desbotar para o futuro—, senón por un rápido e manexable léxico bilingüe castelán/galego, en que a brevidade non estivese rifada coa precisión terminolóxica.

O volume consta dunhas —aproximadamente— 8.000 entradas en castelán e as correspondentes equivalencias galegas. As entradas non son exclusivamente de carácter administrativo, terreo moi difícil de delimitar, senón tamén de palabras gramaticais e de termos doutros ámbitos cos que se relaciona e dos que se nutre terminoloxicamente.

Dáse información gramatical das palabras castelás en todos os casos, mentres que das correspondentes galegas só naqueles en que difiren da ofrecida para a entrada, é dicir, cando hai máis risco de haber problemas. Así, recálcase a formación de plural das palabras rematadas en -l no singular, o xénero dubidoso dalgunhas palabras ou o modelo de conxugación verbal a que debemos remitirnos (reflectir como ferir). A estas precisións de alternancia vocálica para os verbos que a posúan ou a recordación de que verbos como transcorrer, render, subverter, etc. pertencen á 2.ª conxugación. E dise isto sendo moi consciente de que son erros do máis frecuente, e non só entre o funcionariado. Por outra banda, sería desexable que, para unha próxima edición, se corrixise o xénero de sebe e víspera, palabras feminina e masculina respectivamente, que no léxico aparecen, por ausencia de indicación, co xénero contrario. Do mesmo xeito, e igual que fan con san e santo, podían explicar a distribución de gran e grande.

As correspondencias galegas preséntanse separadas por barras en caso de existir máis de unha acepción. Quizais debido ó gran desexo de brevidade dos autores, bótase en falta un maior número de sinónimos, non tanto nos termos administrativos como nos dun ámbito máis xeral, así como, ás veces, algunha pequena explicación da distribución das acepcións, aínda que isto non sexa obxectivo do *Léxico*. En *Firma* só aparecen as correspondencias sinatura e firma, pero non asinamento; en *Impartir*, impartir e dispensar sen barras, cando os significados son diferentes; *Sendos* unicamente presenta a correspondencia cadanseu; en *Signatura* só aparece sinatura e non signatura (a dos libros, por exemplo); *Término* só aparece termo, que é incorrecto para refererirse a linde...

Tamén existen pequenas discordancias internas, ás veces explicables como simples faltas de coordinación ou despistes:

Irrespetuoso. Irrespetuoso. (Respecto, respectuoso).

Dejación. Desastimento dun pleito. (Preito).

Personarse en autos, facerse parte dos autos, constituírse en parte nos autos. (Autos é un castelanismo por actos ou feitos, xa rexeitado anteriormente en *Día de autos*, día dos feitos).

Noutras ocasións trátase de problemas inherentes á fixación do corpus: ¿É calificar ou cualificar? (a entrada non aparece, pero si hai exemplos desta indecisión: vid. *Tildar* e *Tachar*). Se son válidas as dúas variantes do tipo cinguir-cinxir, ¿por que non se respectan sempre nas correspondencias? Para *Plan* aparecen, entre outras, plan e plano. ¿A escoller? *Tala* presenta a mesma equivalencia en galego, cando é un castelanismo. *Lineal* correspóndense en galego a linear, e non a lineal como aparece no Léxico.

Por último, e xa no terreo ortográfico e fonético, ¿non sería máis clariño escribir ab-rogar e sub-rogar —como propón o *Diccionario de Dúbidas*—, que evitaría pronuncias indesexables? ¿Non se podería engadir unha pequena indicación da pronuncia *ks*, *s* ou *x* para algunhas palabras dubidosas do tipo taxa?

Malia estas pequenas deficiencias, das que ningún diccionario galego se libra, trátase dunha contribución moi importante á normalización, xa que é nos termos administrativos onde o *Léxico* se amosa máis rigoroso e preciso, sendo destacable a gran cantidade de frases feitas que resolve.

ISABEL VAQUERO

TEATRO

Un soño de verán

FICHA ARTÍSTICA

REPARTO: Inma Antonio, Víctor L. Mosqueira, Luma Gómez, Ernesto Chao, Avelino González, Serxio Pazos, Miro Magariños, Marcos Orsi, Pepe Soto, María Xosé Bouzas, Evaristo Calvo, Diego Varela, Sabela Gago, Santi Prego, Raúl Varo, Mara Sánchez, Nuria Sanz, Mercedes Castro, Rosa Álvarez, Anxela R. Lamas, Belén Constenla, Miguel Pernas. BAILARINAS: Conchi Nieto, Romina Guerra, Sara Alonso, Dolores Seijas, Isabel Cebares, María A. Raso, Montse Sánchez, Natalia Pérez.

ESCENOGRAFÍA, VESTIARIO, ATREZZO: Paco Conesa. DESEÑO DE ILUMINACIÓN: Eduardo Alonso. COREOGRAFÍA: Johám Carlos Zahera. COMPOSICIÓN MUSICAL: Fernando Alonso. EFECTOS DE MAXIA: Mago Antón. ADAPTACIÓN: Manuel Guede, Eduardo Alonso. DIRECCIÓN: Eduardo Alonso. PRODUCCIÓN: Centro Dramático Galego. IGAEN.

Estrea: 15 de Maio de 1992. Teatro Principal de Ourense.

"Está ben, pero non é a obra de Shakespeare". A frase, expresada dunha maneira ou doutra ó remate das funcións de *Un soño de verán*, resume ben a reacción dunha parte do público ante a recente e exitosa producción do Centro Dramático Galego e, ó mesmo tempo, ponnos perante dunha debatida cuestión —a relación entre literatura e espectáculo— sobre a que certos sectores do público e os directores de escena manteñen posicións non sempre coincidentes. Hai un segmento do público que o que quere ver sobre o escenario é "a obra de Shakespeare", é dicir, unha traducción galega fiel ó orixinal, interpretada por bos actores e ben adubiada por certa opulencia indumentaria e escenográfica. Polo contrario, para dramaturxistas e directores o concepto de espectáculo sobarda amplamente o marco estricto da literatura dramática e compónse de moitos elementos, non subsidiarios do texto e conformadores dunha nova "escrita", a da representación, que se converte no único referente posible para a análise dun espectáculo. Esta liña, que ten as súas orixes no teatro antiliterario de Artaud, acadou certo estatuto "científico" a través dos intentos de teorizar unha "arte do espectáculo" e da aplicación dos achádegos da semiótica ó teatro. A súa ascendencia centroeuropea nunca acabou por casar ben cunha tradición española moi distinta, na que sempre tivo máis importancia o autor que o director de escena, concepto este bastante recente nas nosas carteleiras. En España —e, a moitos efectos a tradición teatral galega é, sen máis, a española, ou sexa, a madrileña— o frecuente ata hai moi pouco

tempo era que fose o propio autor o encargado de poñer en escena as súas obras. E cando andaba polo medio un director, que nin sequera podía soñar con gozar do prestixio artístico que aureolaba ó autor, limitábase a seguir as indicacións feitas polo creador do texto, sometendo incluso os ensaios á súa supervisión. Non existía, en fin, "dramaturxia", ese concepto importado das escenas francesa e alemana que permitiu a conversión en artista do director de escena, facultándoo para manexar os textos ó seu antollo, sempre en aras do concepto superior, último e autónomo do espectáculo.

Para o teatro galego, estas cuestións non son novidosas. Para o público, si. E prodúcese algún que outro paradoxo: é o público máis culto e con maior educación literaria o que interroga e se inquieta ante a posibilidade de que un director incruste nun texto de Shakespeare un personaxe de Lewis Carroll ou ante unha traducción galega xulgada como excesivamente licenciosa en relación co texto orixinal. Reaccións desta índole poden avaliarse como un froito das escasas vivencias teatrais da sociedade galega e non tanto como mero conservadorismo. Se a inmensa maioría dos espectadores non asistiron nunca a unha representación de *A midsummer night's dream*, parece comprensible que unha parte deles reclamen unha representación máis "canónica" que a ofrecida polo CDG. E que, consecuentemente, establezan certa suspicaz distancia cara a fórmulas escénicas e dramatúrxicas que, aceptadas sen conflicto cando se aplican a un autor menor, doméstico ou pouco coñecido, desacougan cando o afectado é un "gran texto", un "clásico", un "Shakespeare".

Outros segmentos do público, maioritarios, non se coidan deses asuntos e simplemente gozan dun espectáculo divertido e ben producido que superou a barreira dos 20.000 espectadores. O éxito co que se viu saldada a montaxe de *Un soño de verán* non elimina, sen embargo, o dilema co que o teatro institucional galego convive desde a súa creación, oscilando entre unha oferta teatral tendencialmente popular, dirixida cara a sectores sociais amplos, e entre esoutras propostas que, non sen algún envaramento, adoitan ser definidas como máis "rigorosas".

UN MODO DE FACER

Un soño de verán vén novamente asinada por Eduardo Alonso (dramaturxista e director) e Manuel Guede (autor da adaptación lingüística), un dúo que nos seus traballos para o CDG parece terse especializado na versión de comedias clásicas adaptadas ó gusto popular. Eles foron os creadores de *O enfermo imaxinario* (Molière) e de *As alegres casadas* (Shakespeare) e con ambas obras conseguiron sonados e rotundos éxitos.

Con *Un soño de verán* regresaron as mesmas entusiasmadas ovacións a teatro cheo que Alonso e Guede lograron coas súas anteriores versións galegas de Molière e Shakespeare. A fórmula vai sendo ben coñecida: unha moi sólida construcción dramática apoiada por unha versión do texto orixinal rica e enxebrizante, que fai as delicias dun público afeito ó galego da TVG e dos cursos de iniciación e semi-esquecido das amenas texturas do noso idioma. Nesas coordenadas móvense uns actores que atopan en cada un dos espectáculos de Eduardo Alonso e Manuel Guede unha ocasión pintiparada para se resarcir de tantas funcións grises e despoboadas e que non dubidan en facer dos seus personaxes simpáticas e desmesuradas máscaras ávidas de riso e comunicación. A cousa complétase coa aportación do escenógrafo Paco Conesa, un habitual das montaxes de Alonso e Guede, que fornece ós espectáculos dunha suxerente orientación visual.

Un soño de verán leva ó paroxismo este modo de facer. Alonso modifica a fábula orixinal, introducindo á Alicia de Lewis Carroll na trama da noite de San Xoán shakespeareana, co que, se ben complica o tecido do enredo, tamén consegue unha maior implicación do espectador no que acontece sobre o escenario. Un escenario, por certo, convertido nun vello teatro que non consegue que deixemos de sentir añoranza dunha maior presencia da natureza viva e enfeitizada que a tradición consagrou como tópica nas representacións de *A midsummer night's dream*. Alonso decidiu neste punto substituír unha maxia —a do bosque aluarado— por outra —a do teatro abandonado— na que Alicia vai penetrar levando consigo a todos os espectadores. O que vén a continuación vai ser o soño de verán de Alicia, tanto como o soño dun público identificado coa nena capaz de atravesar o espello. Desde ese momento ata o sorprendente e emotivo final ("¡regresade todos, que volva outra vez este fermosos soño de verán"!), o escenario vese ocupado por unha comedia de enredos amorosos dirixida cun ritmo impecable, milimetricamente delineada e enriquecida polo talento plástico de Paco Conesa.

A LINGUA

As obxeccións a *Un soño de verán* derivan da aplicación sistemática e indiscriminada a calquera texto clásico da exitosa fórmula teatral argallada por Guede e Alonso. A pregunta é se debe recibir o mesmo tratamento unha comedia eminentemente popular, como *As alegres casadas* e unha comedia cortesana e mitolóxica como *Un soño de verán*. Non son poucos os espectadores de *Un soño de verán* que, recoñecendo a riqueza lingüística do texto amañado por Manuel Guede, observan tamén nel unha certa inflación de coloquialismos, expresións malsoantes e vulgarismos. O grave, sen embargo, non son os "caralludo" nin os "conainiñas", tan superfluos, ou o telecinquista "Chingapur", senón o feito de que todos os personaxes sen excepción, desde os duques de Atenas e os deuses da fraga ata os cómicos analfabetos e os criados utilicen idénticos rexistros lingüísticos. Oberon e Titania, reis das fadas e os trasnos, "cisman manganchas" do mesmo modo que o fan Xustiño Canicouva, Nico Canivelas ou a meiga Chamorra. A innegable forza expresiva do idioma guediano, brillantemente posta a proba en *O enfermo imaxinario* e, sobre todo, en *As alegres casadas*, perde aquí o seu difícil equilibrio entre o culto e o popular e escórase perigosamente cara ó demótico e cara á aplicación en serie de receitas léxicas que acaban por converterse en "gags", á marxe de quen as use e das circunstancias en que se utilizan. Todo o cal non impide que en *Un soño de verán* se dean momentos de axeitada conxunción entre a lingua empregada e o espírito do texto orixinal, momentos capaces de recordarnos que o que estamos presenciando é a escenificación de *A midsummer night's dream* e non calquera outra cousa.

O labor dos trinta actores e actrices que interveñen na obra loce a boa altura, aínda que o ton xeral se resinta do carácter quizais excesivamente farsesco da montaxe. Os mellores cadros son, loxicamente, os que se axustan máis lexitimamente a ese ton. Por exemplo, o composto polos cómicos de ocasión, cuns inspirados Avelino González, Ernesto Chao e Marcos Orsi. Ou as magníficas escenas protagonizadas por Diego Varela (Toribio) e Rosa Álvarez (Noitebra, raíña das meigas). Luma Gómez (Xas) cumpre ben como conductora de toda a trama e logra facerse co corazón do espectador. Entre as interpretacións máis contidas e logradas están as de Evaristo Calvo (Romeo) e Inma A. Souto (Alicia). O nivel decae nos personaxes con menos posi-

bilidades para o grotesco. Se cadra, bótase de menos en conxunto unha dirección actoral máis aquilatada e personalizada, o que probablemente ten que ver co método de dirección de Eduardo Alonso e a súa tendencia a deixar que sexan os propios actores os que constrúan os seus personaxes a partir dunhas sumarias indicacións psico-sociais.

Como queda dito, *Un soño de verán* conseguiu unha magnífica acollida por parte do público galego. Estamos, sen dúbida, ante un espectáculo importante e minuciosamente traballado que consolida unha certa maneira de facer a Shakespeare desde Galicia. Sen embargo, *Un soño de verán* apunta tamén o perigo do popularismo formulario e da farsa desleixada. O feito de que o frasco que contén os elixires máxicos de Xas e Oberon se abra e se peche mediante o moderno sistema do tapón de rosca debería tomarse como unha inquietante advertencia.

DAMIÁN VILLALAÍN

A ciencia na edición en lingua inglesa: 1991

Retomamos, unha vez máis, o noso anual paseo bibliográfico polas novidades aparecidas en lingua inglesa, que teñen como referente á ciencia, xa na súa vertente experimental, xa teórica, histórica ou mesmo sociolóxica, notando o cambio de paso que se deu en comparación cos anos anteriores. Se no número 109 desta revista, ó revisar o ano 1990, falabamos do sostemento da producción editorial no eido da física, temos de constatar hoxe un devalo significativo.

Ausentes do mercado novidades tan excitantes como as asinadas noutrora por Hawking, Traweek, Penrose ou Hatcher, pasou o ano sen máis alegrías que as dispensadas pola astrofísica. Unha delas é o libro *The Big Bang never happened* (Times Book), de Erik J. Lerner, onde o autor tenta refutar o paradigma actual á par que fornece datos e razoamentos a prol dunha cosmoloxía baseada no plasma, proposta hai anos polo Nobel Hannes Halfvén e que el contribuíu a dèsenvolver. Outras obras salientables son *The Astronomer's Universe* (Norton), de Herbert Friedman óu *Chandra: A biography of S. Chandrasekhar* (Univ. of Chicago Press), de Kameshwar C. Wali, unha biografía do famoso astrofísico, lembrado, entre outros traballos, polo establecemento do límite de masa dunha estrela para poder colapsar como xigante branca.

Outro eido que ve minguada a súa producción é o da tecnoloxía, onde se botan en falla reflexións profundas sobre as implicacións económicas e sociais da expansión tecnolóxica e dos movementos estratéxicos das empresas líderes. A súa presencia editorial ficou reducida á faciana histórica, con obras como *Markets and Manufacture in Early Modern Industrial Europe* (Routledge), editada por Maxine Berg, e *The Making of an Industrial Society: Whickham 1560-1765* (Clarendon Press), de David Levine e Keith Wrightson. Unha mención a parte merece a obra do sociólogo Harry M. Collins *Artificial Experts: Social Knowledge and Intelligents Machines* (MIT Press); consiste, nin máis nin menos, que no último estudio sobre a comunidade de científicos que se dedican á investigación en intelixencia artificial.

A ecoloxía, sen embargo, continuou presente no ano 1991 coa mesma forza, reflexo ineludible do seu dramático interese. O fenómeno galopante do aquecemento global foi tratado en *Global Warming* (Lutterworth), de Stephen H. Schneidèr; un dos seus efectos máis importantes, a subida do nivel das augas, foi abordado en *The Rising Seas* (Paperback), de Martin Ince, e Barry Commoner deu unha visión integradora no seu libro *Making Peace with the Planet* (Gollancz). O tema da enerxía nuclear, presente cada ano, foi tratado desta vez pola experta pluma de Bernard L. Cohen en *The Nuclear Energy Option: An alternative for the 90* (Plenum-New York). Asemade, dúas gozosas novidades que tocaron temas tan necesarios como normalmente esquecidos:

Green Political Thought: An introduction (Unwin Hyman), de Andrew Dobson, repaso e actualización da ideoloxía verde, e *The Ecology of the Ancient Greek World* (Duckworth), fabuloso exercicio do que poderiamos chamar arqueoecoloxía, asinado por Robert Sallares e que resultou ser unha das perlas editoriais de 1991.

Dentro da avalancha de obras que nos últimos anos teñen á muller, en corpo, alma e atributos, como obxecto de estudio, merece subliñarse unha serie delas de indubidable atractivo. Así, por exemplo, *Simians, Cyborgs, and Women* (Free Association), de Donna Haraway, quen xa nos deleitara no ano 1990 co seu libro *Primate Visions*, unha aproximación ós conceptos de raza e sexo na ciencia moderna. A Haraway ofrécenos desta vez unha antoloxía de dez traballos seus, anteriormente publicados; a metade deles tratan sobre investigacións en monos, a outra metade son matinacións teóricas sobre o feminismo.

Nancy L. Paxton incide no punto de vista evolucionista con *George Eliot and Herbert Spencer: Feminism, evolutionism, and the reconstruction of gender* (Princeton U.P.), por outra banda, Jo B. Margadant aborda un caso concreto do traballo feminino en *Madame le Professeur: Women educators in the Third Republic* (Princeton U.P.), quedando a faciana médica ben representada no libro de Angus McLaren *A History of Contraception: From antiquity to the present day* (Blackwell).

Temas que agromaron con pulo neste período foron o da xenética molecular e mais o do dereito animal. No primeiro caso temos de referenciar *The Comparative Methods in Evolutionary Biology* (Oxford U.P.), de Paul H. Harvey e Mark D. Pagel e *Synergetics, Computers, and Cognition* (Springer-Verlag), de H. Haken, de contido eminentemente técnico. Pola banda da aproximación histórica, Stephen F. Mason atreveuse cunha abordaxe global en *Chemical Evolution* (Clarendon Press), mentres que Jerry E. Bishop e Michael Waldholz recollen a historia do intento de mapear o acerbo xenético humano en *Genome* (Simon & Schuster). A faceta da historia interna neste eido estivo representada polo volume colectivo *The Expansion of American Biology* (Rudgers U.P.), e mais *A History of Experimental Virology* (Springer-Verlag), de Alfred Grafe.

Polo que respecta ó tema do mundo animal e a súa controvertida relación co ser humano, tema renacido e de moda nos últimos tres anos, é salientable a aparición de varias obras que o abordan desde distintos puntos de vista. *The Boundaries of Humanity: Humans, animals, and machines* (Univ. of California Press), volume colectivo, achéganos a unha visión global de relacións e significados no mundo actual; Keith Tester aborda directamente o dereito animal en *Animals and Society* (Routledge), e Marthe Kiley-Worthington enfoca o aspecto exhibicionista no seu libro *Animals in Circuses and Zoos* (Paperback). Mención á parte merece a obra de Michael Leahy *Against Liberation* (Routledge), onde se ofrece unha posición alternativa a partir da revisión da literatura existente sobre as nosas relacións cos animais; un bo traballo, aínda que incompleto, segundo os críticos.

A historia e socioloxía da ciencia asistiu a un renacer da polémica, por unha banda; pola outra, ó afianzamento da historia social á hora de tratar as diferentes disciplinas científicas. Así, *The Rethoric of Science* (Harvard U.P.), de Allan G. Gross, profesor de Lingua Inglesa na Universidade de Indiana, cuestiona o propio estatus de verdade da ciencia. Gross, xunta ós sociólogos radicais, sustenta a opinión de que o coñecemento científico non é senón o resultado dun consenso dentro da comunidade de practicantes, ó que se chega a través dese exercicio dé retórica que vén sendo o artigo científico. Unha visión máis ampla do papel e do significado da ciencia na cultura occidental dánola Richard Olson no tomo segundo da súa obra *Science Deified and Science*

Defied. Vol. II. (Univ. of California Press), que abrangue desde os comezos da ciencia moderna ata o Romantismo.

A teimosa búsqueda do ser humano tras da explicación final, a síntese derradeira, é admirablemente tratada en *Theories of Everything* (Clarendon Press), de John J. Barrow; unha búsqueda na que toma parte importante o deseño do experimento. Precisamente sobre a faceta experimental da ciencia temos de notar a publicación dunha serie de obras con distinto punto de partida. *The Dinamics of Progress* (Univ. of Georgia Press), de Samuel L. Macey, onde o autor se centra nos métodos e medidas do tempo; *Henry More: Magic, religions, end experiment* (Blackwell), do prolífico A. Rupert Hall, unha obra que ben se pode complementar con *Michael Faraday: Sandemanian and Scientists* (Macmillan), de Geoffrey Cantor, que nos ofrece un estudio das relacións entre a ciencia e a relixión no século XIX. Por outra banda, *Methods and Problems in Greek Science* (Cambridge U.P.), de Geoffrey E.R. Lloyd, remítenos a un tema tan difícil como querido na historia da ciencia. Este último volume non é de fasquía novidosa, senón que se trata dunha colección de ensaios escritos hai trinta anos ós que o profesor Lloyd lle engadiu unhas valiosas introduccións; nelas avalía o impacto de cada ensaio en posteriores liñas de investigación, ó mesmo tempo que nos ilustra do estado actual de cada asunto á luz dos últimos progresos.

Por último, na historia das ciencias bio-médicas temos de agradecer un ano de novidades ben substanciosas. Pola banda da recuperación de textos, merece subliñarse a traducción ó inglés dos dous primeiros libros da obra de Galeno Sobre o Método Terapéutico, *On the Therapeutic Method. Books One and Two.* (Clarendon Press). Desta vez a traducción corre a cargo de R.J. Hankinson, quen aporta unha aproximación máis filosófica que médica á obra de Galeno de Pérgamo. Así mesmo, a recuperación dun clásico da psiquiatría, *The English Malady, or A Treatise of Nervous Diseases of All Kinds*, de George Cheyne, inicialmente publicada no ano 1733 e hoxe editada por Roy Porter (Routledge).

John K. Crellin e Jane Philpott publican, na outra ribeira do Atlántico, *Herbal Medicine, Past and Present* (Duke Univ. Press), en dous volumes; un historiador da medicina e unha botánica para abordar un tema vello dun xeito anovador. Pola banda das biografías, salientamos o libro de Richard B. Fischer *Edward Jenner, 1749-1823* (Deutsch), sobre o famoso descubridor e aplicador da vacina.

Botamos o pecho á nosa revisión da edición en lingua inglesa de 1991 con dous libros que tamén refiren á historia da medicina. *The Medical History of Waters and Spas* (The Wellcome Institute for the History of Medicine), unha escolma de ensaios editada polo activo Roy Porter; e *The English Spa 1560-1815. A social history* (Athlone), de Phyllis Hembry. Ambas obras achéganos ó devir da hidroloxía médica, un achegamento onde a historia das ideas, as crenzas populares, a historia da hixiene pública e da profesionalización médica conviven para nos dar unha visión case completa do fenómeno sanitario das augas.

GUSTAVO A. GARRIDO

ÍNDICE DE COLABORADORES

JOSÉ ANTONIO FERNÁNDEZ MORENO. Vigo, 1952. Licenciado en Filosofía pola Universidade de Santiago de Compostela e catedrático desa mesma disciplina no Instituto de Bacharelato de Gondomar.

XOSÉ VICENZO FREIRE LESTÓN. Abelleira (Muros), 1963. Licenciado en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela. Na actualidade realiza a súa tese doutoral sobre *Muller e sociedade na Galicia contemporánea (1868-1939)*.

XOÁN GONZÁLEZ-MILLÁN. O Grove, 1951. Profesor de Literaturas Hispánicas no Hunter College e no Graduate Center da City University of New York onde dirixe a Cátedra de Estudios Galegos. Desde 1991 é presidente da Asociación Internacional de Estudios Galegos. Publicou recentemente *Álvaro Cunqueiro. Os artificios da fabulación; Silencio, parodia e subversión. Cinco ensaios sobre narrativa galega contemporánea* e *Álvaro Cunqueiro e Merlín e familia*.

ENRIQUE LYNCH. Bos Aires, 1948. Licenciado en Filosofía polas universidades de Bos Aires e Autónoma de Barcelona. Editor de ensaio e pensamento moderno nas editoriais Gedisa e Muchnik. Colaborador habitual en diversas publicacións *(Camp de l'Arpa, El País, Cuadernos del Norte...)*. Membro do Col.legi de Filosofía de Barcelona. Ten publicados os libros *Hobbes* e *La Lección de Sheherezade*.

HERNÁN NEIRA. Lima (Perú), 1960. Ensaísta e escritor de nacionalidade chilena. Doutor en Filosofía pola Universidade de París VIII. Investigador asociado ó grupo de Socioloxía da Literatura da École des Hautes Études en Sciences Sociales de París. En 1991 foi finalista do Premio Juan Rulfo.

XOSÉ M. NÚÑEZ SEIXAS. Ourense, 1966. Licenciado en Historia Contemporánea pola Universidade de Santiago de Compostela. É actualmente doutorando no Instituto Universitario Europeo de Florencia, onde ocupa o posto de Research Assistant e remata a súa tese de Doutoramento sobre o Congreso de Nacionalidades Europeas (1925-1938). Autor de varios ar-

tigos sobre galeguismo na emigración e nacionalismos en Europa. Ten no prelo o libro *O galeguismo en América (1879-1936)*.

MANUEL TABOADA. Verín, 1946. Catedrático de Filoloxía Española na Universidade de Santiago de Compostela. Nos anos 1986-87 foi Director Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. Autor de numerosos artigos da súa especialidade, publicou en 1978 a súa tese doutoral *El habla del Valle de Verín*. É membro do Patronato do Museo do Pobo Galego.

00115
9 770017 418006